# Memoria de actividades

## do Fondo Galego de Garantía Agraria

FOGGA








# 2006

XUNTA DE GALICIA

# Memoria de actividades

## do Fondo Galego de Garantía Agraria








# 2006

XUNTA DE GALICIA

2006

Memoria de actividades

edita:
FOGGA

deseño e maquetación:
ANDAINA PUBLICIDADE

DL: PO 678-2007

# presentación



A través da presente Memoria presentamos, un ano máis, os resultados da xestión efectuada polo Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) durante o ano 2006, nas dúas facetas que integran a súa actividade: organismo autónomo da Consellaría do Medio Rural encargado da aplicación en Galicia das axudas directas e as restantes medidas de prezos e mercados da Política Agraria Común; e organismo pagador dos fondos europeos agrarios nesta Comunidade Autónoma.

Como novidades ou acontecementos máis relevantes en 2006, hai que salientar en primeiro lugar as actuacións levadas a cabo polo FOGGA para a aplicación no noso país do réxime do pagamento único, previsto na reforma da Política Agraria Común (PAC) de 2003. Dadas as características do sector agrario galego, este proceso tivo unha grande complexidade pero logrou culminarse cun notábel éxito, tanto no que respecta ao cumprimento dos prazos como ao volume de dereitos de axuda que se consolidou para os nosos produtores. As tarefas incluiron principalmente: a asignación definitiva dos dereitos de pagamento único, os pagos da axuda única por explotación correspondentes a 2006, os controis sobre a condicionalidade para velar polo cumprimento dos requisitos legais de xestión e as boas práticas agrarias e medioambientais, e os pagos adicionais aos produtores incluídos na aplicación da modulación do ano anterior. Ademais diso, a Memoria resume as actuacións en producións agrícolas e gandeiras realizadas para a aplicación en Galiza das medidas previstas nas distintas organizacións comúns de mercado da PAC.

Outras actuacións a resaltar durante o ano 2006 foron as relativas ao proceso de simplificación que se efectuou coa posta en marcha dunha aplicación web para a presentación das solicitudes da PAC a través do Rexistro Telemático da Xunta de Galicia, operativo para a PAC-2007; e os traballos de desenvolvemento e actualización do Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC), sistema que, polo uso que se fai do visor en internet e polas demandas de información recibidas no organismo, está consolidando unha utilidade social que excede do ámbito da xestión das axudas da PAC.

Noutro ámbito, hai que mencionar as actuacións efectuadas polo organismo como consecuencia da aplicación do Decreto 155/2006, do 7 de setembro, polo que se establece o réxime do organismo pagador dos fondos europeos agrarios en Galicia. Con isto culminou o proceso preparatorio, levado a cabo nos dous últimos anos, para que o FOGGA se constitúa a partir do exercicio 2007 como o organismo pagador en Galicia dos novos fondos agrarios europeos, FEAGA e FEADER, fondos que sustitúen, conforme ao Regulamento (CE) 1290/2005, do Consello, do 21 de xuño de 2005, ao anterior FEOGA (coas súas seccións FEOGA-Garantía e FEOGA-Orientación).

Como cada ano, a Memoria precisa tamén os medios e procedementos que serviron de apoio á xestión, referentes ao recursos humanos e réxime interior, á xestión económica e contratación, á auditoría interna do organismo pagador, ao asesoramento e á coordinación financeira entre todas as unidades implicadas para garantir a regularidade e correcta execución e contabilización dos pagamentos FEOGA-Garantía e FEAGA.

Inclúese un apartado específico sobre a evolución das transferencias da PAC ao sector agrario galego e a súa comparativa con outros organismos pagadores. O que, xunto aos cadros e gráficos dos anexos que reflicten a evolución dos pagamentos do FEOGA-G por sectores no periodo 1997-2006, conforman unha información moi interesante en materia de pagamentos comunitarios, de utilidade tanto para os especialistas como para o conxunto da cidadanía.

A presente Memoria constitúe unha boa ferramenta de consulta e información sobre as medidas de aplicación da PAC en Galiza. Con ela queremos contribuir ao que constitúe unha constante da Consellaría do Medio Rural como é a transparencia e información á cidadanía sobre o contido e resultado das políticas aplicadas.

**Edelmiro López Iglesias**
*Director do Fondo Galego de Garantía Agraria*

# indice



1) O ORGANISMO

1.1.Denominación e natureza
1.2.Estrutura e funcións
1.3.Organigrama do Fogga
1.4.Recursos humanos e réxime interior
1.5.A evolución das transferencias da PAC ao sector agrario galego

2) PAGAMENTO ÚNICO POR EXPLOTACIÓN E OUTRAS MEDIDAS HORIZONTAIS DA PAC

2.1.Marco comunitario do réxime.
2.1.1.Principios xerais da reforma de 2003
2.1.2.O modelo español da reforma
2.1.3.Características e elemento básicos do réxime de pagamento único por explotación.
2.1.4.Modulación
2.1.5.Condicionalidade
2.2.Normas aplicables e actuación na campaña 2006.
2.2.1.Asignación de dereitos de pagamento único.
2.2.2.Beneficiarios e requisitos no réxime de pagamento único.
2.2.3.Importe das axudas
2.3.Resultados da xestión.
2.3.1.Asignación de dereitos de pagamento único.
2.3.2.Axuda do réxime de pagamento único.
2.3.3.Modulación.
2.3.4.Condicionalidade.
2.3.4.1. Competencias e actuacións.
2.3.4.2. Selección da mostra e controis de campo.
2.3.4.3. Divulgación.

3) ACTUACIÓNS EN PRODUCIÓNS AGRÍCOLAS

3.1.Cereais e outros cultivos herbáceos.
3.1.1.Marco comunitario de apoio ao sector
3.1.2.Resumo das normas aplicables na Campaña 2006-2007.
3.1.3.Resultados da xestión
3.1.3.1. Pagos ligados por superficies e declaración de superficies forraxeiras.
3.1.3.2. Axuda á utilización de almidón e fécula
3.2.Forraxes desecadas.
3.2.1.Marco comunitario para o apoio ao mercado
3.2.2.Resumo da xestión
3.3.Aceite de oliva.
3.3.1.Marco comunitario de apoio ao mercado
3.4.Viños e alcois.
3.4.1.Marco comunitario de apoio ao mercado
3.4.2.Resultados da xestión
3.5.Hortofrutícola.
3.5.1.Marco comunitario de apoio ao mercado.
3.5.2.Resultados da xestión

4) ACTUACIÓNS EN PRODUCCIÓNS GANDEIRAS

4.1.Carne de vacún
4.1.1.Marco comunitario de apoio ao sector
4.1.2.Resumo das normas aplicables
4.1.2.1.Axudas ligadas á produción
4.1.2.2.Novos pagamentos adicionais no sector do gando vacún de carne
(art. 69 do Regulamento 1782/2003)

4.1.3.Resultados da xestión de axudas ao sector de carne de vacún
4.1.3.1.Vacas nutrices
4.1.3.2.Prima especial de bovino macho
4.1.3.3.Prima por sacrificio de bovinos
4.1.3.4.Pagamento adicional aos produtores que manteñan vacas nutrices (art. 69 Regulamento 1782/2003)
4.1.3.5.Pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade (art. 69 Regulamento 1782/2003)
4.2.Ovino-cabrún
4.2.1.Marco comunitario de apoio ao sector
4.2.2.Resumo das normas aplicables na campaña 2006
4.2.3.Resultados da xestión das axudas
4.3.Leite e produtos lácteos
4.3.1.Marco comunitario para o sector
4.3.2.Resumo das normas aplicables no 2006
4.3.2.1.Taxa suplementaria no sector lácteo
4.3.2.2.Prima láctea e pagos adicionais
4.3.2.3.Pagos adicionais do sector lácteo
4.3.2.4.Axuda á utilización de leite e derivados nos centros escolares
4.3.3.Resultados da xestión.
4.3.3.1.Taxa suplementaria no sector lácteo
4.3.3.2. Prima láctea e pagos adicionais
4.3.3.3. Pagos adicionais do sector lácteo (Art. 69 Regulamento 1782/2003)
4.3.3.4. Axudas á utilización de leite nos centros escolares
4.3.3.5. Intervención de produtos lácteos

5) XESTIÓN DO SISTEMA DE INFORMACIÓN XEOGRÁFICA DE PARCELAS AGRÍCOLAS

5.1.Obxecto do SIXPAC
5.2. Xestión no ano 2006

6) XESTIÓN ECONÓMICA

6.1.Xestión do orzamento
6.2.Xestión axudas FEOGA-Garantía
6.3.Execución e contabilización de pagamentos

7) COORDINACIÓN FINANCEIRA E DE PROCEDEMENTOS

7.1.Relacións co FEGA
7.2.Relacións coa Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro
7.3.Relacións coa Intervención Delegada da Consellería do Medio Rural
7.4.Relacións coas Subdireccións Xerais Xestoras
7.5.Relacións coas entidades financeiras colaboradoras
7.6.Coordinación coa auditoría das contas FEOGA-Garantía
7.7.Investigacións e visitas de control

8) ACTIVIDADES DE APOIO

8.1.Contratación administrativa
8.2.Asesoramento e apoio administrativo
8.3.Actividades de formación
8.4.Coordinación informática

9) NORMATIVA

9.1.Elaboración de disposicións

9.2.Convenios de colaboración

10) AUDITORÍA INTERNA

10.1.Competencias
10.2.Programa de actuacións

11) ANEXOS

11.1.Evolución dos pagamentos segundo exercicios FEOGA
Período do 16/10/1996 ao 15/10/2006.
11.2.Evolución dos pagamentos segundo anos naturais.
Período do 01/01/1997 ao 31/12/2006.

12) ÍNDICE DE CADROS E GRÁFICOS

12.1.Índice de cadros
12.2.Índice de gráficos

# O Organismo

Memoria de actividades

2006

# O Organismo

## 1.1.Denominación e Natureza

O organismo foi creado pola Lei 7/1994, do 29 de decembro (DOG nº 4, do 5/01/1995), coa denominación de Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia (ILGGA), como organismo autónomo de carácter comercial e financeiro, con personalidade xurídica e patrimonio de seu, posuíndo plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

A disposición adicional Quinta da Lei 7/2002, do 27 de decembro (DOG nº 251, do 30/12/02) establece que o Instituto Lácteo e Gandeiro de Galicia pasa a denominarse Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA).

En canto á adscrición do FOGGA, o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, dispón, en concordancia co previsto no Decreto 232/2005, do 11 de agosto, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia, a adscrición do organismo autónomo á Consellería do Medio Rural.

## 1.2.Estrutura e Funcións

Entre as distintas normas que regulan as funcións encomendadas ao organismo, ten que facerse referencia á xa citada Lei 7/1994, así como ao Decreto 128/1996, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a dita lei. Ademais, o Decreto 359/1996, do 13 de setembro, modificado polo Decreto 93/1998, do 20 de marzo, constitúe ao FOGGA na Comunidade Autónoma de Galicia, como organismo pagador dos gastos que leva consigo a execución da Política Agraria Común (PAC) con cargo ao FEOGA-Garantía.

O Regulamento (CE) 1290/2005, do Consello, do 21 de xuño, sobre o financiamento da PAC substituíu o FEOGA por dous fondos europeos agrícolas de garantía (FEAGA) e de desenvolvemento rural (FEADER), establecendo para ambos os dous o sistema de organismos pagadores. Así, a partir do 16 de outubro de 2006,-exercicio FEAGA 2007- é aplicable o Decreto 155/2006, do 7 de setembro, polo que se establece o réxime do organismo pagador dos fondos europeos agrarios en Galicia, que constitúe ao FOGGA como o organismo pagador en Galicia dos gastos financiados polo Feaga e polo Feader.

No exercicio das súas competencias, o FOGGA desenvolveu ao longo do ano 2006 as accións necesarias para a aplicación da PAC, tanto no que atinxe ás distintas organizacións comúns de mercados (leite e produtos lácteos, carne de vacún, ovino-cabrún, cultivos herbáceos, viño e cereais), como no tocante ás medidas de acompañamento con cargo ao FEOGA-Garantía (cesamento anticipado na actividade agraria, indemnizacións compensatorias, medidas agroambientais e silvicultura).

As ditas actuacións realizáronse, ben directamente polo propio organismo ou ben a través doutros centros directivos da Consellería do Medio Rural que teñen asignada a competencia para a xestión de axudas FEOGA-Garantía no que atinxe á función de autorización: a Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria, respecto da apicultura e restruturación do viñedo; a Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias, respecto do cesamento anticipado, medidas agroambientais e indemnización compensatoria; e a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, respecto da medida de acompañamento de forestación de terras agrarias). Respecto delas, a partir do exercicio 2007, as dúas primeiras pasan a ser financiadas polo Feaga e o resto polo Feader.

A estrutura administrativa do organismo, baixo a dependencia directa do seu director, vén establecida no artigo 13 do Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria.

## 1.3.Organigrama do Fogga

Cadro 1.1.
ORGANIGRAMA DO FOGGA



## 1.4.Recursos Humanos e Réxime Interior

En materia de xestión de recursos humanos e réxime interior as tarefas desenvolvidas polo FOGGA ao longo do ano 2006 foron as ordinarias nas seguintes materias:

· **Habilitación:** xestión dos gastos de persoal -nóminas e seguridade social- así como dos gastos correntes en bens e servizos;

· **Xestión de persoal:** tramitación de todas as actuacións e incidencias producidas ao longo do ano en relación coa xestión do persoal funcionario e laboral dependente do organismo, tanto de servizos centrais como provinciais; e

· **Xestión do réxime interior**, respecto do persoal pertencente aos servizos centrais do organismo. Inclúense, con carácter xeral, as seguintes:

a) a xestión orzamentaria dos capítulos I (persoal) e II (gastos correntes e de servizos), coa xestión de 108 pagamentos por un importe de 3.635.411,3€ no primeiro caso (2.993.724,81€, de retribucións de persoal, e 641.686,49 €, para os custos da Seguridade Social, Muface e outros), e de 1.148 expedientes de adquisición de bens correntes e de servizos, no segundo;

b) a tramitación das altas, baixas e modificacións na Seguridade Social (375);

c) a tramitación dos partes de variación da nómina do persoal (258);

d) a elaboración das tomas de posesión, cesamentos, readscripcións e trienios do persoal do organismo (210);

e) a tramitación das solicitudes de comisións de servicios e cobertura temporal de vacantes (77);

f) a emisión de todas as certificacións relativas ao persoal, incluídas as dos concursos, cursos de formación, fondo de acción social e de haberes (349);

g) o control horario diario e mensual (508 partes), xunto coa tramitación das tarxetas identificativas do persoal e a súa actualización (26);

h) a tramitación dos permisos, vacacións e licencias (122);

i) o control e saída do rexistro administrativo nos servizos centrais (3.505 entradas e 5.331 saídas); etc.

O 31 de decembro de 2006, o organismo tiña un total de 108 empregados públicos, dos que 92 (85,2%) son funcionarios (75 de carreira e 17 interinos) e 16 ostentan a condición de persoal laboral.

Deste total, cabe salientar que nos Servizos Centrais se atopan 33 (30,5%) mentres que 75 (69,5%) prestan os seus servizos nos catro Servizos Provinciais do Fogga. Nos cadros seguintes sinálase a distribución dos efectivos, tanto de persoal funcionario como laboral, a variación dos efectivos reais, e a variación dos postos de traballo producidos:

**Cadro 1.2.**

**PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL POR DESTINOS**

| Destino | Persoal Funcionario | | | | Persoal Laboral | | | | Total Persoal FOGGA | % sobre total persoal FOGGA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | De carreira | Interino | Total | % | Fixo | Temporal | Total | % | | |
| SS. CC. | 25 | 6 | 31 | 93,9 | 2 | 0 | 0 | 6,1 | 33 | 30,5 |
| SS. PP. | 50 | 11 | 61 | 81,3 | 14 | 0 | 14 | 18,6 | 75 | 69,5 |
| Total | 75 | 17 | 92 | 85,2 | 16 | 0 | 16 | 14,8 | 108 | 100 |

Cadro 1.3.

## VARIACIÓN DE EFECTIVOS

| Destino | Persoal funcionario | | | Persoal laboral | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 31-12-05 | 31-12-06 | Variación | 31-12-05 | 31-12-06 | Variación |
| SS. CC. | 27 | 31 | 4 | 2 | 2 | 0 |
| SS. PP. | 55 | 61 | 6 | 16 | 14 | -2 |
| Total | 82 | 92 | 10 | 18 | 16 | -2 |

Cadro 1.4.

## VARIACIÓN DE DOTACIÓN DOS POSTOS DA RPT DO FOGGA

| Destino | Postos funcionarios | | | Postos laborais | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 31-12-05 | 31-12-06 | Variación | 31-12-05 | 31-12-06 | Variación |
| SS. CC. | 34 | 34 | 0 | 1 | 1 | 0 |
| SS. PP. | 69 | 69 | 0 | 8 | 8 | 0 |
| Total | 103 | 103 | 0 | 9 | 9 | 0 |

Ademais, durante o ano 2006, este organismo realizou contratacións de persoal laboral temporal baixo a modalidade de acumulación de tarefas e ao amparo do previsto no IV Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. As ditas contratacións foron realizadas coa finalidade de dar cobertura ás distintas necesidades xurdidas ao longo do ano 2006 dentro do organismo , tales como:

-Dar apoio ás Oficinas Agrarias Comarcais da Consellaría do Medio Rural das catro provincias (A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra) na tramitación das solicitudes de axudas da PAC que supuxo a contratación de 36 Auxiliares Administrativos por un período de 2 meses, sendo que as contratacións realizadas para dar apoio ás oficinas de Viana do Bolo, Silleda e Becerreá foron prorrogadas por distintos períodos.

-Colaborar nas tarefas de asignación definitiva aos agricultores dos dereitos de pagamento único o que supuxo a contratación de 7 enxeñeiros técnicos agrícolas, 2 para cada un dos Servizos Provinciais de Lugo e Ourense e 3 para o Servizo Provincial de Pontevedra, así como dun auxiliar administrativo para o Servizo Provincial da Coruña.

-Realizar no Laboratorio de Sanidade e Produción Animal de Galicia as análises de manteiga necesarias para determinar a súa compra e intervención, para o que foi contratado un Auxiliar de Laboratorio por un período de 6 meses.

-Realizar as tarefas relativas á xestión da taxa láctea asumidas pola Comunidade Autónoma de Galicia desde o 1 de abril de 2006 en virtude do Real Decreto 754/2005, de 24 de xuño, para o que foron contratados por un período de 6 meses un enxeñeiro técnico agrícola, un veterinario e un licenciado en ciencias económicas.

O anterior implicou a realización de 52 contratacións temporais por acumulación de tarefas cuxa tramitación implicou en todos os casos a autorización conxunta da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación

das Políticas Públicas e da Dirección Xeral de Orzamentos, así como a posterior solicitude deste organismo á Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de persoal laboral temporal seleccionado segundo o sistema establecido legalmente para o efecto, finalizando coa correspondente formalización dos contratos. A realización das ditas contratacións supuxo un gasto de 299.113,31 euros (226.113,31 euros en retribucións e 72.695,49 euros en seguridade social).

Por outra banda, como consecuencia da finalización das obras de acondicionamento do arquivo do Fogga nos servizos centrais, realizouse o correspondente traslado da documentación e iniciouse a organización dos expedientes de acordo cos criterios indicados polo Servizo de Arquivo da Dirección Xeral do Patrimonio.

Finalmente, e tendo en conta os cambios organizativos introducidos polo Decreto 212/2006, do 16 de novembro, polo que se modifica o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellaría do Medio Rural e do Fondo Galego de Garantía Agraria, realizáronse tarefas de estudo e tramitación da modificación da Relación de Postos de Traballo do organismo co fin de adapta-la organización administrativa do organismo ao previsto no Regulamento (CE) 1290/2005, do Consello, do 21 de xuño sobre o financiamento da política agrícola común e as súas disposicións de aplicación, no Decreto 155/2006, do 7 de setembro, en virtude do cal o Fogga asume as funcións de organismo pagador dos fondos europeos agrarios e no Real Decreto 754/2005, do 24 de xuño, polo que se regula o réxime da taxa láctea.

## 1.5. A Evolución das Transferencias da PAC ao Sector Agrario Galego

A PAC ten evolucionado nos últimos anos. Mantendo os seus obxectivos proclamados (conseguir un sector agrario competitivo, de ofrecer ao consumidor alimentos sans e de calidade, garantir un nivel de vida axeitado aos agricultores e conservar o medio natural), diminuiron as medidas relacionadas co apoio aos mercados agrarios, incrementaron as axudas directas aos agricultores e, finalmente, desligáronse as axudas da produción agraria e condicionándoas ao respecto de requisitos legais de xestión e ao mantemento das boas condicións agrarias e medioambientais.

Na estrutura administrativa española, a aplicación das medidas e a xestión dos recursos económicos derivados da Política Agraria Común (PAC) lévase a cabo conforme á distribución de competencias entre a Administración Xeral do Estado e as Comunidades Autónomas, por esta razón as transferencias correspondentes ao sector primario galego, en función da natureza do gasto, poden realizarse a través do Organismo Pagador ou a través de Organismos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación como o Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) e o Fondo de Regulación e Organización do Mercado dos Produtos de Pesca e dos Cultivos Mariños (FROM) no sector pesqueiro.

No cadro 1-5 resúmese a evolución dos pagos totais dos organismos pagadores de España no período 2002 a 2006, ordenados por importes pagados no ano natural 2006, e no que o FOGGA, organismo pagador de Galicia, ocupa o lugar número 7 cuns pagos de máis de 210,1 millóns de euros o que supón un 3, 39 % dos pagos totais de España. É necesario indicar que determinados pagos correspondentes ao sector agrario galego non están rexionalizados e os efectúa directamente o FEGA, como son os relativos ás restitucións a exportación de produtos ou compensacións por depreciación de existencias.

Pódese observar un incremento constante dos pagos totais en Galicia tanto en valor absoluto, pasando de 130,4 millóns de euros en 2002 a 210,2 millóns de euros en 2006, o que supón un incremento de máis dun 61 %, como en porcentaxe sobre o total de pagos de España que evolucionou dun 1,99 % en 2002 ao 3,39 % en 2006.

A evolución destes pagos, por sectores, reflíctese no cadro 1-6 para o conxunto de España e para Galicia no mesmo período 2002-2006.

En xeral, a realización dun pago dun sector a finais dun ano ou a principios doutro pode dar lugar a variacións de importes totais pagados en cada un dos anos que non reflicte outra cousa que o adianto ou o atraso da transferencia correspondente.

É necesario ter en conta que no ano 2006, coa implantación do réxime de pagamento único intégranse nesta axuda, no caso de Galicia, o 90 % da prima láctea, o 75 % das axudas a cultivos herbáceos, o 50 % das primas de ovino cabrún, o 60 % da prima por sacrificio de bovinos adultos e o 93 % da prima especial de vacún. Tamén no ano 2006 inclúense pagos das primas de vacún solicitadas en 2005.

Pode salientarse, no conxunto de España:

- A tendencia á diminución dos pagos totais.
- O incremento dos pagos no sector de viños e alcois.
- O incremento dos pagos, a partir de 2004, no sector lácteo.
- O incremento dos pagos no desenvolvemento rural.

No correspondente a Galicia obsérvase:

-Un incremento dos pagos no sector do leite e produtos lácteos como consecuencia da introdución da prima láctea en 2004, con incrementos crecentes en 2005 e 2006, aínda que neste ano integrouse nun 90 % no pagamento único.

-Unha diminución, a partir de 2005, dos pagos no sector do aceite de oliva, pola supresión da axuda á utilización de aceite de oliva na fabricación de conservas de peixe.

-Un incremento dos pagos no sector da carne de vacún por un maior importe das primas por sacrificio e prima especial de bovino macho.

Nos cadros 1-7 a 1-12 resúmese a evolución dos pagos, nos anos 2002 a 2006, e para as Comunidades Autónomas de Galicia, Andalucía, Asturias, Castilla-La Mancha, Castilla y León, Extremadura, o FEGA e o resto dos Organismos Pagadores e o total de España, para os sectores do leite e produtos lácteos, carne de vacún, carne de ovino e cabrún, cultivos herbáceos, viños e alcois e desenvolvemento rural.

No sector do leite e produtos lácteos, cadro 1-7 aínda que os pagos en 2006 diminúen polo feito da integración do 90 % das axudas no réxime de pagamento único, e pola diminución dos gastos de almacenamento público e restitucións á exportación a porcentaxe de Galicia no total dos pagos incrementouse do 0,42 % ao 55,24 %.

No sector da carne de vacún, cadro 1-8, existe un incremento continuado dos pagos en Galicia, agás no ano 2006, como consecuencia dos incrementos da prima especial de bovino macho e sacrificio e diminución das vacas nutrices primadas. Evolución similar teñen os pagos en Asturias, mentres que en Extremadura existe un incremento en valor absoluto en tódolos anos. A evolución da porcentaxe de pagos de cada Comunidade Autónoma sobre o total de España vese influenciado pola diminución de pagos do FEGA no relativo a restitucións á exportación.

No sector de carne de ovino-cabrún, cadro 1-9, a porcentaxe dos pagos de Galicia en relación con España varía do 1,18 % en 2002 ao 0,69 % en 2005, sendo en 2006 do 1,05 %. Existe unha diminución continuada do importe total de pagos anuais en Galicia e en case todas as Comunidades Autónomas pola diminución dos censos de ovino-cabrún. O menor importe pagado en 2006 é debido á integración do 50 % dos pagos no pagamento único por explotación.

Tamén no sector de cultivos herbáceos, cadro 1-10, as porcentaxes dos pagos de Galicia en relación con España varían do 1,63 en 2002 ao 0,99 % en 2005, sendo do 1,28 en 2006.

Esta axuda integrouse nun 75 % no pagamento único en 2006, polo que os pagos feitos neste ano co-

rresponden ao 25 % dos importes que se manteñen ligados á produción das solicitudes 2006 e a parte de solicitudes 2005 pagadas en 2006.

No sector de viños e alcois, cadro 1-11 os pagos en Galicia varían entre o 0,90 % en 2006 e o 1,34 % en 2005, e corresponden, en 2006, nunha porcentaxe superior ao 96 % a accións de reestruturación e reconversión do viñedo e o resto a medidas relacionadas coa destilación de subprodutos. No conxunto de España, no ano 2006, as medidas de reestruturación non chegan ao 35 % dos pagos, e a destilación de viños supera o 41 % dos pagos. Castilla-La Mancha, con 302,8 millóns de euros no ano 2006, concentrou o 62,35 % dos pagos do sector en España, dos que 157,1 millóns (51,9 %) corresponden a destilación de viños.

No relativo ao desenvolvemento rural (cadro1-12), cun incremento continuo dos pagos a nivel de toda España no período 2002 a 2006, a porcentaxe dos pagos de Galicia varían do 5,77 % en 2004 ao 4,36 % en 2005, sendo do 4,44 % en 2006, cun importe total nesta Comunidade Autónoma de 26,9 millóns de euros. A distribución na Comunidade Autónoma de Galicia destes pagos ao desenvolvemento en 2006 corresponden nun 31,8 % ao cese anticipado na actividade agraria, nun 27,5 % a indemnización compensatoria de zonas de montaña e desfavorecidas, nun 12,7 % a medidas agroambientais e nun 27,9 % á silvicultura.

**Cadro 1.5.**

## EVOLUCIÓN DOS PAGOS TOTAIS DOS ORGANISMOS PAGADORES DE ESPAÑA NO PERÍODO 2002-2006 (miles de euros)

| OO. PP. | | 2002 | | 2003 | | 2004 | | 2005 | | 2006 | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 01 | Andalucía | 1.852.129,8 | 28,22% | 1.773.376,8 | 27,61% | 1.790.238,0 | 26,59% | 1.682.054,3 | 26,84% | 1.486.869,7 | 23,97% |
| 08 | Castilla-León | 922.877,2 | 14,06% | 917.233,0 | 14,28% | 956.412,9 | 14,21% | 913.396,4 | 14,57% | 1.024.590,0 | 16,52% |
| 07 | Cast. La Mancha | 846.820,5 | 12,90% | 806.205,4 | 12,55% | 969.969,4 | 14,41% | 844.369,6 | 13,47% | 866.326,4 | 13,97% |
| 10 | Extremadura | 590.613,7 | 9,00% | 616.001,0 | 9,59% | 633.116,9 | 9,40% | 622.028,1 | 9,92% | 616.036,5 | 9,93% |
| 02 | Aragón | 495.732,1 | 7,55% | 527.946,7 | 8,22% | 555.264,4 | 8,25% | 495.940,4 | 7,91% | 607.592,5 | 9,80% |
| 09 | Cataluña | 343.342,8 | 5.23% | 365.614,1 | 5,69% | 388.100,8 | 5,77% | 360.164,6 | 5,75% | 293.696,1 | 4,74% |
| 11 | Galicia | **130.416,8** | 1,99% | **131.265,0** | 2,04% | **159.627,0** | 2,37% | **168.594,6** | 2,69% | **210.157,8** | 3,39% |
| 17 | C. Valenciana | 143.083,5 | 2.18% | 152.905,0 | 2.38% | 138.035,9 | 2,05% | 188.901,6 | 3,01% | 152.032,2 | 2.45% |
| 14 | Navarra | 125.647,4 | 1,91% | 135.055,5 | 2,10% | 126.312,5 | 1,88% | 122.3145,9 | 1,95% | 145.019,9 | 2,34% |
| 13 | Murcia | 93.872,7 | 1,43% | 94.385,8 | 1,47% | 99.169,5 | 1,47% | 105.806,0 | 1,69% | 111.053,4 | 1,79% |
| 05 | Canarias | 143.616,7 | 2,19% | 146.680,9 | 2.28% | 166.042,7 | 2,47% | 109.188,2 | 1,74% | 101.849,1 | 1,64% |
| 03 | Asturias | 56.001,5 | 0,85% | 63.522,7 | 0,99% | 71.701,7 | 1,07% | 85.760,1 | 1,37% | 88.543,7 | 1,43% |
| 15 | País Vasco | 60.319,5 | 0,92% | 63.308,0 | 0,99% | 58.614,6 | 0,87% | 59.412,6 | 0,95% | 51.497,4 | 0,83% |
| 12 | Madrid | 51.549,0 | 0,79% | 55.069,7 | 0,86% | 57.334,7 | 0,85% | 40.273,6 | 0,64% | 50.910,5 | 0,82% |
| 16 | La Rioja | 40.395,7 | 0,62% | 38.242,9 | 0,60% | 47.629,4 | 0,71% | 33.551,3 | 0,54% | 47.046,7 | 0,76% |
| 20 | Fogaiba | 25.047,2 | 0,38% | 19.563,0 | 0,30% | 31.555,7 | 0,47% | 31.552,3 | 0,50% | 35.727,6 | 0,58% |
| 06 | Cantabria | 30.120,1 | 0,46% | 33.464,2 | 0,52% | 39.009,2 | 0,58% | 44.988,3 | 0,72% | 33.840,2 | 0,55% |
| 00 | Org. Coordinac. | | | | | | | | | -47.958,3 | -0,77% |
| 18 | FEGA | 608.333,9 | 9,27% | 481.223,0 | 7,49% | 442.192,4 | 6,57% | 357.121,4 | 5,70% | 325.975,0 | 5.26% |
| 19 | FROM | 2.118,3 | 0,03% | 934,6 | 0,01% | 1.646,3 | 0,02% | 2.654,0 | 0,04% | 1.673,4 | 0,03% |
| | Total | 6.562.056,3 | 100,00% | 6.421.999,1 | 100,00% | 6.731.956,1 | 100,00% | 6.267.903,1 | 100,00% | 6.202.479,8 | 100,00% |

Cadro 1.6.

## EVOLUCIÓN DOS PAGOS TOTAIS POR SECTORES EN ESPAÑA E GALICIA PERÍODO 2002-2006 (miles de euros)

| SECTORES | 2002 | | | 2003 | | | 2004 | | | 2005 | | | 2006 | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Galicia | España | % | Galicia | España | % | Galicia | España | % | Galicia | España | % | Galicia | España | % |
| RÉXIME PAGAMENTO ÚNICO | | | | | | | | | | | | | 85.605,0 | 2.197.422,3 | 3,90% |
| CULTIVOS HERBÁCEOS | 29.732,0 | 1.825.703,7 | 1,63% | 18.953,6 | 1.827.823,8 | 1,04% | 20.603,5 | 1.824.603,9 | 1,13% | 15.583,6 | 1.571.576,1 | 0,99% | 7.623,9 | 594.437,5 | 1,28% |
| CEREAIS | 38,6 | 1.128,7 | 3,42% | | | | | | | | | | | | |
| LEGUMES/ FORRAXES/AMIDÓN | 120,8 | 196.724,5 | 0,06% | 67,4 | 162.931,5 | 0,04% | 70,9 | 242.995,6 | 0,03% | 4,1 | 55.040,3 | 0,01% | 41,2 | 108.824,9 | 0,04% |
| ACEITE DE OLIVA | 11.049,7 | 1.150.905,6 | 0,96% | 11.832,0 | 1.064.712,9 | 1,11% | 12.151,9 | 1.043.181,4 | 1,16% | 9.474,5 | 985.858,5 | 0,96% | 5.779,0 | 282.161,8 | 2,05% |
| VIÑOS E ALCOIS | 5.095,2 | 444.130,4 | 1,15% | 5.388,7 | 432.946,5 | 1,24% | 5.279,8 | 471.770,6 | 1,12% | 6.963,9 | 521.174,7 | 1,34% | 4.392,0 | 485.492,7 | 0,90% |
| LEITE E PRODUTOS LÁCTEOS | 361,5 | 85.787,1 | 0,42% | 295,3 | 57.679,4 | 0,51% | 20.989,9 | 116.073,5 | 18,08% | 40.777,3 | 146.848,0 | 27,77% | 7.132,7 | 12.912,3 | 55,24% |
| VACÚN | 52.331,1 | 745.973,0 | 7,02% | 62.147,0 | 859.284,6 | 7,23% | 66.818,8 | 806.754,2 | 8,20% | 69.608,0 | 824.611,0 | 8,44% | 67.128,2 | 748.557,4 | 8,97% |
| OVINO E CAPRÚN | 6.248,0 | 528.415,1 | 1,18% | 4.116,9 | 496.685,2 | 0,83% | 4.173,8 | 512.264,3 | 0,81% | 3.228,8 | 467.502,8 | 0,69% | 2.577,4 | 244.528,3 | 1,05% |
| PORCINO | | | | 75,9 | 16.431,8 | 0,46% | 70,8 | 6.599,6 | 1,07% | 7,7 | 2.414,5 | 0,32% | | | |
| APICULTURA | 178,9 | 3.887,1 | 4,60% | 198,7 | 4.411,8 | 4,50% | 156,7 | 4.501,3 | 3,48% | 164,4 | 4.755,4 | 3,46% | 163,1 | 4.461,0 | 3,66% |
| DESENVOLVEMENTO RURAL | 25.260,9 | 459.499,0 | 5,50% | 28.211,6 | 494.608,4 | 5,70% | 29.299,8 | 507.459,0 | 5,77% | 22.786,9 | 522.255,9 | 4,36% | 26.912,4 | 605.600,9 | 4,44% |
| MODULACIÓN | | | | | | | | | | | | | 2.834,2 | 55.094,5 | 5,14% |
| | | | | | | | | | | | | | | | |
| TOTAL (MILES DE EUROS) | 130.416,8 | 6.562.056,3 | 1,99% | 131.265,0 | 6.421.999,1 | 2,04% | 159.627,0 | 6.731.956,1 | 2,37% | 168.594,6 | 6.267.903,1 | 2,69% | 210.157,8 | 6.202.479,8 | 3,39% |

Cadro 1.7.

## EVOLUCIÓN DE PAGOS NO SECTOR DO LEITE E PRODUTOS LÁCTEOS EN GALICIA, ESPAÑA E VARIAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS PERÍODO 2002-2006 (miles de euros)

| ANO | GALICIA | | ANDALUCÍA | | ASTURIAS | | CAST. LA MANCHA | | CAST. Y LEÓN | | EXTREMADURA | | FEGA E O RESTO OO PP | | ESPAÑA | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2002 | 361,5 | 0,42% | 223,1 | 0,26% | 2.226,4 | 2,60% | 126,7 | 0,15% | 1.959,7 | 2,28% | 47,6 | 0,06% | 80.842,1 | 94,24% | 85.787,1 | 100,00% |
| 2003 | 295,3 | 0,51% | 180,9 | 0,31% | 2.002,8 | 3,47% | 149,6 | 0,26% | 1.589,4 | 2,76% | 44,7 | 0,08% | 53.416,3 | 92,61% | 57.679,0 | 100,00% |
| 2004 | 20.988,9 | 18,08% | 4.659,2 | 4,01% | 10.561,3 | 9,08% | 1.998,7 | 1,72% | 10.205,3 | 8,79% | 44,1 | 0,04% | 67.661,0 | 58,29% | 116.073,5 | 100,00% |
| 2005 | 40.777,3 | 27,77% | 8.602,1 | 5,86% | 16.769,4 | 11,42% | 4.271,4 | 2,91% | 18.822,3 | 12,82% | 1.287,9 | 0,88% | 56.317,6 | 38,35% | 146.848,0 | 100,00% |
| 2006 | 7.132,7 | 55,24% | 1.312,7 | 10,17% | 2.393,7 | 18,54% | 132,6 | 1,03% | 2.635,3 | 20,41% | 130,7 | 1,01% | -825,4 | -6,39% | 12.912,3 | 100,00% |

Cadro 1.8.

## EVOLUCIÓN DE PAGOS NO SECTOR DA CARNE DE VACÚN EN GALICIA, ESPAÑA E VARIAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS PERÍODO 2002-2006 (miles de euros)

| ANO | GALICIA | | ANDALUCÍA | | ASTURIAS | | CAST. LA MANCHA | | CAST. Y LEÓN | | EXTREMADURA | | FEGA E O RESTO DO PP | | ESPAÑA | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2002 | 52.331,1 | 7.02% | 47.667,3 | 6.39% | 32.583,3 | 4.37% | 37.494,0 | 5.03% | 183.389,4 | 24.58% | 106.085,6 | 37.04% | 286.422,3 | 38.40% | 745.973,0 | 100.00% |
| 2003 | 62.147,0 | 7.23% | 93.152,3 | 10.84% | 36.617,2 | 4.20% | 49.406,5 | 5.75% | 204.573,8 | 23.81% | 118.452,3 | 40.16% | 294.925,5 | 34.32% | 859.274,6 | 100.00% |
| 2004 | 66.818,8 | 8,28% | 80.036,5 | 9.92% | 35.763,6 | 4.43% | 52.598,7 | 6.52% | 207.871,4 | 25.77% | 119.335,0 | 46.65% | 244.310,2 | 30.28% | 806.754,2 | 100.00% |
| 2005 | 69.608,0 | 8,44% | 79.754,1 | 9,67% | 37.338,3 | 4.53% | 50.222,0 | 6.09% | 211.765,4 | 25.68% | 125.716,1 | 50.24% | 250.207,1 | 30.34% | 824.611,0 | 100.00% |
| 2006 | 67.128,2 | 8,97% | 64.021,4 | 8.55% | 36.167,1 | 4,83% | 48.357,4 | 6.46% | 195.713,9 | 26.15% | 132.966,9 | 65.12% | 204.202,5 | 27.28% | 748.557,4 | 100.00% |

Cadro 1.9.

## EVOLUCIÓN DE PAGOS NO SECTOR DA CARNE DE OVINO-CABRÚN EN GALICIA, ESPAÑA E VARIAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS PERÍODO 2002-2006 (miles de euros)

| ANO | GALICIA | | ANDALUCÍA | | ASTURIAS | | CAST. LA MANCHA | | CAST. Y LEÓN | | EXTREMADURA | | FEGA E O RESTO DO PP | | ESPAÑA | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2002 | 6.248,0 | 1.18% | 81.758,8 | 15.47% | 190,2 | 0.04% | 82.950,5 | 15.70% | 112.520,8 | 21.29% | 93.517,6 | 61.95% | 151.129,2 | 28.60% | 528.415,1 | 100.00% |
| 2003 | 4.116,9 | 0.83% | 79.259,2 | 15.96% | 1.349,2 | 0.27% | 73.692,2 | 14.84% | 100.472,2 | 20.23% | 93.200,9 | 64,40% | 144.594,6 | 29.11% | 496.685,2 | 100.00% |
| 2004 | 4.173,8 | 0,81% | 79.923,0 | 15.60% | 1.191,9 | 0,23% | 73.914,7 | 14.43% | 100.598,7 | 19.64% | 99.653,1 | 65.21% | 152.809,1 | 29.83% | 512.264,3 | 100.00% |
| 2005 | 3.228,8 | 0,69% | 73.751,6 | 15.78% | 2.282,5 | 0,49% | 72.028,4 | 15.41% | 90.591,7 | 19.38% | 91.114,2 | 67,74% | 134.505,6 | 28.77% | 467.502,8 | 100.00% |
| 2006 | 2.577,4 | 1,05% | 43.322,7 | 17.72% | 494,8 | 0.20% | 34.625,8 | 14.16% | 46.605,9 | 19.06% | 48.538,4 | 71.00% | 68.363,3 | 27.96% | 244.528,3 | 100.00% |

Cadro 1.10.

## EVOLUCIÓN DE PAGOS NO SECTOR DE CULTIVOS HERBÁCEOS EN GALICIA, ESPAÑA E VARIAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS PERÍODO 2002-2006 (miles de euros)

| ANO | GALICIA | | ANDALUCÍA | | ASTURIAS | | CAST. LA MANCHA | | CAST. Y LEÓN | | EXTREMADURA | | FEGA E O RESTO DO PP | | ESPAÑA | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2002 | 29.732,0 | 1.63% | 373.656,1 | 20.47% | 2.368,5 | 0.13% | 338.728,8 | 18.55% | 520.476,8 | 28.51% | 125.508,8 | 6.87% | 435.232,7 | 23.84% | 1.825.703,7 | 100.00% |
| 2003 | 18.953,6 | 1.04% | 420.887,8 | 23.03% | 1.614,8 | 0.09% | 309.776,4 | 16.95% | 512.642,6 | 28.05% | 126.961,8 | 6.95% | 436.986,8 | 23.91% | 1.827.823,8 | 100.00% |
| 2004 | 20.603,5 | 1,13% | 357.396,2 | 19.59% | 1.302,2 | 0.07% | 357.238,1 | 19,58% | 524.082,0 | 28.72% | 121.815,1 | 6.68% | 442.166,8 | 24,23% | 1.824.603,9 | 100.00% |
| 2005 | 15.583,6 | 0,99% | 329.614,8 | 20,97% | 1.935,3 | 0.12% | 292.771,2 | 18.63% | 471.593,0 | 30.01% | 89.460,7 | 5,69% | 370.617,5 | 23.58% | 1.571.576,1 | 100.00% |
| 2006 | 7.623,9 | 1.28% | 164.805,5 | 27.72% | 552,6 | 0.09% | 56.080,8 | 9.43% | 151.592,7 | 25.50% | 32.176,9 | 5.41% | 181.605,1 | 30.55% | 594.437,5 | 100.00% |

Cadro 1.11.

## EVOLUCIÓN DE PAGOS NO SECTOR DE VIÑOS E ALCOIS EN GALICIA, ESPAÑA E VARIAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS PERÍODO 2002-2006 (miles de euros)

| ANO | GALICIA | | ANDALUCÍA | | ASTURIAS | | CAST. LA MANCHA | | CAST. Y LEÓN | | EXTREMADURA | | FEGA E O RESTO DO PP | | ESPAÑA | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2002 | 5.095,2 | 1,15% | 5.707,7 | 1,29% | 52,6 | 0,01% | 225.747,2 | 50,83% | 13.161,6 | 2,96% | 44.312,8 | 9,98% | 150.053,3 | 33,79% | 444.130,4 | 100,00% |
| 2003 | 5.388,7 | 1,24% | 6.116,1 | 1,41% | 21,2 | 0,00% | 241.627,8 | 55,81% | 9.703,8 | 2,24% | 40.350,5 | 9,32% | 129.738,4 | 29,97% | 432.946,5 | 100,00% |
| 2004 | 5.279,8 | 1,12% | 4.539,7 | 0,96% | 87,2 | 0,02% | 276.606,2 | 58,63% | 8.483,8 | 1,80% | 38.641,0 | 8,19% | 138.130,9 | 29,28% | 471.770,6 | 100,00% |
| 2005 | 6.963,9 | 1,34% | 5.128,5 | 0,98% | 10,5 | 0,00% | 286.867,5 | 55,04% | 12.360,5 | 2,37% | 46.048,0 | 8,84% | 163.795,8 | 31,43% | 521.174,7 | 100,00% |
| 2006 | 4.392,0 | 0,90% | 5.292,7 | 1,09% | 3,5 | 0,00% | 302.722,2 | 62,35% | 7.636,0 | 1,57% | 35.402,9 | 7,29% | 130.043,4 | 26,79% | 485.492,7 | 100,00% |

Cadro 1.12.

## EVOLUCIÓN DE PAGOS EN DESENVOLVEMENTO RURAL EN GALICIA, ESPAÑA E VARIAS COMUNIDADES AUTÓNOMAS PERÍODO 2002-2006 (miles de euros)

| ANO | GALICIA | | ANDALUCÍA | | ASTURIAS | | CAST. LA MANCHA | | CAST. Y LEÓN | | EXTREMADURA | | FEGA E O RESTO DO PP | | ESPAÑA | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2002 | 25.260,9 | 5,50% | 61.697,5 | 13,43% | 18.360,3 | 4,00% | 39.715,2 | 8,64% | 63.378,1 | 13,79% | 24.110,1 | 5,25% | 226.976,9 | 49,40% | 459.499,0 | 100,00% |
| 2003 | 28.211,6 | 5,70% | 73.212,6 | 14,80% | 21.692,7 | 4,39% | 44.136,0 | 8,92% | 62.596,4 | 12,66% | 30.371,5 | 6,14% | 234.387,6 | 47,39% | 494.608,4 | 100,00% |
| 2004 | 29.299,8 | 5,77% | 53.804,0 | 10,60% | 22.606,6 | 4,45% | 51.455,2 | 10,14% | 68.513,5 | 13,50% | 30.593,8 | 6,03% | 251.186,1 | 49,50% | 507.459,0 | 100,00% |
| 2005 | 22.786,9 | 4,36% | 57.162,7 | 10,95% | 27.261,0 | 5,22% | 44.251,2 | 8,47% | 74.148,3 | 14,20% | 27.788,2 | 5,32% | 268.857,6 | 51,48% | 522.255,9 | 100,00% |
| 2006 | 26.912,4 | 4,44% | 72.151,3 | 11,91% | 28.504,6 | 4,71% | 54.109,9 | 8,93% | 77.218,3 | 12,75% | 42.763,0 | 7,06% | 303.941,4 | 50,19% | 605.600,9 | 100,00% |

2

# Pagamento Único

## POR EXPLOTACIÓN E OUTRAS MEDIDAS HORIZONTAIS DA PAC

Memoria de actividades

2005

Pagamento Único

## 2.1.Marco Comunitario do Réxime

### 2.1.1.PRINCIPIOS XERAIS DA REFORMA DA PAC DE 2003

Desde o ano 1993 a Política Agraria Común (PAC) veu compensando as baixadas dos prezos de intervención dos produtos agrarios mediante axudas directas ás explotacións, estando estas axudas ligadas ás producións correspondentes.

Coa "Axenda 2000", aprobada en 1999 e que definía en principio o contido da PAC para o período 2000-2006, modificáronse algúns aspectos desta política, proseguindo co proceso de reducir os prezos garantidos en diversos sectores ou producións agrarias e compensar iso cun incremento das axudas directas aos produtores.

Nese contexto, a reforma aprobada en xuño de 2003 supuxo o cambio máis importante desde a creación da PAC, debido sobre todo á desvinculación da maioría das axudas directas respecto á produción. Dese modo, a partir desta reforma a maior parte das subvencións intégranse nun pagamento único por explotación, baseado nas axudas percibidas polo agricultor nos anos 2000, 2001 e 2002, e para a súa percepción non se esixe, en xeral, unha produción determinada senón unicamente o cumprimento de requisitos legais de xestión (medio ambiente, identificación e benestar animal) e o respecto ás condicións agrarias e medioambientais (a denominada "condicionalidade").

A reforma garante as axudas directas ás explotacións até o ano 2013 facendo delas un compoñente importante da súa renda. Se ben a cuantía das axudas estará sometida a mecanismos de disciplina financeira, e ademais unha porcentaxe das mesmas (3% en 2005, 4% en 2006 e 5% a partir de 2007) será detraída, para as axudas percibidas por encima de 5.000 euros, co fin de destinar estes fondos a medidas de desenvolvemento rural (a coñecida como "modulación").

De acordo cos documentos oficiais da Comisión Europea, con esta reforma trátase de responder ás esixencias dos consumidores e contribuíntes, que valoran especialmente a calidade e seguridade alimentarias, de promover unha agricultura sostible máis orientada ao mercado e de adaptarse aos condicionantes da Organización Mundial do Comercio (O.M.C.). Aínda que os cambios adoptados, particularmente o "desacoplamento" das axudas directas, non están exentos de problemas e de posibles efectos negativos.

### 2.1.2.O MODELO ESPAÑOL DE APLICACIÓN DA REFORMA

Na reforma da PAC de 2003 optouse finalmente por permitir aos Estados Membros que determinadas axudas permanecesen "ligadas", total ou parcialmente, á produción de que se trate (aplicación parcial do pagamento único), e tamén permitir que unha porcentaxe da axuda de determinados sectores se dedique á mellora da calidade das producións e a conservación e mellora do medio ambiente (artigo 69 do Regulamento 1782/2003). Non obstante, o réxime de pagamento único (RPU) desligado da produción integra agora a maior parte das axudas existentes ata entón.

Facendo uso desas posibilidades ofrecidas pola normativa comunitaria, no Estado Español optouse por manter parte das axudas ligadas á produción e tamén por reter unha porcentaxe das axudas do sector da carne de vacún e do sector lácteo para dedicar a melloras da calidade e do medio ambiente (ver o cadro 2.1). Por outro lado, dentro das opcións existentes para a súa implantación temporal, decidiuse aplicar o réxime de pagamento único a partir do ano 2006.

Cadro 2.1.

PORCENTAXE DE AXUDA A INTEGRAR NO RÉXIME DE PAGAMENTO ÚNICO, SEGUNDO SECTORES, NO ESTADO ESPAÑOL

| SECTORES | | TIPO DE LIÑAS DE AXUDA | APLICACIÓN PARCIAL (%) | RETENCIÓN (ART. 69) | % RPU |
|---|---|---|---|---|---|
| SUPERFICIES | | Cultivos COPL | 75% | - | 75% |
| | | Retirada obrigatoria | 100% | - | 100% |
| | | Leguminosas de consumo humano | 100% | - | 100% |
| | | Leguminosas de consumo animal | 100% | - | 100% |
| | | Forraxes desecadas | 100% | - | 100% |
| GANDARÍA | VACÚN DE CARNE | Prima especial vacún macho | 100% | 7% | 93% |
| | | Sacrificio de adultos | 60% | - | 60% |
| | | Pagamento por extensificación | 100% | 7% | 93% |
| | | Pagamentos adicionais | 100% | 7% | 93% |
| | OVINO-CABRÚN | Prima base | 50% | - | 50% |
| | | Prima complementaria | 50% | - | 50% |
| | | Pagamentos adicionais | 100% | - | 100% |
| LÁCTEO | | Prima láctea e pagos adicionais | 100% | 10% | 90% |

## 2.1.3. CARACTERÍSTICAS E ELEMENTOS BÁSICOS DO RÉXIME DE PAGAMENTO ÚNICO POR EXPLOTACIÓN

Cada ano, para a percepción do pagamento único, o solicitante deberá demostrar que é agricultor, que dispón de dereitos de axuda do pagamento único baseados nas axudas percibidas no período de referencia, que ten a superficie necesaria e que cumpre os requisitos de admisibilidade e condicionalidade.

a) **O período de referencia** é o período de tempo que se tomou de base para o cálculo de importes e superficies de referencia de cada produtor (como norma xeral os anos 2000, 2001 e 2002).

b) **O importe de referencia** é a media dos importes totais dos pagos que cada ano do período de referencia se concederon ao produtor nas liñas de axuda que se integran no pagamento único. O cálculo non se baseou nas axudas realmente cobradas senón nas superficies (ha) e animais determinados, é dicir, nas superficies e animais que cumpren todas as condicións para a percepción das axudas en cada ano.

A esas unidades aplícaselles o importe unitario das axudas e primas correspondentes ao ano 2002.

c) **A superficie de referencia** é a superficie (en hectáreas) que recibiu axudas directamente (cereais, ...) e a superficie forraxeira da explotación utilizada para a alimentación de gando obxecto das primas gandeiras no período de referencia.

d) **Dereitos de axuda**

A cada produtor recoñecéuselle un dereito de axuda por hectárea que se calculou dividindo o importe de referencia pola superficie de referencia. Polo tanto, o número de dereitos de axuda é igual ao número medio de hectáreas indicado antes, e a cuantía deses dereitos é o resultado do cociente "importe de referencia/ superficie de referencia". Unha vez asignados os dereitos, un dereito de axuda máis unha hectárea de terreo que cumpra as condicións de admisibilidade permite cobrar o importe determinado en €/ha.

Como matización ao anterior, existen dereitos de axuda que teñen condicións especiais:

• Cando o produtor non tivera hectáreas no período de referencia (por exemplo, beneficiarios de prima por sacrificio de vacún sen superficie forraxeira) recoñecéuselles un dereito de axuda igual ao importe de referencia.

• Se, aínda tendo o agricultor superficie no período de referencia, o importe da axuda por hectárea é superior a 5.000 €, recoñeceráselle un dereito de axuda por cada 5.000 € ou fracción.

Nos dous casos anteriores (dereitos especiais) o produtor non terá a obriga de manter un número de hectáreas admisibles equivalente ao número de dereitos, a condición de que manteña ao menos o 50% da actividade exercida no período de referencia, medida en Unidades de Gando Maior (UGM).

Tamén se estableceron dereitos específicos para o caso de retirada obrigatoria de terras da produción.

### 2.1.4. MODULACIÓN

Todos os importes dos pagos directos a explotacións no marco da Política Agraria Común (pagamento único e outras axudas directas), que deban concederse nun ano natural determinado a un agricultor, reduciranse nunha porcentaxe (3% para o ano 2005, 4% para o ano 2006 e 5% para os anos 2007 e seguintes) de acordo co establecido no artigo 10 do Regulamento (CE) 1782/2003 do Consello.

Os fondos obtidos desta maneira destinaranse a financiar medidas de desenvolvemento rural.

Non obstante, ao final de cada exercicio os agricultores con pagos directos percibirán un importe adicional de axuda, que será igual ao que resulte de aplicar a porcentaxe de redución antes sinalada ao conxunto de pagos até os primeiros 5.000 euros. Coa condición de que a suma total deses importes adicionais de axuda non poderá superar o límite máximo establecido para cada Estado Membro no anexo II do citado regulamento.

Deste modo, a expensas do cumprimento deste último límite, a "modulación neta" para cada agricultor consiste nunha redución da cuantía citada (5% a partir de 2007) para as axudas que percibe por encima de 5.000 euros.

### 2.1.5. CONDICIONALIDADE

A sociedade actual é cada vez máis sensible aos temas de seguridade alimentaria e respecto ao medio ambiente. Por esta razón, a percepción das axudas da PAC polos agricultores desde o ano 2005 está condicionada, por unha banda, ao cumprimento dos denominados requisitos legais de xestión e, pola outra, ás boas condicións agrarias e medioambientais que, en conxunto, se agrupan no concepto de condicionalidade.

a) **Requisitos legais de xestión**

Están recollidos en directivas e regulamentos comunitarios e a esixencia do seu cumprimento é progresiva a partir do ano 2005, segundo se indica nos anexos correspondentes da Orde da Consellería do Medio Rural do 6 de febreiro de 2006 (ver cadro 2.2).

Cadro 2.2.

REQUISITOS LEGAIS DE XESTIÓN: ÁMBITOS E DATAS DE APLICACIÓN

| MEDIO AMBIENTE | SAÚDE PÚBLICA, ZOOSANIDADE E FITOSANIDADE | BENESTAR ANIMAL |
|---|---|---|
| DESDE 01/01/2005 | DESDE 01/01/2005 | DESDE 01/01/2007 |
| Protección de aves<br>Protección de hábitats<br>Protección de augas subterráneas (sustancias perigosas)<br>Protección de solos (lodos de depuradora)<br>Protección de augas (nitratos de agricultura) | Identificación e rexistro de animais<br>**DESDE 01/01/2006**<br>Comercialización de fitosanitarios<br>Sustancias hormonais e tiroestáticas<br>Seguridade alimentaria<br>Encefalopatia esponxiforme bovina<br>Notificación de enfermidades de animais | Protección de xatos<br>Protección de porcino<br>Protección de animais en explotacións gandeiras |

b) **Boas condicións agrarias e medioambientais**

Son normas que deben cumprirse para evitar a erosión do solo, manter a materia orgánica deste e a súa estrutura, e garantir un nivel mínimo de mantemento das superficies evitando o deterioro dos hábitats, segundo se indica no anexo 21 da Orde da Consellería do Medio Rural do 6 de febreiro de 2006.

## 2.2. Normas Aplicables e Actuacións levadas a cabo en 2006

### 2.2.1. ASIGNACIÓN DE DEREITOS DE PAGAMENTO ÚNICO

No marco da normativa comunitaria, da do Estado Español e da Orde da Consellería de Política Agroalimentaria e Desenvolvemento Rural do 30 de maio de 2005, sobre actualización de datos e identificación de agricultores para a aplicación do réxime de pagamento único, xa no ano 2005 comunicáronse aos agricultores datos dos pagos no período de referencia e recolleuse información dos mesmos para a actualización de datos de titulares e explotacións.

As actuacións levadas a cabo en 2006 en relación coa asignación de dereitos fixéronse no marco da seguinte normativa:

- Regulamento (CE) nº 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro de 2003, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da PAC.
- Regulamento (CE) nº 795/2004, da Comisión, do 21 de abril de 2004, que establece disposicións de aplicación do réxime do pagamento único previsto no regulamento (CE) nº 1782/2003.
- Real Decreto 1617/2005, de 30 de decembro, polo que se regula a concesión de dereitos aos agricultores dentro do réxime do pagamento único.
- Orde da Consellería do Medio Rural do 6 de febreiro de 2006 pola que se regula a concesión de dereitos a agricultores dentro do réxime do pagamento único, a aplicación, no 2006, deste e doutros réximes de axuda directa á agricultura e gandaría, así como a indemnización compensatoria.
- Resolución do FOGGA de 19 de decembro de 2006, sobre publicación dos datos correspondentes á asignación de dereitos do RPU.

Partindo da información de agricultores e explotacións, actualizada en 2005, e no marco da normativa indicada, as actuacións levadas a cabo en 2006 realizáronse de acordo co seguinte calendario:

| Calendario de Actuacións | Datas |
|---|---|
| Comunicación da asignación provisional de dereitos a agricultores | Febreiro 2006 |
| Presentación de alegacións polos agricultores á asignación provisional | Febreiro- 15 de maio 2006 |
| Presentación de solicitudes de dereitos e de axuda do pago único | Febreiro-15 de maio 2006 |
| Presentación de solicitudes de dereitos da Reserva Nacional 2006 | Febreiro-15 de maio 2006 |
| Asignación de dereitos definitivos | Decembro 2006 |
| Pago da axuda solicitada no ano 2006 | Decembro 2006–xuño 2007 |

Recibida a comunicación provisional de asignación de dereitos no mes de febreiro de 2006, os produtores que o consideraran necesario puideron presentar alegacións a esa asignación provisional até o 15 de maio nas Oficinas Agrarias Comarcais da Consellería do Medio Rural, para axustar a asignación de dereitos á situación real da explotación na actualidade.

Por outro lado, recibidas as asignacións provisionais, os agricultores debían solicitar a admisión ao réxime de pagamento único para obter a asignación definitiva de dereitos de pagamento único. Á vez, podían solicitar o pagamento único de 2006 dentro da solicitude unificada da PAC 2006. Así mesmo, os produtores que estiveran nalgunha das situacións contempladas na normativa para acceder á reserva nacional de dereitos de pago único, puideron facer a correspondente solicitude para obter máis dereitos ou ben para obtelos por vez primeira, no caso de que non tiveran asignación provisional de dereitos. Estas tres tramitacións realizáronse coa colaboración de 14 entidades financeiras, segundo se indica no punto 2.3.2 e no cadro 2.15.

Unha vez recibidas e xestionadas as alegacións á asignación provisional e as solicitudes de adhesión ao réxime de pagamento único, en Galicia e no resto das Comunidades Autónomas, o FEGA, feitos os axustes e descontos correspondentes para a dotación da Reserva Nacional de dereitos en todo o Estado Español, remitiu á Comunidade Autónoma a asignación inicial definitiva de dereitos de pagamento único, así como a asignación de dereitos da Reserva Nacional, que o FOGGA comunicou aos agricultores.

### 2.2.2. BENEFICIARIOS E REQUISITOS NO RÉXIME DE PAGAMENTO ÚNICO

Poden percibir o pagamento único desligado da produción os “titulares de explotación” que “dispoñan de dereitos” concedidos en virtude do Real Decreto 1617/2005, do 30 de decembro, polo que se regula a concesión de dereitos dentro do RPU, e que ademais “xustifiquen” a súa utilización.

a) **Titular da explotación:** agricultor que ten asignado un Código de Explotación Agraria (CEA), figurando como responsable da xestión dos bens e medios de produción da mesma.

b) **Dispoñer de DEREITOS do RPU.** Os dereitos dispoñibles para un agricultor na campaña 2006 poden ser (cadro 2.3):

1. Os asignados inicialmente en 2006 (“propios” ou ben “tomados” doutro agricultor mediante arrendamento de dereitos con terras; tanto os propios como os tomados poden ser normais, de retirada ou especiais) .
2. Resultado da solicitude de dereitos á reserva nacional nesta campaña 2006, que poderán ser normais ou especiais.

Cadro 2.3.

ORIXE E TIPO DE DEREITOS

| ORIXE INICIAL | ORIXE RESERVA |
|---|---|
| Dereitos normais | Dereitos normais |
| Dereitos de retirada | Dereitos especiais |
| Dereitos especiais | |

c) **"Xustificar" os dereitos.** Cada dereito de axuda polo que se solicite o pagamento único (salvo os dereitos especiais, segundo se comenta no punto h) deberá xustificarse con unha hectárea admisible. As parcelas concretas que na campaña serán consideradas para xustificar dereitos do RPU serán aquelas declaradas con produtos compatibles con ese réxime.

d) **Acreditación da utilización das terras.** Para xustificar unha hectárea admisible non é preciso ser propietario das terras, senón utilizalas e poder acreditar o dereito a facelo. A acreditación normal desta circunstancia nunha parcela, cando a reclame a Administración, consistirá en:

1. A presentación de documentación onde, para a parcela de que se trate, se indique a súa titularidade (en Catastro ou en concentración parcelaria, segundo tivera sido a orixe da parcela no SIXPAC), documentación que debe ser compatible co SIXPAC. No caso de que a orixe fora o Catastro, a documentación será unha fotocopia cotexada dun padrón catastral, unha cédula ou un certificado catastral, que non sexan anteriores á data da última renovación catastral previa á elaboración do SIXPAC.
2. Cando o solicitante non sexa o propio titular da parcela en Catastro (ou, se é o caso, en concentración parcelaria), engadirase á documentación anterior calquera documento no que o titular autorice ao solicitante o uso da superficie pola que pide axuda.

e) **Superficie mínima:** a superficie mínima para poder percibir o pagamento único é de 0,1 hectáreas admisibles.

f) **Hectáreas admisibles para xustificar os dereitos:**

1. Considéranse hectáreas admisibles para xustificar dereitos normais as superficies agrarias da explotación consistentes en terras de cultivo e pastos permanentes.
2. Considéranse hectáreas admisibles para xustificar dereitos de retirada as terras de cultivo, agás as superficies que en xaneiro de 2003 estiveran ocupadas por cultivos permanentes ou bosques, ou utilizadas para actividades non agrarias ou para pastos permanentes. Esto implica que os recintos SIXPAC declarados para retirada deben ser "elexibles".
3. As parcelas de hectáreas admisibles utilizadas para xustificar os dereitos de axuda deberán permanecer a disposición do agricultor desde o 1 de decembro do ano precedente até o 30 de setembro do ano polo que se solicita o pagamento.

g) **Utilización agraria das terras nas hectáreas admisibles:**

1. Os agricultores poderán dedicar as parcelas declaradas para xustificar dereitos normais a calquera actividade agraria, con excepción da produción de froitas e hortalizas, patacas distintas das destinadas á fabricación de fécula e cultivos permanentes.
2. As parcelas declaradas para xustificar os dereitos de retirada deben permanecer sen cultivar polo menos desde o 15 de xaneiro até o 31 de agosto, e non serán de tamaño inferior a 0,1 hectáreas nin terán menos de 10 metros de ancho.

h) **Condicións dos dereitos especiais:**

**1.**Os agricultores que soliciten pagamento único por dereitos especiais quedan exentos da obriga de declarar un número de hectáreas admisibles equivalente ao número de dereitos de axuda, a condición de que manteñan, na campaña de que se trate, polo menos o 50% da actividade exercida no período de referencia, expresada en unidades de gando maior (UGM). Para a determinación da actividade na campaña actual teranse en conta as equivalencias indicadas no cadro 2.4. No caso de cesión de dereitos especiais, esta excepción só se manterá no suposto de que se cedan todos eses dereitos.

**Cadro 2.4.**

**DEREITOS ESPECIAIS: EQUIVALENCIAS CABEZAS-UGM**

| TIPO DE ANIMAL | UGM |
|---|---|
| Bovinos machos e xovencas de máis de 24 meses, vacas nutrices e vacas leiteiras | 1,00 |
| Bovinos machos e xovencas de 6 a 24 meses de idade | 0,60 |
| Bovinos machos e xovencas até 6 meses de idade | 0,20 |
| Ovinos e cabrúns | 0,15 |

**2.**Cando se desexe xustificar algún dereito especial mediante superficie, será preciso indicar este feito na solicitude de axuda. Neste caso os dereitos pasarán a ser, automaticamente, dereitos normais.

**3.**Non se poderá solicitar o restablecemento das condicións especiais para os dereitos transformados de acordo co punto anterior ou cando os dereitos especiais se cederan parcialmente.

i) **Condicionalidade.** Deberán respectarse todas as obrigas derivadas da "condicionalidade" das axudas (os requisitos legais e as boas condicións agrarias e agroambientais). Estas obrigas afectan a toda a actividade da explotación e a todas as súas parcelas, xustifiquen dereitos ou non.

En particular, respectaranse as seguintes condicións:

· Conservación da cantidade de pastos permanentes: o agricultor titular de superficies dedicadas a pastos permanentes aterase ás esixencias previstas na normativa comunitaria, así como ás que estableza a Consellería do Medio Rural, ao obxecto de previr que a superficie total de pastos permanentes sufra unha redución significativa con arreglo ao previsto no artigo 5 do Regulamento (CE) nº 1782/2003 e no artigo 3 do Regulamento (CE) nº 796/2004, onde se recollen as marxes de redución anual admisibles respecto á proporción de referencia para 2003.

· Mantemento mínimo das terras: de acordo co anexo 21 da Orde da Consellería do Medio Rural de 6 de febreiro de 2006, teranse en conta:

1.Nos pastos permanentes as cargas gandeiras mínimas, se é o caso.
2.Nas terras de cultivo a necesaria prevención da proliferación das especies invasoras que se indican no dito anexo.

## 2.2.3.IMPORTE DAS AXUDAS

O importe máximo por hectárea do pagamento único é variable, pois depende do valor concreto de cada dereito.

Unha vez realizados os controis das axudas, en cada expediente resulta unha "superficie determinada", que é a superficie que cumpre todas as condicións establecidas nas normas para a concesión da axuda. Na axuda do RPU a superficie declarada só poderá considerarse determinada se vai acompañada polo correspondente número de dereitos de axuda.

No caso de dereitos especiais xustificados con gando (UGM) non se trata de importes por hectárea, senón do importe total que se percibirá se a explotación mantén como mínimo o 50% das UGM do período de referencia.

## 2.3. Resultados da Xestión

### 2.3.1. ASIGNACIÓN DE DEREITOS DE PAGAMENTO ÚNICO

#### a) Asignación provisional

En xuño de 2005 remitíranse 68.934 comunicados a agricultores beneficiarios de axudas no período 2000-2001-2002, e recibíranse un total de 11.177 alegacións de distinto tipo até o mes de agosto de 2005.

Xestionadas estas alegacións, o FEGA realizou o cálculo da asignación provisional de dereitos de pagamento único, que remitiu ás Comunidades Autónomas. En base a iso, en Galicia o FOGGA, no mes de febreiro de 2006, enviou aos agricultores un total de 67.342 comunicados, cun importe total de 99,034 millóns de euros de valor dos dereitos provisionais de axuda, de acordo coa distribución que se indica no cadro 2.5.

**Cadro 2.5.**

**COMUNICADOS DA ASIGNACIÓN PROVISIONAL DE DEREITOS DE PAGAMENTO ÚNICO**

| PROVINCIA | AGRICULTORES | IMPORTES (€) |
|---|---|---|
| A CORUÑA | 24.740 | 35.138.656 |
| LUGO | 20.966 | 43.512.388 |
| OURENSE | 9.746 | 10.061.901 |
| PONTEVEDRA | 11.890 | 10.321.048 |
| GALICIA | 67.342 | 99.033.993 |

O 31,1% dos agricultores corresponden á provincia de Lugo, que suma o 43,93% dos importes.

Estes comunicados remitíronse aos seguintes grupos de agricultores:

- 41.605 a agricultores que solicitaran axudas directas a explotacións agrarias derivadas da PAC no ano 2005 e tiñan asignación provisional de dereitos.
- 25.737 a agricultores que non solicitaran axudas directas a explotacións agrarias derivadas da PAC no ano 2005 pero que tiñan asignación provisional de dereitos.

O último grupo corresponde en boa parte a produtores que abandonaran a actividade sen ceder a explotación a outro agricultor.

Neses comunicados, enviados con información complementaria sobre as axudas PAC 2006 a solicitar, remitíanse datos sobre o cálculo das liñas de axuda de cultivos, o calculo das liñas de axudas gandeiras, os pagos correspondentes ao sector lácteo, a superficie forraxeira, a superficie total, as unidades de gando maior, os importes das axudas, resumo dos dereitos provisionais asignados e identificación destes dereitos provisionais indicando código, tipo, valor nominal, porcentaxe e valor de cada un dos dereitos.

Informábase tamén das porcentaxes de importes ligados, axustes ao anexo VIII do Regulamento 1782/2003, así como do desconto dun 3% para dotar a Reserva Nacional de dereitos de pagamento único.

### b) Presentación de alegacións á asignación provisional

Xunto co comunicado enviábase información sobre a posibilidade de presentar até 13 tipos de alegacións distintas, así como sobre a documentación a engadir ás mesmas. Os tipos posibles de alegacións a presentar eran os seguintes:

1. Inicio de actividade con posterioridade ao ano 2000.
2.-Existencia de causa de forza maior no período de referencia.
3.-Herdanza ou usufruto. Beneficiario único.
4.-Herdanza ou usufruto. Varios beneficiarios.
5.-Cesión da explotación a título gratuito no caso de herdanza anticipada. Beneficiario único.
6.-Cesión da explotación a título gratuito no caso de herdanza anticipada. Varios beneficiarios.
7.-Cambio de denominación ou personalidade xurídica.
8.-Fusión total de varias persoas físicas ou xurídicas nunha persoa ou agrupación de persoas físicas.
9.-Escisión ou separación dunha persoa xurídica, con ou sen continuación da orixinal, e aparición dunha ou máis persoas físicas ou xurídicas.
10.-Escisión ou separación de dous ou máis agricultores.
11.-Contrato de compravenda da totalidade ou parte da explotación.
12.-Contrato de compravenda de unidades de produción en produtores de ovino, cabrún e vacas nutrices.
13.-Comunicación de erros ou inexactitude nos datos.

As alegacións presentáronse a través das Oficinas Agrarias Comarcais da Consellería do Medio Rural, utilizando unha aplicación informática desenvolvida con esta finalidade e que accedía á información da asignación provisional de dereitos existente no servidor central da Consellería.

Foron presentadas un total de 3.508 alegacións, das que se aceptaron 3.134, un 89,3% das recibidas, segundo se indica no cadro 2.6.

**Cadro 2.6.**

**ASIGNACIÓN PROVISIONAL DE DEREITOS DE PAGAMENTO ÚNICO.
NÚMERO E TIPO DE ALEGACIÓNS ACEPTADAS E RECIBIDAS POR PROVINCIA**

| TIPO ALEGACIÓN | A CORUÑA | LUGO | OURENSE | PONTEVEDRA | GALICIA |
|---|---|---|---|---|---|
| ANEXO I | 58 | 59 | 25 | 11 | 153 |
| ANEXO II | 5 | 6 | 6 | 2 | 19 |
| ANEXO III | 75 | 73 | 21 | 13 | 182 |
| ANEXO IV | 1 | 1 | - | - | 2 |
| ANEXO V | 782 | 853 | 256 | 167 | 2.058 |
| ANEXO VI | - | 3 | 3 | - | 6 |
| ANEXO VII | 92 | 22 | 3 | 8 | 125 |
| ANEXO VIII | 30 | 71 | - | 16 | 117 |
| ANEXO IX | 2 | 2 | - | - | 4 |
| ANEXO X | 1 | - | - | - | 1 |
| ANEXO XI | 36 | 20 | 24 | 3 | 83 |
| ANEXO XII | 5 | 44 | 147 | 7 | 203 |
| ANEXO XIII | 11 | 37 | 3 | 30 | 181 |
| Total alegacións aceptadas | 1.098 | 1.291 | 488 | 257 | 3.134 |
| Alegacións recibidas | 1.199 | 1.454 | 576 | 279 | 3.508 |
| ACEPT./RECIBIDAS | 91,57% | 88,78% | 84,72% | 92,11% | 89,33% |

## c) Solicitudes de admisión ao Réxime de Pagamento Único

Tamén se informaba na comunicación de asignación de dereitos sobre a apertura do prazo para solicitar a admisión ao Réxime de Pagamento Único (RPU), para a solicitude de axuda correspondente ao RPU e outras axudas da PAC incluídas na solicitude única 2006, así como da posibilidade de solicitar dereitos da Reserva Nacional.

Na tramitación destas solicitudes participaron un total de 14 entidades financeiras, como se indica no punto 2.3.2 e no cadro 2.15 desta Memoria. Recibíronse un total de 45.503 solicitudes de admisión ao Réxime de Pagamento Único e 45.442 solicitudes de axuda do RPU para 2006, segundo se indica no cadro 2.7, correspondendo o número máis alto de solicitudes de axuda á provincia de A Coruña, con 16.765 (36,8%), e a cifra máis alta de dereitos solicitados, 155.783,15 (48,36%), á provincia de Lugo.

Cadro 2.7.

SOLICITUDES DE PAGAMENTO ÚNICO RECIBIDAS POR PROVINCIA

| | SOLICITUDE ADMISIÓN | | SOLICITUDE AXUDAS 2006 | |
|---|---|---|---|---|
| | NÚMERO | DEREITOS | NÚMERO | DEREITOS |
| A CORUÑA | 16.765 | 79.375,15 | 16.742 | 79.284,08 |
| LUGO | 16.057 | 155.865,20 | 16.041 | 155.783,15 |
| OURENSE | 6.538 | 59.763,84 | 6.531 | 59.747,03 |
| PONTEVEDRA | 6.143 | 27.348,76 | 6.128 | 27.327,88 |
| GALICIA | 45.503 | 322.352,95 | 45.442 | 322.142,14 |

## d) Solicitudes á Reserva Nacional de Dereitos do RPU

No relativo ás solicitudes da reserva nacional, tamén tramitadas coa colaboración das entidades financeiras, as circunstancias polas que se podía acceder á asignación deste tipo de dereitos eran as seguintes:

| DESCRICIÓN DOS CÓDIGOS DE ACCESO Á RESERVA NACIONAL DE DEREITOS DE PAGAMENTO ÚNICO | |
|---|---|
| A.1 | Produtores lácteos con causa de forza maior en 2005/2006 |
| A.2 | Agricultor que recibiu terras dun agricultor falecido ou xubilado da actividade agraria e que tiña as terras arrendadas a un terceiro agricultor no período de referencia |
| A.3 | Agricultor que fixo investimentos na súa explotación ou adquiriu terras antes do 15/05/2004 |
| A.3.1 | Agricultor que comprou ou arrendou terras antes do 15/05/2004 |
| A.3.2 | Agricultor que comprou dereitos de prima de vaca nutriz e/ou ovino-cabrún antes do 15/05/2004 |
| A.3.3 | Agricultor que se acolleu a unha axuda do RD 613/2001e RD 204/1996 antes do 15/05/2004 |
| A.3.4 | Agricultor con outros investimentos antes do 15/05/2004 (compra ou construción de cebadeiros ou transformación de secaño en regadío) |
| A.4 | Agricultor que arrendou terras a longo prazo entre o final do período de referencia e o 15/05/2004, ou adquiriu terras que estaban arrendadas en dito período. |
| A.5 | Agricultor que participou en programas de abandono da produción de leite durante o período de referencia e até o 15/05/2004 |
| B | Novos agricultores que inician a súa actividade despois do 31/12/2002, ou en 2002 (pero sen pagos nese ano), e antes do 15/05/2004 |
| C | Agricultores mozos que realizaron a súa primeira instalación a partir do 16/05/2004 |
| D | Agricultores con explotacións en zonas de intervención pública (concentración parcelaria, vencemento dun contrato de superficie forraxeira...) |

As solicitudes inicialmente aceptadas indícanse no cadro 2.8, por provincia e código do motivo polo que se

accede, así como o total das solicitudes recibidas en cada provincia.

O principal motivo de acceso á reserva nacional nas solicitudes aceptadas correspondeu en Galicia a agricultores que fixeron investimentos e se acolleran a programas de mellora da estrutura das súas explotacións antes do 15 de maio de 2004, que supoñen o 43,94% das peticións aceptadas.

Cadro 2.8.

**SOLICITUDES DE RESERVA NACIONAL DO RPU ACEPTADAS E RECIBIDAS POR PROVINCIA**

| CÓDIGO | | A CORUÑA | | LUGO | | OURENSE | | PONTEVEDRA | | GALICIA | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | Nº | % | Nº | % | Nº | % | Nº | % | Nº | % |
| A.1 | | 1 | 50,00 | 1 | 50,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 2 | 0,07 |
| A.2 | | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| A.3 | A.3.1 | 185 | 36,27 | 302 | 59,22 | 9 | 1,76 | 14 | 2,75 | 510 | 17,67 |
| | A.3.2 | 136 | 20,30 | 409 | 61,04 | 109 | 16,27 | 16 | 2,39 | 670 | 23,22 |
| | A.3.3 | 487 | 38,41 | 594 | 46,85 | 95 | 7,49 | 92 | 7,26 | 1.268 | 43,94 |
| | A.3.4 | 9 | 23,68 | 15 | 39,47 | 8 | 21,05 | 6 | 15,79 | 38 | 1,32 |
| A.4 | | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 1 | 100,00 | 1 | 0,03 |
| A.5 | | 3 | 33,33 | 2 | 22,22 | 0 | 0,00 | 4 | 44,44 | 9 | 0,31 |
| B | | 57 | 23,65 | 79 | 32,78 | 78 | 32,37 | 27 | 11,20 | 241 | 8,35 |
| C | | 31 | 21,09 | 71 | 48,30 | 29 | 19,73 | 16 | 10,88 | 147 | 5,09 |
| D | | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 | 0 | 0,00 |
| ACEPTADAS | | 909 | 31,50 | 1.473 | 51,04 | 328 | 11,37 | 176 | 6,10 | 2.886 | 100,00 |
| RECIBIDAS | | 2.648 | 31,39 | 4.568 | 54,14 | 806 | 9,55 | 415 | 4,92 | 8.437 | 100,00 |
| % ACEP./RECIBIDAS | | 34,32 | - | 32,24 | - | 40,69 | - | 42,41 | - | 34,20 | - |

O seguinte motivo é o relativo á compra de dereitos de prima de vaca nutriz ou de ovino cabrún (23,22%).

Sumando todos os conceptos relacionados coa realización de investimentos antes do 15/05/2004, esta circunstancia motivou o 84,83% das solicitudes da reserva aceptadas. Os novos agricultores e os agricultores mozos deron lugar a un 8,35% e 5,09% das solicitudes aceptadas.

## e) Asignación definitiva de dereitos do RPU

Remitida toda a información sobre solicitudes de adhesión ao réxime, solicitudes de axudas do RPU, alegacións presentadas e solicitudes da Reserva Nacional, por parte do FOGGA e do resto das Comunidades Autónomas ao Fondo Español de Garantía Agraria, este organismo, a finais de novembro de 2006, procedeu aos cálculos e axustes dos importes aos límites establecidos no anexo VIII do Regulamento 1782/2003.

Decidiuse non aplicar coeficientes redutores de axuste ao dito anexo, e tamén baixar do 3% ao 0,8% a cantidade a reter aos agricultores para dotar a reserva nacional de dereitos de pagamento único.

Os beneficiarios da asignación definitiva de dereitos do RPU por Comunidade Autónoma a finais de 2006 eran os indicados no cadro 2.9.

Cadro 2.9.

## BENEFICIARIOS DO RÉXIME DE PAGO ÚNICO

| COMUNIDADE AUTÓNOMA | BENEFICIARIOS CON ASIGNACIÓN INICIAL DE DEREITOS DEFINITIVOS | BENEFICIARIOS CON ASIGNACIÓN DE DEREITOS DA RESERVA NACIONAL | TOTAL DE BENEFICIARIOS CON ASIGNACIÓN DE DEREITOS DE PAGO ÚNICO |
|---|---|---|---|
| Andalucía | 265.205 | 6.389 | 266.210 |
| Aragón | 51.741 | 2.240 | 52.230 |
| Asturias | 13.131 | 724 | 13.215 |
| Baleares | 5.726 | 159 | 5.788 |
| Cantabria | 5.503 | 232 | 5.557 |
| Castilla La Mancha | 132.089 | 2.970 | 132.550 |
| Castilla-León | 99.539 | 4.220 | 99.913 |
| Cataluña | 53.796 | 500 | 53.972 |
| Extremadura | 73.747 | 5.078 | 74.475 |
| Galicia | 44.611 | 2.337 | 44.823 |
| Madrid | 7.667 | 172 | 7.726 |
| Murcia | 9.747 | 414 | 9.834 |
| Navarra | 18.661 | 549 | 18.735 |
| País Vasco | 11.617 | 330 | 11.683 |
| La Rioja | 6.995 | 164 | 7.027 |
| Valencia | 54.242 | 585 | 54.400 |
| TOTAL | 854.016 | 27.063 | 858.138 |

Galicia conta con 44.823 agricultores que teñen asignación de dereitos, o que supón o 5,22% dos 858.138 que corresponden a todo o Estado español, sendo Andalucía, con 266.210 (31,02%), a Comunidade Autónoma con maior número de beneficiarios do RPU.

No relativo á asignación da reserva nacional, corresponden a Galicia 2.337 agricultores, o 8,63% do total do Estado (27.063).

Cadro 2.10.

## ASIGNACIÓN DE DEREITOS DEFINITIVOS DO RÉXIME DE PAGAMENTO ÚNICO. DEREITOS E IMPORTES POR COMUNIDADE AUTÓNOMA (DATOS A 30/11/2006)

| COMUNIDADE AUTÓNOMA | DEREITOS | | IMPORTES | | VALOR MEDIO (€/ DEREITO) |
|---|---|---|---|---|---|
| | NÚMERO | % | EUROS | % | |
| Andalucía | 3.243.392 | 20,72 | 1.252.116.119,83 | 35,79 | 386,05 |
| Aragón | 1.311.527 | 8,38 | 297.388.242,53 | 8,50 | 226,75 |
| Asturias | 216.568 | 1,38 | 36.962.963,35 | 1,06 | 170,68 |
| Baleares | 88.337 | 0,56 | 15.522.381,08 | 0,44 | 175,72 |
| Cantabria | 137.724 | 0,88 | 25.487.185,06 | 0,73 | 185,06 |
| Castilla La Mancha | 2.867.508 | 18.31 | 422.255.664,13 | 12,07 | 147,26 |
| Castilla-León | 3.797.324 | 24,25 | 632.076.681,96 | 18,07 | 166,45 |
| Cataluña | 763.428 | 4,88 | 195.245.419,26 | 5,58 | 255,75 |
| Extremadura | 1.813.577 | 11,56 | 294.146.687,78 | 8,41 | 162,19 |
| Galicia | 334.456 | 2,14 | 106.088.466,46 | 3,03 | 317,20 |
| Madrid | 216.517 | 1.38 | 28.632.859,66 | 0,82 | 132.24 |
| Murcia | 93.006 | 0,59 | 27.537.981,11 | 0,79 | 296,09 |
| Navarra | 322.510 | 2,06 | 67.955.875,71 | 1,94 | 210,71 |
| País Vasco | 135.749 | 0,87 | 32.078.220,62 | 0,92 | 236,31 |
| La Rioja | 122.889 | 0,78 | 19.066.841,28 | 0,54 | 155,15 |
| Valencia | 192.294 | 1,23 | 46.036.135,36 | 1,32 | 239,40 |
| TOTAL | 15.656.806 | 100,00 | 3.498.597.725,18 | 100,00 | 223,46 |

No cadro 2.10 figura o resumo do número de dereitos e os importes por Comunidades Autónomas a 30 de novembro de 2006, aínda que o proceso de axustes da asignación continuou a partir desa data, debido á resolución de alegacións e a aplicación da cláusula de beneficio inesperado a produtores que venderon parte ou a totalidade da súa explotación durante o período de referencia ou en data non posterior ao 15 de maio de 2004.

### f) Comunicación da asignación definitiva aos agricultores

Por resolución do Fondo Galego de Garantía Agraria de 19 de decembro de 2006 acordouse a publicación dos datos correspondentes ás asignacións definitivas, aos agricultores da Comunidade Autónoma de Galicia, dos dereitos de pagamento único por explotación no marco da Política Agraria Común (DOG 27.12.2006).

Simultaneamente, remitiuse aos agricultores un comunicado persoal coa información correspondente aos dereitos asignados, asignándolles ademais unha clave persoal que lles permite, xunto co seu DNI/NIF/NIE, consultar na páxina web da Consellería do Medio Rural os seus dereitos de pagamento único. Nese comunicado resumíase a información relativa aos importes das liñas de cultivos, primas gandeiras e axudas ao sector lácteo, superficies forraxeiras e totais, importes totais e retencións para a reserva nacional, así como o resumo do número, tipo e importe dos dereitos definitivos e a súa identificación individual.

### g) Tipo e distribución provincial dos dereitos asignados

A asignación definitiva de dereitos de pagamento único a finais de decembro de 2006, distribuída por provincias, indícase no cadro 2.11.

Cadro 2.11.

**RÉXIME DO PAGAMENTO ÚNICO. RESUMO DA ASIGNACIÓN DEFINITIVA DE DEREITOS POR PROVINCIAS (DATOS A 31/12/2006)**

| | AGRICULTORES | NÚMERO DE DEREITOS INICIAIS | | | NÚMERO DE DEREITOS RESERVA | | IMPORTES (€) | | | €/ AGRICULTOR |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | NORMAL | ESPECIAL | RETIRADA | NORMAL | ESPECIAL | INICIAL | RESERVA | TOTAL | |
| A CORUÑA | 16.435 | 77.924 | 2.244 | 19 | 4.533 | 40 | 36.487.108,81 | 769.865,12 | 37.256.975,10 | 2.266,93 |
| LUGO | 15.829 | 140.537 | 5.093 | 29 | 12.440 | 91 | 45.934.433,90 | 1.760.598,53 | 47.695.033,93 | 3.013,14 |
| OURENSE | 6.447 | 56.849 | 513 | 68 | 3.467 | 58 | 9.597.672,55 | 783.901,55 | 10.381.574,51 | 1.610,30 |
| PONTEVEDRA | 6.112 | 28.469 | | 2 | | | | | | 1.759,63 |
| | | | 1.395 | | 600 | 15 | 10.603.793,03 | 151.088,94 | 10.754.881,91 | |
| TOTAL | 44.823 | 303.849 | 9.245 | 118 | 21.040 | 204 | 102.623.008,29 | 3.465.454,13 | 106.088.465,45 | 2.366,83 |

Nesta asignación o importe procedente da reserva nacional supón o 3,38% da asignación inicial en Galicia e o 3,83% na provincia de Lugo.

A provincia de A Coruña, con 16.435 agricultores (36,7%), e a de Lugo, con 47.695.033,93 euros (45,05%), concentran as cifras máis significativas nesta asignación de dereitos (cadro 2.12 e gráfico 2.1).

Cadro 2.12.

**DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DE AGRICULTORES E IMPORTES DE DEREITOS DE PAGAMENTO ÚNICO (DATOS A 31/12/2006)**

| PROVINCIA | AGRICULTORES | | IMPORTES | |
|---|---|---|---|---|
| | NÚMERO | % | EUROS | % |
| A CORUÑA | 16.435 | 36,70 | 37.256.975,10 | 35,10 |
| LUGO | 15.829 | 35,30 | 47.695.033,93 | 45,00 |
| OURENSE | 6.447 | 14,40 | 10.381.574,51 | 9,80 |
| PONTEVEDRA | 6.112 | 13,60 | 10.754.881,91 | 10,10 |
| GALICIA | 44.823 | 100,00 | 106.088.465,45 | 100,00 |

Gráfico 2.1.

**DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DE PRODUTORES E IMPORTES DE DEREITOS DE PAGAMENTO ÚNICO (Datos a 31-12-2006)**




No relativo ao tipo de dereitos pola súa orixe (asignación inicial ou reserva), e polas súas características, normal (a xustificar con superficies), especial (a xustificar con UGM) ou de retirada (a xustificar con terras retiradas do cultivo), a distribución indícase no cadro 2.13.

Cadro 2.13.

**RÉXIME DO PAGAMENTO ÚNICO. RESUMO DA ASIGNACIÓN DEFINITIVA DE DEREITOS POR TIPO (DATOS A 31/12/2006)**

| TIPO DE DEREITOS | | NÚMERO DE DEREITOS | IMPORTES (€) | | | €/DEREITOS |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | INICIAL | RESERVA | TOTAL | |
| A CORUÑA | NORMAL | 303.849 | 83.722.012,93 | 104.324,14 | 83.826.340,02 | 275,88 |
| | ESPECIAL | 9.245 | 17.160.006,60 | 16.076,29 | 17.176.082,89 | 1.857,88 |
| | RETIRADA | 118 | 24.144,15 | - | 24.144,15 | 204,61 |
| RESERVA | NORMAL | 21.040 | 1.678.584,04 | 2.976.055,66 | 4.654.639,77 | 221,23 |
| | ESPECIAL | 204 | 38.260,58 | 368.998,04 | 407.258,62 | 1.996,37 |
| TOTAL | | 334.456 | 102.623.008,30 | 3.465.454,13 | 106.088.465,45 | 317,20 |



É necesario ter en conta que dereitos normais inicialmente pasaron a ser dereitos da reserva nacional cando o seu importe inicial se incrementou en máis dun 20% por asignación de importes adicionais da reserva.

### h) Comparación da asignación provisional e definitiva de dereitos

No proceso de asignación de dereitos de pagamento único, desde os comunicados iniciais coa asignación provisional remitidos aos agricultores en Galicia en febreiro de 2006 até a asignación definitiva comunicada en decembro do mesmo ano, houbo unha evolución do número de agricultores e dos importes asignados que se resume no cadro 2.14.

Cadro 2.14.

### EVOLUCIÓN DA ASIGNACIÓN DE DEREITOS DE PAGAMENTO ÚNICO EN GALICIA (DATOS A 31/12/2006)

| PROVINCIA | COMUNICADOS ENVIADOS (ASIGNACIÓN PROVISIONAL) | | DEREITOS DEFINITIVOS ASIGNADOS | | VARIACIÓN | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | AGRICULTORES | | IMPORTES (€) | |
| | AGRICULTORES | IMPORTES (€) | AGRICULTORES | IMPORTES (€) | NÚMERO | % | EUROS | % |
| A CORUÑA | 24.740 | 35.138.656 | 16.435 | 37.256.975,10 | -8.270 | -33 | 2.072.833,10 | +6 |
| LUGO | 20.996 | 43.512.388 | 15.828 | 47.693.436,99 | -5.170 | -25 | 3.961.296,99 | +9 |
| OURENSE | 9.746 | 10.061.901 | 6.447 | 10.381.574,51 | -3.311 | -34 | 274.687,51 | +3 |
| PONTEVEDRA | 11.890 | 10.321.048 | 6.113 | 10.756.478,85 | -5.777 | -49 | 463.629,85 | +5 |
| TOTAL | 67.342 | 99.033.993 | 44.823 | 106.088.465,45 | -22.528 | -33 | 6.772.447,45 | +7 |

Aínda tendo en conta, como se ten indicado con anterioridade, que o procedemento de asignación non estaba pechado a 31 de decembro de 2006, pódense salientar algúns aspectos desta evolución.

a) Unha diminución do número de agricultores do 33,42% desde o inicio do período de referencia, ano 2000, até o ano 2006. Nalgúns casos isto corresponde a un abandono real do sector e mesmo dos medios de produción, pero noutros a explotación integrouse total ou parcialmente noutra, incrementando a dimensión produtiva desta última. Esta diminución é máis intensa en Pontevedra e menor en Lugo.

Condicionantes como a dimensión da explotación, as oportunidades de traballo noutros sectores, as condicións agroclimáticas ou a idade dos agricultores inflúen neste fenómeno.

b) Ese descenso do número de agricultores trae consigo que os dereitos asignados provisionalmente a eles non poidan serlles asignados definitivamente e pasen a dotar a reserva nacional de dereitos de pagamento único.

c) Por esa circunstancia, non foi necesario aplicar un coeficiente redutor aos importes dos restantes agricultores para axustar as cantidades a asignar aos importes totais asignados ao Estado Español no Anexo VIII do Regulamento 1782/2003.

d) Así mesmo, para dotar a reserva nacional unicamente se descontou aos importes correspondentes aos agricultores que solicitaron acollerse ao réxime de pagamento único un 0,8%, en lugar do 3% aplicado na asignación provisional.

e) A diminución deses descontos, unida á asignación de dereitos da reserva nacional, deu como resultado que, a pesar de existir un 33% de agricultores con asignación provisional que non solicitaron a asignación definitiva, o importe global dos dereitos asignados aos produtores galegos rexistrou un significativo incremento: de 99.033.993 euros na asignación provisional a 106.088.465 euros na asignación definitiva, o que supón un aumento do 7,12%. Neste aumento xogou un papel relevante a corrección do desfase nos pagos adicionais da prima láctea, que se logrou introducir na normativa relativa á reserva nacional de dereitos de pagamento único.

## 2.3.2. AXUDA DO RÉXIME DE PAGAMENTO ÚNICO CORRESPONDENTE A 2006

A xestión desta axuda fíxose no marco do Regulamento 1782/2003, do 29 de setembro, e de acordo coa convocatoria de axudas da Orde da Consellería do Medio Rural do 6 de febreiro de 2006 pola que se regula a concesión de dereitos a agricultores dentro do réxime de pagamento único e a aplicación, no 2006, deste e doutros réximes de axuda á agricultura e a gandaría así como a indemnización compensatoria.

## Presentación de solicitudes

Na tramitación de solicitudes de acordo coa Orde anterior participaron 14 entidades financeiras, no marco dos convenios asinados en 2002 co ILGGA (na actualidade FOGGA) co obxecto de facilitarlles aos agricultores a presentación destas solicitudes a través das sucursais das devanditas entidades na totalidade da Comunidade Autónoma.

As xestións nas que colaboraron estas entidades foron as seguintes, agrupadas nunha solicitude unificada PAC-2006:

1.- Admisión ao réxime do pagamento único.
2.- Axuda do réxime de pagamento único desligado da produción.
3.- Solicitude da reserva nacional do RPU.
4.- Axuda ligada por superficies de cultivos herbáceos (cereais, oleaxinosas, proteaxinosas, liño e retirada voluntaria da produción).
5.- Prima específica ás proteaxinosas.
6.- Axuda ligada en beneficio dos produtores de ovino-cabrún.
7.- Axuda ligada en beneficio dos produtores que manteñan vacas nutrices.
8.- Pagamentos adicionais ás vacas nutrices (Art. 69 R (CE) 1782/2003).
9.- Pagamentos adicionais no sector lácteo (Art. 69 R (CE) 1782/2003).
10.- Indemnización compensatoria.

O prazo de presentación de solicitudes foi do 15 de febreiro ao 15 de maio de 2006.

Previamente á apertura do prazo de presentación das solicitudes, o FOGGA remitiu aos produtores unha carta persoal informativa que incluía información da asignación provisional de dereitos do RPU, información sobre posibles alegacións a presentar, relación de entidades colaboradoras e axudas nas que participan, relación de parcelas da explotación declaradas en 2005, resumo de datos da explotación gandeira, requisitos a cumprir no marco da condicionalidade, documentación a xuntar para cada tipo de axuda solicitado e procedemento para a presentación de solicitudes.

Tamén previamente á apertura do prazo de solicitude, o FOGGA:

**a)** Desenvolveu unha aplicación informática para a súa utilización polas entidades financeiras colaboradoras para a captura de datos, impresión de solicitudes para asinaren os produtores e xeración dos ficheiros cos datos destes.

**b)** Impartiu cursos de formación ao persoal das entidades financeiras colaboradoras na tramitación.

**c)** Realizou reunións informativas coas Oficinas Agrarias Comarcais (O.A.C) da Consellería do Medio Rural.

Durante o período de solicitude os agricultores dirixíronse ás oficinas das entidades financeiras colaboradoras para preparar as solicitudes, e foron aquelas as que presentaron a documentación e ficheiros nas O.A.C. da Consellería, encargándose tamén de devolver, unha vez rexistrada, unha copia da solicitude ao agricultor.

No cadro 2.15 resúmense as solicitudes tramitadas por cada entidade, que alcanzaron un total de 49.327, o que supón un incremento de 1.248 (2,6%) sobre as solicitudes unificadas PAC-2005, que foran 48.079. Este incremento foi debido á incorporación do pagamento único e doutras axudas a este sistema de tramitación.

**Cadro 2.15.**

## ENTIDADES FINANCEIRAS COLABORADORAS NA SOLICITUDE ÚNICA PAC-IC-2006

| BANCO | SOLICITUDES | PORCENTAXE |
|---|---|---|
| BANCO BILBAO VIZCAYA | 3.912 | 7,93% |
| BANCO ESPAÑOL DE CRÉDITO | 5.872 | 11,90% |
| BANCO POPULAR ESPAÑOL | 43 | 0,09% |
| BANCO SANTANDER CENTRAL HISPANO | 1.742 | 3,53% |
| BANCO DE GALICIA | 1.413 | 2,86% |
| BANCO ETCHEVERRÍA | 78 | 0,16% |
| BANCO GALLEGO | 1.209 | 2,45% |
| BANCO PASTOR | 4.887 | 9,91% |
| BANCO SIMEÓN | 133 | 0,27% |
| CAJA DE AHORROS Y PENS. DE BARCELONA | 517 | 1,05% |
| CAIXA GALICIA | 20.510 | 41,58% |
| CAIXA RURAL GALLEGA | 2.521 | 5,11% |
| CAIXANOVA | 6.456 | 13,09% |
| CAJA RURAL P. ZAMORA | 34 | 0,07% |
| TOTAL | 49.327 | 100,00% |

### Recepción de solicitudes

Realizouse, preferentemente, nas O.A.C. da Consellería, nos formularios impresos establecidos e, á vez, en ficheiros informáticos para o seu tratamento e integración automatizada na base de datos de xestión integrada de axudas a través da rede de comunicación da Xunta de Galicia, previa comprobación da súa concordancia coa información impresa recibida.

Tanto a recepción das solicitudes como o resto da xestión efectuouse de acordo co Manual de procedemento establecido pola Dirección do FOGGA.

En relación co réxime de pagamento único, recibíronse solicitudes de adhesión ao réxime do pagamento único e solicitudes de pago de axudas do RPU. O primeiro grupo corresponde a solicitantes con dereitos asignados que son agricultores e que se acollen ao réxime, solicitando ou non a axuda en 2006. O segundo grupo son agricultores que, ademais de acollerse ao réxime, solicitan axuda pola súa actividade agraria en 2006.

No cadro 2.7 indícanse as solicitudes de ambos tipos recibidas en Galicia en 2006, e o número total de dereitos distribuídos por provincias. Praticamente a totalidade dos agricultores (o 99,86%) que solicitaron acollerse ao réxime de pagamento único tamén solicitaron a axuda nese ano.

As superficies declaradas por 42.434 agricultores de Galicia para xustificación dos dereitos de pagamento único ascenderon a 546.534,55 has, distribuídas en 1.611.202 recintos SIXPAC, cunha media de 0,34 ha por recinto e 12,88 ha por expediente, segundo se indica no cadro 2.16.

Así mesmo, para a xustificación de dereitos especiais, baseados en UGM, 7.335 produtores declararon un total de 126.532,53 UGM, de acordo coa distribución provincial que se reflicte no cadro 2.17.

Cadro 2.16.

## SOLICITUDES DE PAGAMENTO ÚNICO BASEADO EN SUPERFICIES. SUPERFICIES DECLARADAS. (CAMPAÑA 2006)

| PROVINCIA | EXPEDIENTE | DEREITOS | RECINTOS/ PARCELAS | SUPERFICIE (HECTÁREAS) | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | TOTAL | HAS./ EXP. | HAS./ RECINTO |
| A CORUÑA | 15.659 | 82.832,40 | 400.560 | 144.946,60 | 9,26 | 0,36 |
| LUGO | 14.895 | 162.565,63 | 699.983 | 259.092,18 | 17,39 | 0,37 |
| OURENSE | 6.300 | 62.318,15 | 279.673 | 86.377,78 | 13,71 | 0,31 |
| PONTEVEDRA | 5.580 | 22.586,31 | 231.182 | 56.117,99 | 10,06 | 0,24 |
| GALICIA | 42.434 | 330.302,49 | 1.611.398 | 546.534,55 | 12,88 | 0,34 |

Cadro 2.17.

## SOLICITUDES DE PAGAMENTO ÚNICO BASEADAS EN UGM

| PROVINCIA | EXPEDIENTES | DEREITOS ESPECIAIS | | |
|---|---|---|---|---|
| | | NÚMERO | UGM | UGM 2006 |
| A CORUÑA | 1.896 | 2.070 | 28.061,21 | 31.982,26 |
| LUGO | 3.772 | 4.768 | 78.653,11 | 92.241,36 |
| OURENSE | 497 | 529 | 5.776,63 | 5.361,94 |
| PONTEVEDRA | 1.170 | 1.295 | 14.041,58 | 14.844,76 |
| GALICIA | 7.335 | 8.662 | 126.532,53 | 144.430,32 |



### Plans de control

No marco dos “plans nacionais de controis” de axudas por superficies e axudas gandeiras redactados polo FEGA, o FOGGA estableceu os plans de controis administrativos e sobre o terreo das axudas por superficies e superficies forraxeiras e da indemnización compensatoria (punto 3.1.3.1), así como os correspondentes a primas gandeiras na campaña 2006 (ver máis adiante: cadro 4.8).

Os resultados deses controis teñen repercusión tamén no pagamento único por explotación desligado da produción.

## Pagamento das axudas

De acordo co establecido no artigo 28 do Regulamento (CE) 1782/2003, do Consello, os pagos da axuda única por explotación desligada da produción efectuaranse no período comprendido entre o 1 de decembro do ano da solicitude, neste caso 2006, e o 30 de xuño do ano seguinte, 2007.

No cadro 2.18 figuran os pagos da axuda única de 2006 realizados polo FOGGA a finais de decembro de 2006, en cada provincia. Trátase dos importes transferidos aos produtores, unha vez descontado o 4% da axuda polo concepto de modulación.

Cadro 2.18.

### RÉXIME DE PAGAMENTO ÚNICO. CAMPAÑA 2006. IMPORTE DAS AXUDAS PAGADAS A 31/12/2006

| PROVINCIA | AGRICULTORES | | IMPORTES | |
|---|---|---|---|---|
| | NÚMERO | % | NÚMERO | % |
| A CORUÑA | 15.275 | 38,01 | 31.289.864,91 | 36,56 |
| LUGO | 14.423 | 35,88 | 38.878.194,65 | 45,42 |
| OURENSE | 5.977 | 14,87 | 8.435.655,22 | 9,86 |
| PONTEVEDRA | 4.519 | 11,24 | 6.987.848,62 | 8,16 |
| GALICIA | 40.194 | 100,00 | 85.591.563,40 | 100,00 |

Nos cadros 2.19 e 2.20 indícanse os agricultores e pagos efectuados por dereitos xustificados con superficies e UGM, respectivamente.

Cadro 2.19.

### RÉXIME DE PAGAMENTO ÚNICO. CAMPAÑA 2006. PAGO DE AXUDAS BASEADAS NA SUPERFICIE A 31/12/2006

| PROVINCIA | AGRICULTORES | DEREITOS | SUPERFICIE DECLARADA (HA) | SUPERFICIE VALIDADA (HA) | AXUDA € |
|---|---|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 13.830 | 67.350,14 | 118.024,94 | 64.041,45 | 28.615.880,70 |
| LUGO | 11.709 | 130.931,82 | 193.537,07 | 127.808,96 | 29.746.585,30 |
| OURENSE | 5.582 | 51.460,60 | 69.676,32 | 49.082,17 | 8.091.911,16 |
| PONTEVEDRA | 3.750 | 19.425,25 | 34.905,17 | 17.418,63 | 5.650.379,24 |
| GALICIA | 34.871 | 269.167,81 | 416.143,50 | 258.351,21 | 72.104.756,40 |

Cadro 2.20.

## RÉXIME DE PAGAMENTO ÚNICO. CAMPAÑA 2006. PAGO DE AXUDAS BASEADAS NAS UGM A 31/12/2006

| PROVINCIA | AGRICULTORES | UGM PERÍODO DE REFERENCIA | UGM CAMPAÑA 2006 | DEREITOS ESPECIAIS | AXUDA € |
|---|---|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 1.743 | 24.826,16 | 30.057,34 | 2.319 | 2.673.984,21 |
| LUGO | 3.369 | 66.938,09 | 86.708,71 | 6.050 | 9.131.609,35 |
| OURENSE | 427 | 4.925,80 | 4.999,56 | 717 | 343.744,06 |
| PONTEVEDRA | 946 | 10.241,97 | 13.723,62 | 1.147 | 1.337.469,38 |
| GALICIA | 6.485 | 106.932,02 | 135.489,23 | 10.232 | 13.486.807,00 |

A finais de 2006 (dentro, pois, do primeiro mes dos 7 que establece a normativa comunitaria) tiñan percibido en Galicia a axuda do pagamento único 40.194 agricultores dos 45.442 que a solicitaran, o que supón o 88,45% do total de solicitantes. O resto dos agricultores, con expedientes pendentes por algún tipo de documentación ou trámite a completar, deberán percibir a axuda, no caso de que finalmente teñan dereito a ela, antes do 30 de xuño de 2007.

Do total de pagamentos efectuados, 85.591.563,40 euros, 72.104.756,40 euros (84,24%) pagáronse en función da superficie da explotación que cumpría as condicións para percibir o pagamento único, independentemente da actividade produtiva efectuada nas terras, e 13.486.807,00 euros (15,76 %) abonáronse en función das UGM da explotación en 2006, por corresponderse con dereitos especiais dos produtores xustificados con gando vacún, ovino e cabrún.

No Mapa nº 1 figura a distribución por concellos do pagamento único por explotación, desligado da produción, abonado en 2006. Pode observarse que en 23 concellos os pagos percibidos superaron o millón de euros, mentres que, no extremo contrario, en 32 municipios estas axudas non superan os mil euros.

MAPA Nº1



## 2.3.3. MODULACIÓN. APLICACIÓN ÁS AXUDAS DA CAMPAÑA 2005

De acordo co indicado no apartado 2.1.4 desta Memoria, a todos os pagos de axudas directas da PAC efectuados en 2006 que correspondían á campaña 2005 aplicóuselles unha redución do 3% en concepto de modulación, da mesma maneira que aos pagos desa campaña feitos dentro do ano 2005.

Cadro 2.21.

**DISTRIBUCIÓN DAS AXUDAS DIRECTAS DA PAC SEGUNDO A CUANTÍA DOS PAGOS TOTAIS POR AGRICULTOR. GALICIA CAMPAÑA 2005**

| €/AGRICULTOR | AGRICULTORES | | AXUDAS | |
|---|---|---|---|---|
| | NÚMERO | % | IMPORTE (€) | % |
| MÁIS DE 25.000 | 254 | 0,5 | 9.161.758,57 | 6,9 |
| DE 10.000 A 25.000 | 2.185 | 4,0 | 31.670.913,51 | 23,9 |
| DE 5.000 A 10.000 | 4.970 | 9,2 | 34.315.512,15 | 25,9 |
| DE 2.500 A 5.000 | 8.314 | 15,4 | 29.456.819,66 | 22,2 |
| DE 1.000 A 2.500 | 11.187 | 20,7 | 18.682.073,21 | 14,1 |
| DE 500 A 1.000 | 7.180 | 13,3 | 5.193.700,24 | 3,9 |
| DE 250 A 500 | 7.524 | 13,9 | 2.670.107,60 | 2,0 |
| DE 100 A 250 | 7.239 | 13,4 | 1.210.014,86 | 0,9 |
| MENOS DE 100 | 5.252 | 9,7 | 318.129,72 | 0,2 |
| TOTAL | 54.105 | 100,0 | 132.679.029,52 | 100,0 |

Gráfico 2.2.






Rematado, o 30 de xuño de 2006, o prazo normal para os pagos da campaña 2005 de todas as liñas de axuda (superficies, prima láctea, ovino-cabrún, nutrices, prima especial de vacún, prima por sacrificio, etc.), eses pagos beneficiaron en Galicia a un total de 54.105 agricultores, e a súa cuantía, antes de descontar o 3% da modulación, ascendeu a 132.679.029,52 euros, coa distribución en función do importe percibido que se indica no cadro 2.21.

Do total de 54.105 perceptores, só 7.409 (o 13,7%) recibiron uns pagos directos superiores a 5.000 €, pero estes concentran o 56,7% do total de axudas (75.148.184,23 € sobre un total de 132.679.029,52). Ao resto de agricultores, 46.697 (o 86,3%), correspondeulles menos de 5.000 € anuais, sumando un total de 57.530.845,29.

O importe global da modulación descontada en 2005 en Galicia foi inicialmente de 3.980.370,89 euros. Pero posteriormente realizouse un pagamento adicional de 2.837.268,55 euros, ao abonar as cantidades descontadas inicialmente que correspondían aos primeiros 5.000 euros de axuda de cada produtor. Deste modo, o desconto derivado da modulación limitouse finalmente a 1.143.102,34 €, recaíndo sobre o 13,7% de agricultores que percibiron máis de 5.000 euros de axuda ese ano.

O pagamento adicional aos produtores, que se inclúe na aplicación da modulación, equivaleu para os pagos da campaña 2005 ao 3% do total dos pagamentos recibidos no caso de produtores con axuda total igual ou inferior a 5.000 €, e a 150 € (o 3% dos primeiros 5.000 € de axuda) no caso de pagamentos totais superiores. Todo iso sempre que o importe total dos pagamentos adicionais non supere o máximo establecido para o Estado Español, situación que se cumpriu na dita campaña, polo que non houbo que aplicar ningún coeficiente reductor do pago.

Cadro 2.22.

**Nº EXPEDIENTES E IMPORTES DO PAGAMENTO ADICIONAL DA MODULACIÓN POR PROVINCIAS. CAMPAÑA 2005**

| PROVINCIA | NÚMERO DE EXPEDIENTES | IMPORTES DE AXUDAS (€) |
|---|---|---|
| A CORUÑA | 19.333 | 947.746,96 |
| LUGO | 17.222 | 1.304.050,42 |
| OURENSE | 7.310 | 318.297,12 |
| PONTEVEDRA | 10.240 | 267.174,05 |
| GALICIA | 54.105 | 2.837.268,55 |

O total de importes devoltos aos agricultores como pagamento adicional da modulación de 2005, que foron abonados antes do 30 de setembro de 2006, ascendeu, como xa se dixo, a 2.837.268,55 euros, distribuídos entre provincias de acordo co indicado no cadro 2.22.

Tendo en conta a escasa cuantía das axudas derivadas da PAC que perciben en Galicia a maioría dos agricultores, o importe deste pago adicional, que como máximo é de 150 euros, foi tamén na maioría dos casos moi reducido. De feito, para uns 16.000 produtores non superou os 10 euros, para uns 9.000 foi inferior a 5 euros e en 469 casos non chegou a un euro (cadro 2.23).

Estamos, pois, ante un aspecto que debería ser abordado dentro do proceso de simplificación da PAC que a Comisión Europea afirma querer impulsar.

Cadro 2.23.

## IMPORTES DO PAGO ADICIONAL POR MODULACIÓN. GALICIA CAMPAÑA 2005

| €/PRODUTOR | PRODUTORES | | IMPORTE | |
|---|---|---|---|---|
| | NÚMERO | % | EUROS | % |
| > 0 E < =1 | 469 | 0,87 | 227,63 | 0,01 |
| > 1 E < =5 | 8.393 | 15,51 | 23.137,21 | 0,82 |
| > 5 E < =10 | 7.113 | 13,15 | 52.766,25 | 1,86 |
| > 10 E < =25 | 9.257 | 17,11 | 151.822,93 | 5,35 |
| > 25 E < =50 | 7.844 | 14,50 | 286.228,75 | 10,09 |
| > 50 E < =100 | 9.070 | 16,76 | 654.377,47 | 23,06 |
| > 100 E < =150 | 11.959 | 22,10 | 1.668.708,31 | 58,81 |
| TOTAIS | 54.105 | 100,00 | 2.837.268,55 | 100,00 |

No Mapa Nº 2 figura a distribución por concellos do pagamento adicional da modulación correspondente á campaña 2005. Esta distribución xeográfica non fai senón enfatizar a idea xa exposta: estamos ante un mecanismo que implica unha forte carga de xestión, para unhas cuantías económicas de moi escasa magnitude. De feito, unicamente en 9 concellos, dos 315 existentes en Galicia, a cuantía global destes pagamentos adicionais superou os 40.000 €, mentres que en 55 concellos non chegou aos 500 euros.

MAPA Nº2



## 2.3.4.CONDICIONALIDADE

O FOGGA estableceu para a Comunidade Autónoma de Galicia o correspondente "Plan de controis de condicionalidade para o ano 2006", dentro do ámbito do Plan de controis de condicionalidade para o ano 2006 redactado polo FEGA, para velar polo cumprimento dos requisitos legais de xestión e das boas práticas agrarias e medioambientais.

### 2.3.4.1.COMPETENCIAS E ACTUACIÓNS

O cumprimento da condicionalidade no ano 2006 verificouse por medio de controis de campo, existindo diferentes organismos de control competentes.

Coa entrada en vigor do Decreto 594/2005 do 29 de decembro (D.O.G. 17.1.2006) da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, distribúense as competencias na aplicación e control da condicionalidade entre o FOGGA, a Consellería do Medio Rural e a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

O artigo 88.2 da Orde da Consellería do Medio Rural do 6 de febreiro de 2006 faculta ao FOGGA como órgano de control do ámbito das Boas Condicións Agrarias e Medioambientais.

Para a realización dos controis de campo estableceuse unha metodoloxía de coordinación e control entre os diferentes organismos competentes. Entre as actuacións desenvolvidas neste senso cabe destacar: a elaboración de actas de control, os informes de control e instrucións de campo específicas, así como protocolos para o envío da información obtida entre os diferentes organismos de control e o FOGGA.

### 2.3.4.2.SELECCIÓN DA MOSTRA E CONTROIS DE CAMPO

A selección de agricultores que terían que someterse a control efectuouse en base a unha análise de riscos con arranque aleatorio, sobre a mostra de explotacións elexidas para controis de admisibilidade. O valor asignado a cada agricultor estableceuse en función dos actos e normas a aplicar de acordo coas seguintes características da súa explotación:

· **Superficies:** que posúan parcelas e pendente das mesmas, que as dedique a COPL ou pastos permanentes, ou que se atope en Rede Natura 2000, ou que empregue lodos de depuradora en agricultura.
· **Gandaría:** numero de UGM e tipo de gando.
· **Outros:** existencia de denuncias debidamente documentadas, incumprimentos no ano 2005, explotacións con axudas superiores a determinados importes e agricultores con dereitos especiais de pagamento único.

O numero de agricultores seleccionados foi de 540. No cadro seguinte especifícanse o numero destes agricultores que corresponden a cada organismo competente de control .

**Cadro 2.24.**

**CONTROIS CORRESPONDENTES A CADA ORGANISMO**

| ORGANISMO COMPETENTE | A CORUÑA | LUGO | OURENSE | PONTEVEDRA | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| SUBDIRECCIÓN XERAL DE GANDARÍA | 146 | 154 | 43 | 58 | 501 |
| SUBDIR. XERAL DE PROD. AGRARIA SUSTENTABLE E FOMENTO ASOCIATIVO | 154 | 156 | 56 | 173 | 539 |
| FOGGA | 154 | 156 | 56 | 173 | 539 |
| DIRECCIÓN XERAL DE CONSERVACIÓN DA NATUREZA | 154 | 156 | 56 | 173 | 539 |

No exercicio das tarefas asignadas, como organismo de control competente en materia de condicionalidade respecto ao ámbito das boas condicións agrarias e medioambientais (BCAM), o FOGGA realizou controis de campo a 539 agricultores.

A partir das avaliacións dos incumprimentos realizadas polos organismos de control competentes, segundo os criterios de gravidade, alcance, persistencia e repetición, establecidos na normativa comunitaria e estatal, procedeuse a aplicar as correspondentes reducións dos importes das axudas.

Por outra banda, e conforme co establecido no plan de controis da condicionalidade na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, levouse a cabo unha supervisión de 27 expedientes, que representan o 5% do total, con respecto aos traballos de campo e a elaboración das actas de control.

#### 2.3.4.3. DIVULGACIÓN

Dentro das competencias asignadas ao FOGGA na aplicación da condicionalidade, inclúense as labores de divulgación das obrigas do agricultor para cumprir as boas condicións agrarias e medioambientais e os requisitos legais de xestión, en colaboración cos restantes organismos de control competentes. Con tal fin adxuntouse ao comunicado de solicitude da PAC a listaxe de elementos de control para o ano 2006, realizáronse reunións con diferentes organizacións e asociacións e impartiuse un curso na Escola Galega de Administración Pública (EGAP) cunha duración de 14 horas.

# 3

# Actuacións en Producións

## Agrícolas

Memoria de actividades

2006

# Actuacións en Producións Agrícolas

# 3.1. Cereais e outros Cultivos Herbáceos

## 3.1.1. MARCO COMUNITARIO DE APOIO AO SECTOR

Co réxime de apoio a este sector trátase de garantir o nivel de renda aos produtores de determinados cultivos herbáceos mediante uns pagos por superficie ligados a determinadas producións, na forma dunha axuda por hectárea.

Inclúense as producións de cereais, oleaxinosas (xirasol, soia, colza) e proteaxinosas (chícharos, faballóns e tremoceiros doces).

No caso dos cereais, oleaxinosas e proteaxinosas, como elementos básicos da regulación establécese:

a) Un plan de rexionalización produtiva no que están fixados, para cada rexión de produción, os rendementos en toneladas por hectárea que serven de base para o cálculo dos pagos por superficie.
b) Unhas superficies de base que limitan as superficies por Estado membro para as que se conceden pagos por superficie e que, á súa vez, no Estado Español están distribuídas entre as Comunidades Autónomas.

Existen as seguintes axudas con repercusión na Comunidade Autónoma de Galicia:

· Pagos por superficie de cultivos herbáceos (cereais, oleaxinosas e proteaxinosas).
· Prima específica ás proteaxinosas.
· Axuda á utilización de amidón e fécula de pataca.

## 3.1.2. RESUMO DAS NORMAS APLICABLES NA CAMPAÑA 2006-2007

### a) Réxime de pagos por superficie ligados á produción

No plan de rexionalización produtiva de Galicia contémplanse, segundo as comarcas, tres rendementos en secaño: 3,2, 3,7 e 4,1 toneladas por hectárea.

No caso do millo regadío o rendemento aplicable é de 5,5 toneladas por hectárea na totalidade da Comunidade Autónoma.

As superficies de base para a campaña son as seguintes para Galicia e España:

**Cadro 3.1.**

**SUPERFICIES DE BASE**

| | SUPERFICIE (HAS.) | | G/E % |
|---|---|---|---|
| | GALICIA | ESPAÑA | |
| SECAÑO | 75.339 | 7.849.024 | 0,96 |
| REGADÍO (TOTAL) | 2.000 | 1.371.094 | 0,15 |
| MILLO REGADÍO | 500 | 403.360 | 0,12 |

Coa introdución do pago único en España no ano 2006, e tendo en conta que España optou por ligar á produción destes cultivos o máximo permitido, o 25% do importe básico da axuda anterior, o novo importe básico pode ser de até 15,75 €/ton, que foi a cantidade efectivamente pagada na campaña 2006 (a contía exacta determínase cada ano en función dos límites orzamentarios establecidos para o Estado Español e as solicitudes recibidas, de acordo co artigo 66 do Regulamento (CE) 1782/2003, do Consello). O importe do pagamento por hectárea é o resultado de multiplicar o importe básico polo rendemento que hai que aplicar en cada rexión de produción, polo que as axudas variaron de 50,4 a 86,63 euros/hectárea.

No caso das proteaxinosas existe unha prima específica adicional de 55,57 €/ha, independentemente do rendemento da rexión.

Os produtores que soliciten pagos ligados por superficies de cereais, oleaxinosas e proteaxinosas poden retirar voluntariamente da produción unha porcentaxe da superficie pola que solicitan pagos para eses cultivos. A porcentaxe de retirada voluntaria de terras na campaña 2006/2007 foi do 10%.

As superficies retiradas voluntariamente da produción benefícianse tamén do pago ligado sempre que cumpran as condicións de período mínimo, tamaño e práticas culturais esixidas. Esas parcelas permiten xustificar simultaneamente dereitos normais para o pago único, pero non os dereitos de retirada.

### b) Axuda á utilización de amidón e fécula.

Os amidóns e féculas producidas en terceiros países poden ser importados con dereitos reducidos, ao non estaren incluídos entre os produtos para os que o réxime de importación comunitario garante unha protección suficiente. Polo tanto, os amidóns e féculas producidas na UE, no marco das normas da Organización Común de Mercado, non poderán competir cos importados, de non preverse un réxime de compensación suficiente.

En consecuencia, concédeselles unha subvención ás industrias que utilizan amidóns de millo, trigo, arroz, fécula de pataca ou produtos derivados dos anteriores para a fabricación de produtos finais, entre os que se atopan os papeis e cartóns. As industrias utilizadoras de amidón ou fécula interesadas en se beneficiaren destas subvencións, deberán ser previamente recoñecidas como “fabricantes autorizados”.

## 3.1.3. RESULTADOS DA XESTIÓN

### 3.1.3.1. PAGOS LIGADOS POR SUPERFICIES E DECLARACIÓN DE SUPERFICIES FORRAXEIRAS

A xestión destes pagos realizouse no marco do Regulamento 1782/2003, do 29 de setembro, do Consello, que inclúe un sistema integrado de xestión e control de determinados réximes de axuda comunitarios, e de acordo coa convocatoria de axudas da Orde do 6 de febreiro de 2006 pola que se regula a concesión de dereitos a agricultores dentro do réxime de pagamento único e a aplicación, no 2006, deste e doutros réximes de axuda directa á agricultura e gandaría así como a indemnización compensatoria. Aínda que no caso de herbáceos a xestión corresponde á campaña de comercialización 2006/2007, para simplificar en diante indicarase campaña 2006.

Para a presentación das solicitudes contouse coa colaboración de entidades financeiras, de acordo co indicado no punto 2.3.2 (cadro 2.15) desta memoria, no prazo do 15 de febreiro ao 15 de maio de 2006.

Nas solicitudes de axuda por superficie decláranse todas as parcelas da explotación coas súas referencias SIXPAC .

Previamente á apertura do prazo de presentación das solicitudes, remitíuselles aos produtores unha carta persoal informativa que incluía, entre outra información, os recintos SIXPAC correspondentes ás refe-

rencias catastrais das parcelas declaradas na campaña 2005 para facilitarlles a solicitude no ano 2006, a documentación complementaria necesaria e a relación de entidades colaboradoras na tramitación.

Durante o período de solicitude, os produtores diríxense ás oficinas das entidades financeiras para preparar as solicitudes e son aquelas as que presentan solicitudes e ficheiros nas Oficinas Agrarias Comarcais da Consellería, encargándose tamén de devolver, unha vez rexistrada, unha copia da solicitude ao produtor.

No cadro 3-2 resúmense, por provincias, os expedientes con axudas por superficies e declaración de superficies forraxeiras recibidas en 2006, indicando recintos/parcelas e superficies.

Cadro 3.2.

SOLICITUDE DE AXUDAS POR SUPERFICIES E DECLARACIÓN DE SUPERFICIES FORRAXEIRAS. CAMPAÑA 2006

| PROVINCIA | EXPEDIENTE | RECINTOS/ PARCELAS | SUPERFICIE (HECTÁREAS) | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | TOTAL | HAS./ EXPEDIENTE | HAS./ RECINTO |
| A CORUÑA | 16.308 | 411.357 | 149.210,58 | 9,15 | 0,36 |
| LUGO | 15.509 | 716.496 | 266.433,82 | 17,20 | 0,37 |
| OURENSE | 6.690 | 290.335 | 89.478,08 | 13,37 | 0,31 |
| PONTEVEDRA | 5.980 | 241.553 | 59.035,13 | 9,87 | 0,24 |
| GALICIA | 44.487 | 1.659.741 | 564.157,61 | 12,68 | 0,34 |

A recepción das solicitudes realízase, preferentemente, nas Oficinas Agrarias Comarcais da Consellería, nos formularios impresos establecidos e, á súa vez, en ficheiros informáticos para o seu tratamento e integración automatizada na base de datos de xestión integrada de axudas a través da rede de comunicación da Xunta de Galicia, previa comprobación da súa concordancia coa información impresa recibida.

Tanto a recepción das solicitudes como o resto da xestión realizouse de acordo co Manual de Procedemento establecido pola Dirección do FOGGA.

## Plans de control

No marco do plan nacional de controis de axudas por superficie redactado polo FEGA, o FOGGA estableceu o plan de controis administrativos e sobre o terreo das axudas por superficies e superficies forraxeiras e da Indemnización Compensatoria na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

O control administrativo inclúe, entre outros aspectos, o cruzamento das parcelas declaradas e superficies entre si e cos datos existentes no SIXPAC, co fin de asegurar que a referencia identificativa existe e que para unha mesma superficie non se concede máis dunha axuda.

Como consecuencia destes cruzamentos remitíronse, no ano 2006, 10.411 comunicacións a produtores coa finalidade de que puidesen xustificar, se era o caso, o motivo das incoherencias rexistradas. Este número de comunicacións significou unha diminución do 4,48% respecto ás habidas no ano 2005 polo mesmo motivo.

Por outra banda, en función dos resultados dos controis de anos anteriores e do número de solicitudes recibidas en 2006, realizouse o control sobre o terreo de 3.589 produtores e 57 montes veciñais ou su-

perficies forraxeiras de uso en común, segundo se resume nos cadros 3-3 e 3-4, a fin de verificar que os cultivos e aproveitamentos e as superficies declaradas correspondían coas efectivamente existentes.

Cadro 3.3.

EXPLOTACIÓNS CON AXUDAS POR SUPERFICIES INSPECCIONADAS EN 2006

| PROVINCIA | Nº EXPLOTACIÓNS |
|---|---|
| A CORUÑA | 883 |
| LUGO | 796 |
| OURENSE | 354 |
| PONTEVEDRA | 1.556 |
| GALICIA | 3.589 |

Cadro 3.4.

SUPERFICIES FORRAXEIRAS DE USO COMÚN INSPECCIONADAS EN 2006

| PROVINCIA | MONTES VECIÑAIS |
|---|---|
| A CORUÑA | 0 |
| LUGO | 30 |
| OURENSE | 11 |
| PONTEVEDRA | 16 |
| GALICIA | 57 |

Para esta finalidade utilizouse a información das solicitudes, a información alfanumérica e gráfica correspondente ao SIXPAC e aplicacións informáticas para a xestión da información e a elaboración de plans a utilizar nas visitas ao campo, para a realización de informes e actas de control cos resultados destes.

Contouse para este traballo, por unha parte, coa colaboración do Sistema de Información Territorial de Galicia (SITGA), de acordo co convenio asinado para ese efecto entre o FOGGA e a Sociedade Anónima para o Desenvolvemento Comarcal de Galicia, e, por outra, coa de tres empresas de servizos contratadas, mediante o correspondente concurso, nas catro provincias de Galicia.

### Superficies validadas e axudas

Despois de incorporar os resultados dos controis ás bases de datos, as superficies de cultivos herbáceos que se validaron para os efectos de percibir as axudas por cultivos herbáceos ascenderon a 78.528,16 has. de secaño e 710,11 has. de regadío (cadro 3-5).

Cadro 3.5.

GRUPOS DE CULTIVO E SUPERFICIES VALIDADAS EN AXUDAS LIGADAS. CAMPAÑA 2006

| | SECAÑO | REGADÍO | TOTAL |
|---|---|---|---|
| MILLO | 58.747,69 | 681,39 | 59.429,08 |
| OUTROS CEREAIS | 19.672,49 | 27,39 | 19.699,88 |
| RETIRADA VOLUNTARIA | 60,41 | 1,33 | 61,74 |
| OUTROS PRODUTOS | 47,57 | 0,00 | 47,57 |
| TOTAL | 78.528,16 | 710,11 | 79.238,27 |

A superficie de secaño superou en 3.189,16 has a superficie de base de Galicia, que ascende a 75.339 has, o que supón un 4,23% en termos relativos, pero non houbo necesidade de lles reducir as axudas aos produtores porque non se superou a superficie de base de secaño do Estado español.

A superficie de millo en regadío ascendeu a 681,39 has, que supera en 181,39 has a superficie de base de Galicia, que é de 500 has, pero non houbo necesidade de lles reducir as axudas aos produtores porque tampouco se superou a superficie de base de regadío do Estado español

A maior parte da superficie de cultivos herbáceos que percibe axudas ligadas en Galicia corresponde a millo en secaño, 58.747,69 has, o que supón un 74,14% do total, a outros cereais en secaño dedícanse 19.672,49 has (24,83%) e o resto a outros cultivos.

Por outro lado, a percepción do pago único, así como a prima adicional a vacas nutrices, tamén está relacionada coa utilización de superficies forraxeiras, ben mediante pastoreo ou sega ou por aproveitamento mixto.

No cadro 3-6 resúmense os produtores que declararon superficies forraxeiras en cada provincia e as superficies forraxeiras validadas a estes. O maior número de produtores correspóndelle a Lugo,14.895 (36,93% do total de Galicia), case igual que na Coruña, e a maior parte da superficie corresponde tamén a Lugo (227.246,45 has, o 52,27% da de Galicia).

Neste cadro inclúese tamén a superficie forraxeira que non é de uso exclusivo dun produtor senón que se

trata de montes veciñais ou outras superficies que se utilizan en común por varios gandeiros e, para efectos de axuda, un produtor declara a parte proporcional que lle corresponde.

Cadro 3.6.

**PRODUTORES E SUPERFICIES FORRAXEIRAS VALIDADAS POR PROVINCIAS. CAMPAÑA 2006**

| PROVINCIA | PRODUTORES | SUPERFICIE (HECTÁREAS) |
|---|---|---|
| A CORUÑA | 14.811 | 99.891,55 |
| LUGO | 14.895 | 227.246,45 |
| OURENSE | 5.471 | 63.628,84 |
| PONTEVEDRA | 5.153 | 44.029,76 |
| GALICIA | 40.330 | 434.796,60 |

No cadro 3-7 resúmese, por provincias, a superficie forraxeira de uso en común validada, que foi declarada por produtores, que ascende a 72.062,73 hectáreas en toda a Comunidade Autónoma e que equivale ao 16,57% do total da superficie forraxeira validada. Un 84,88% desa superficie corresponde a pasto arbustivo ou pasto con arborado e un 15,12% a prados e pradерías; un 47,62% da superficie forraxeira de uso común está na provincia de Lugo e un 31,32% na de Ourense.

Para a declaración polos produtores das superficies de uso común é necesario que os responsables da xestión desa superficies (presidentes das comunidades de montes veciñais en man común e similares) emitan certificados a cada gandeiro relativos á superficie e usos que, proporcionalmente, lle corresponden en relación co resto dos gandeiros. Ademais, o responsable debe declarar as parcelas, superficie e tipo de pasto que se están a utilizar en común.

Cadro 3.7.

**SUPERFICIES FORRAXEIRAS (HAS.) DE USO COMÚN, VALIDADAS, DECLARADAS POLOS PRODUTORES, POR PROVINCIAS. CAMPAÑA 2006**

| PROVINCIA | PRADOS OU PRADERÍAS | PASTO ABUSIVO OU CON ARBOREDO | TOTAL SUPERFICIE |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 593,54 | 4.948,34 | 5.541,88 |
| LUGO | 9.718,38 | 24.599,63 | 34.317,99 |
| OURENSE | 448,44 | 22.120,01 | 22.568,45 |
| PONTEVEDRA | 133,63 | 9.500,78 | 9.634,41 |
| GALICIA | 10.893,97 | 61.168,76 | 72.062,73 |

No cadro 3-8 resúmense as superficies forraxeiras de uso común (montes) validadas en cada provincia, segundo o tipo de pasto, entre as declaradas por 1.033 responsables destas en Galicia.

Cadro 3.8.

**SUPERFICIES FORRAXEIRAS DE USO COMÚN(HAS.), VALIDADAS, DECLARADAS POLOS RESPONSABLES DOS MONTES, POR PROVINCIAS. CAMPAÑA 2006**

| PROVINCIA | Nº MONTES | PRADOS OU PRADERÍAS | PASTO ABUSIVO OU CON ARBOREDO | TOTAL SUPERFICIE |
|---|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 34 | 703,30 | 7.384,72 | 8.088,02 |
| LUGO | 536 | 11.002,37 | 38.136,63 | 49.139,00 |
| OURENSE | 339 | 1.068,56 | 87.582,45 | 88.651,01 |
| PONTEVEDRA | 124 | 210,92 | 26.124,48 | 26.335,40 |
| GALICIA | 1.033 | 12.965,15 | 159.228,28 | 172.213,43 |

As axudas por superficies de cultivos herbáceos pagadas correspondentes á campaña 2006 resúmense no cadro 3-9 por provincias, indicando o número de produtores, a superficie e o importe pagado. O total de axudas ascendeu a 4.267.721,85 €, o que significa 142,83 € por produtor para unha superficie media de 2,54 has por explotación.

Cadro 3.9.

**PRODUTORES, SUPERFICIES E AXUDAS LIGADAS, DE CULTIVOS HERBÁCEOS PAGADOS SEGUNDO PROVINCIAS. CAMPAÑA 2006**

| PROVINCIA | PRODUTORES | SUPERFICIE (HA) | AXUDA (€) |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 13.640 | 35.920,22 | 2.058.852,77 |
| LUGO | 6.429 | 18.595,88 | 1.004.484,43 |
| OURENSE | 5.264 | 15.529,66 | 853.363,13 |
| PONTEVEDRA | 4.546 | 5.948,97 | 351.021,52 |
| GALICIA | 29.879 | 75.994,73 | 4.267.721,85 |

Nesta campaña introducíronse algúns elementos da reforma da PAC de 2003, adicionais aos introducidos na campaña 2005, que determinaron unha diminución dos pagos ligados que se realizaron: o inicio do pago único, que supuxo que en 2006 só permanecera ligada aos cultivos herbáceos o 25% da axuda existente na campaña anterior, e o incremento da "modulación" das axudas, que significou en 2006 un 4% de redución en todos os pagamentos. En 2006 non foi preciso aplicar ningún

coeficiente de redución por sobrepasamento do límite orzamentario establecido para España en cultivos herbáceos.

No mapa 3 indícase a distribución por concellos da axuda por superficies pagada no ano 2006, podendo observar que en 18 concellos o conxunto de agricultores perciben máis de 100.000 euros, mentres que existen 17 concellos nos que non se ten percibido ningunha axuda deste tipo en 2006.

MAPA Nº 3




Ademais das superficies detalladas neste apartado con anterioridade, as declaracións de superficies para as axudas directas da PAC na campaña 2006 incluíron outras superficies complementarias, que figuran no cadro 3-10, válidas só para percibir o pago único (cereal cultivado en recintos SIX-PAC non elixibles para a axuda ligada, retirada obrigatoria de terras e barbeito) ou ben parcelas con produtos non subvencionables e declaradas exclusivamente para efectos do control da condicionalidade e da compatibilidade entre axudas.

Cadro 3.10.

**OUTRAS SUPERFICIES DECLARADAS. CAMPAÑA 2006**

| UTILIZACIÓN | SUPERFICIE (HA) |
|---|---|
| CEREAL SEN AXUDA LIGADA | 520,45 |
| RETIRADA OBRIGATORIA DE TERRAS | 125,28 |
| BARBEITO | 884,75 |
| FORESTACIÓN DE TERRAS AGRARIAS | 890,01 |
| FORRAXES DESECADAS | 282,13 |
| OUTRAS UTILIZACIÓNS | 39.903,15 |
| TOTAL | 42.605,77 |

## Comparación dos pagos por cultivos herbáceos en relación coa campaña 2005

En relación coa xestión da campaña anterior cabe destacar os seguintes datos:

-Diminución do 76,87% no importe total de axudas ligadas pagadas (debe terse en conta o inicio en 2006 do pago único e a integración no mesmo do 75 % desta axuda, así como o incremento da modulación).
-Diminución do 8,60% da superficie obxecto de subvención.
-Diminución do 6,82% do número de produtores que solicitaron axudas por superficie.
-Incremento do 5,32% da superficie forraxeira declarada.
-Incremento do 7,62% do número de declaracións de superficie forraxeira.

## Evolución das axudas ligadas por superficie no período 1995-2006

No cadro 3-11 indícase a evolución do número de produtores e superficies solicitadas e primadas no período 1995-2006 en Galicia. Ao longo dese período mantense a tendencia a diminuír o número de produtores e a aumentar a superficie solicitada e primada até o ano 2004. Nos dous últimos anos iniciase unha diminución de superficie, máis importante en 2006 polo feito de desligar as axudas da produción.

Cadro 3.11.

**EVOLUCIÓN DAS AXUDAS LIGADAS: PRODUTORES E SUPERFICIES POR CAMPAÑA. GALICIA 1994-2006**

| CAMPAÑA | SOLICITUDES | HECTÁREAS SOLICITADAS | HECTÁREAS PAGADAS | PRIM/SOLIC % |
|---|---|---|---|---|
| 1995 | 39.516 | 66.949,77 | 65.794,39 | 99,8 |
| 1996 | 40.481 | 67.982,00 | 65.730,38 | 96,7 |
| 1997 | 39.743 | 68.793,22 | 65.095,63 | 94,6 |
| 1998 | 39.967 | 73.427,76 | 71.553,93 | 97,4 |
| 1999 | 39.473 | 74.203,64 | 71.437,96 | 96,3 |
| 2000 | 38.063 | 72.245,03 | 71.817,15 | 99,4 |
| 2001 | 36.886 | 74.385,24 | 73.529,53 | 98,8 |
| 2002 | 36.177 | 80.279,21 | 79.570,72 | 99,1 |
| 2003 | 35.644 | 82.935,76 | 81.994,53 | 98,9 |
| 2004 | 34.216 | 84.370,36 | 83.413,11 | 98,9 |
| 2005 | 32.066 | 83.946,13 | 81.157,47 | 96,7 |
| 2006 | 29.879 | 76.425,98 | 74.906,19 | 98,0 |

No total do período a diminución de produtores foi do 24,39% e o incremento de superficie pagada do 13,85%.

Resúmese no cadro 3-12 e no gráfico 2-1 a evolución de produtores e importes pagados por axudas por superficies en Galicia no período 1999-2006. O importe anual das axudas ligadas pagadas pasou de 8.173.322,07 € en 1995 a 18.451.354,38 € no ano 2005, o que supón un incremento do 125,75% debido ao incremento de superficie solicitada, aumento dos rendementos en toneladas por hectárea considerados en cada zona de Galicia e do importe de axuda unitaria en €/tonelada derivados da Axenda 2000. A diminución dos pagos no ano 2006 débese fundamentalmente, como se comentou, ao inicio do pago único.

Cadro 3.12.

**EVOLUCIÓN DE PRODUTORES E IMPORTES DE AXUDAS LIGADAS POR SUPERFICIES. CAMPAÑA GALICIA 1995-2006**

| CAMPAÑA | SOLICITANTES | IMPORTE DAS AXUDAS (EUROS) | SUP./ SOLICITANTE | EUROS/ SOLICIT. |
|---|---|---|---|---|
| 1995 | 39.516 | 8.173.322,57 | 1,7 | 206,8 |
| 1996 | 40.481 | 8.005.668,22 | 1,6 | 197,8 |
| 1997 | 39.743 | 12.335.947,95 | 1,6 | 310,4 |
| 1998 | 39.967 | 13.786.976,93 | 1,8 | 345,0 |
| 1999 | 39.473 | 13.601.689,75 | 1,8 | 344,6 |
| 2000 | 38.063 | 15.925.818,80 | 1,9 | 418,4 |
| 2001 | 36.886 | 17.524.042,53 | 2,0 | 475,1 |
| 2002 | 36.177 | 18.977.732,66 | 2,2 | 524,6 |
| 2003 | 35.644 | 19.528.572,89 | 2,3 | 547,9 |
| 2004 | 34.216 | 19.826.639,46 | 2,5 | 579,5 |
| 2005 | 32.066 | 18.451.354,38 | 2,6 | 575,4 |
| 2006 | 29.879 | 4.267.721,85 | 2,5 | 142,83 |

Gráfico 3.1.

EVOLUCIÓN DE PRODUTORES E AXUDAS POR SUPERFICIES PAGADAS POR CAMPAÑA
GALICIA 1995 A 2006




### 3.1.3.2.AXUDA Á UTILIZACIÓN DE AMIDÓN E FÉCULA

A axuda xestionouse en 2005 no marco da Resolución do 27 de decembro de 2005 pola que se regula o procedemento para a concesión de restitucións á produción no sector dos cereais e se convocan para o ano 2006.

As industrias utilizaron 270,820 toneladas de almidón na fabricación, fundamentalmente de cartón e papel.

No cadro 3-14 resúmense as axudas pagadas, que ascenderon a 3.309,90 € e a súa distribución por provincias.

Cadro 3.13.

DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DAS AXUDAS Á UTILIZACIÓN DE AMIDÓN.
ANO 2006

| PROVINCIA | INDUSTRIAS | PRODUTO (TON.) | AXUDA (€) |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 0 | 0 | 0 |
| LUGO | 0 | 0 | 0 |
| OURENSE | 0 | 0 | 0 |
| PONTEVEDRA | 1 | 270,820 | 3.309,90 |
| GALICIA | 1 | 270,820 | 3.309,90 |

En relación coa campaña anterior, houbo un incremento das axudas do 54,18 % e dun 58,85 % na cantidade de produto utilizado.

## 3.2. Forraxes Desecadas

### 3.2.1. MARCO COMUNITARIO PARA O APOIO AO MERCADO

Concédeselles unha axuda ás empresas de transformación de forraxes desecadas. O seu importe é constante para toda a campaña, que se inicia o 1 de abril e remata o 31 de marzo do ano seguinte, podendo reducirse ao final desta se se supera a cantidade máxima de produción para cada un dos tipos de produto.

A percepción deses importes está condicionada á non superación da cantidade máxima garantida (CMG) en Europa, que está distribuída á súa vez entre os Estados membros. A España correspóndenlle 1.325.000 toneladas de forraxes desecadas artificialmente ou de forma natural. No caso de superarse, aplícanse coeficientes de redución.

De acordo co establecido no Regulamento 1786/2003, de 29 de setembro, sobre a organización común de mercado das forraxes desecadas, a partir do 1 de abril de 2005 a axuda quedou establecida en 33 €/t, podendo ser reducida no caso de superarse a cantidade nacional garantida que no caso do Estado Español é de 1.325.000 toneladas.

### 3.2.2. RESULTADO DA XESTIÓN

A xestión realizouse en Galicia de acordo coa Orde do 24 de agosto de 2005, pola que se regula o procedemento para a concesión de axudas no sector das forraxes desecadas.

No cadro 2-15 indícase a produción de forraxes desecadas e as axudas correspondentes para cada provincia na campaña 2006. Existe en Galicia unha industria que deseca artificialmente as forraxes e que na campaña 2006 desecou 36,408 toneladas, percibindo unha axuda de 1.201,46 €.

As forraxes deshidratadas corresponden a gramíneas e leguminosas procedentes de prados naturais ou sementados.

En relación coa campaña 2005 o importe das axudas en 2006 diminuíu un 83,12%, pasando de 7.115,67 € a 1.201,46 €, e a cantidade de forraxe deshidratada baixou nun 92,36%.

Cadro 3.14.

AXUDAS Á PRODUCIÓN DE FORRAXES DESECADAS. DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL. CAMPAÑA 2006

| PROVINCIA | EXPEDIENTES | FORRAXES DESECADAS (TON.) | AXUDA (€) |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 0 | 0 | 0 |
| LUGO | 1 | 36,408 | 1.201,46 |
| OURENSE | 0 | 0 | 0 |
| PONTEVEDRA | 0 | 0 | 0 |
| GALICIA | 1 | 36,408 | 1.201,46 |

# 3.3. Aceite de Oliva

## 3.3.1. MARCO COMUNITARIO DE APOIO AO MERCADO

A axuda á renda dos agricultores que manteñen oliveiras introduciuse polo Regulamento (CE) nº 1782/2003 do Consello, de 29 de setembro de 2003, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agraria común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores. Este Regulamento prevé, ademais do réxime de pagamento único, unha axuda ao mantemento das oliveiras.

O marco de apoio ao sector está definido no Regulamento 865/2004 do Consello de 29 de abril de 2004, polo que se establece a organización común de mercado do aceite de oliva e das olivas de mesa e se modifica o Regulamento (CEE) nº 827/68.

O Artigo 24.1 do dito Regulamento derroga, a partir do 5 de novembro de 2005, entre outros, o regulamento nº 136/66/CEE do Consello polo que se establece a organización común de mercados no sector das materias graxas, no que se contemplaba a concesión dunha restitución pola produción de aceite de oliva utilizado para a fabricación de determinadas conservas.

Na Comunidade Autónoma de Galicia unicamente tiña incidencia esta axuda que se concede ás empresas do sector conserveiro pola utilización dos aceites de oliva na fabricación dunha gama ampla de elaboración de conservas. Por iso, en Galicia os beneficiarios son, fundamentalmente, fabricantes de conservas de peixe e molusco. A última axuda foi de 44,00 €/100 Kg de aceite de oliva utilizado nos meses de setembro e outubro de 2005.

## 3.3.2. RESULTADO DA XESTIÓN

A xestión da axuda realizouse no marco do artigo 20 bis do Regulamento nº 136/66/CEE do Consello e da Orde do 16 de decembro de 2004, pola que se convocan para o ano 2005 as restitucións á produción para o aceite de oliva utilizado na fabricación de determinadas conservas.

Tendo en conta a supresión da axuda en novembro de 2005, no ano 2006 non se xestionaron novas axudas á utilización de aceite de oliva para a fabricación de conservas, polo que xestión de pagos corresponde a produto utilizado en 2005.

No cadro 3-16 indícase a distribución provincial do aceite utilizado e das axudas pagadas, correspondentes todas elas a solicitudes feitas con anterioridade ao 5 de novembro de 2005.

**Cadro 3.15.**

**AXUDAS Á UTILIZACIÓN DE ACEITE DE OLIVA NA ELABORACIÓN DE CONSERVAS. DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL. ANO 2006**

| PROVINCIA | Nº EXPEDIENTES | TONELADAS | AXUDA (€) |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 446 | 8.296,752 | 3.650.570,88 |
| LUGO | 15 | 252,070 | 110.910,80 |
| OURENSE | 0 | 0 | 0 |
| PONTEVEDRA | 381 | 4.585,368 | 2.017.561,92 |
| TOTAL | 842 | 13.134,190 | 5.779.043,60 |

Utilizáronse un total de 13.134,190 toneladas de aceite de oliva, das que máis do 63% corresponde a industrias situadas na provincia da Coruña, cun importe pagado que supera os 5 millóns de euros.

En relación co ano 2005 as axudas pagadas en 2006 diminuíron un 39,01%, pasando de 9.474.571,04 euros a 5.779.043,60 euros, por terse suprimido a axuda correspondente.

## 3.4. Viños e Alcois

### 3.4.1. MARCO COMUNITARIO DE APOIO AO MERCADO

O réxime de intervención no mercado realízase a través das seguintes actuacións:

**a)** Destilacións obrigatorias para a mellora da calidade dos viños, con axuda á destilación ou compra do alcol ofertado ao FEGA.

1. Destilación dos subprodutos (prestacións vínicas) (art. 27 Regulamento 1493/1999).
2. Destilación de viños procedentes de uvas de dobre uso (art. 28 Regulamento 1493/1999).

**b)** Destilacións voluntarias de viños de mesa e de viños aptos para a obtención destes, cos obxectivos e axudas seguintes:

1. Destilación de apoio ao mercado vitivinícola, para facilitar o subministro de alcol de boca. Recíbese unha axuda á destilación, non podéndose ofertar o alcol ao FEGA (art. 29 Regulamento 1493/99).
2. Destilación de crise, para a eliminación de excedentes, que afecta ás categorías de viños e zonas de produción establecidas no Regulamento de apertura. O único importe a percibir establécese en concepto de prezo de compra do alcol entregado ao FEGA (art. 30 Regulamento 1493/99).

**c)** Outras medidas con dereito a axuda:
Transformación de uva, mosto e mosto concentrado en zumes de uva.

1. Utilización de mostos para o aumento do grao alcólico.
2. Almacenamento privado de alcois obtidos na destilación prevista para a subministración de alcol de boca.

En Galicia teñen incidencia as actuacións relativas á destilación obrigatoria de subprodutos da vinificación (art. 27 do Regulamento 1493/1999) e a destilación voluntaria de apoio ao mercado (art. 29 do Regulamento 1493/1999).

### 3.4.2. RESULTADO DA XESTIÓN

No marco do Regulamento 1493/1999 do Consello, de 17 de maio de 1999, polo que se establece a regulación común do mercado vitícola, xestionáronse en Galicia axudas para a destilación de 3.280,670 toneladas de bagazo, fundamentalmente para a obtención de alcol bruto cun grao alcólico mínimo de 52% en volume(Cadro 3-17) e para a destilación de 5.074,80 hectolitros de viño para a obtención do mesmo tipo de alcol.

Cadro 3.16.

AXUDAS Á DESTILACIÓN OBRIGATORIA DE SUBPRODUTOS DE VINIFICACIÓN. DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL NO 2006

| PROVINCIA | Nº EXPEDIENTES | TONELADAS | AXUDA (€) |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 4 | 2.642,470 | 48.247,59 |
| LUGO | 0 | 0 | 0 |
| OURENSE | 1 | 638,200 | 7.872,46 |
| PONTEVEDRA | 0 | 0 | 0 |
| TOTAL | 5 | 3.280,670 | 56.120,05 |

En comparación co ano 2005, o importe desta axuda diminuíu nun 22,64%.

Cadro 3.17.

AXUDAS Á DESTILACIÓN VOLUNTARIA DE VIÑOS DE MESA. DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL NO 2006

| PROVINCIA | Nº EXPEDIENTES | HECTOLITROS | AXUDA (€) |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 1 | 5.074,80 | 87.883,46 |
| LUGO | 0 | 0 | 0 |
| OURENSE | 0 | 0 | 0 |
| PONTEVEDRA | 0 | 0 | 0 |
| TOTAL | 1 | 5.074,80 | 87.883,46 |

En comparación co ano 2005 o importe da axuda á destilación voluntaria diminuíu nun 43,45%, pasando de 155.413,71 € a 87.883,46 €.

## 3.5. Hortofrutícola

### 3.5.1. MARCO COMUNITARIO DE APOIO AO MERCADO

As actuacións neste sector realízanse a través das Organizacións de Produtores de Froitas e Hortalizas. Estas organizacións, no relativo a produtos transformados de cítricos, tomate, melocotón e pera que se destinen a transformacións industriais, reciben unha axuda comunitaria á transformación, polo que quedan os prezos de venda libres entre a industria e a organización.

No relativo ao sector de produtos frescos, as intervencións fican reducidas ás retiradas de produtos do mercado cunha indemnización comunitaria por retirada que perciben as Organizacións de Produtores. O destino destes produtos pode ser a biodegradación ou abono orgánico, a alimentación do gando en fresco ou a distribución gratuíta a entidades benéficas.

En Galicia non existen organizacións de produtores recoñecidas, pero entidades benéficas con domicilio na Comunidade Autónoma benefícianse da distribución de froitas obxecto de retirada do mercado.

O FOGGA proponlle ao FEGA os centros benéficos receptores destes produtos e efectúa os controis da recepción, nestes centros, de froitas procedentes de organizacións de produtores doutras Comunidades Autónomas.

Os centros benéficos propostos polo FOGGA asinan convenios de colaboración coas diferentes organizacións de España, a través das que se reciben os diferentes produtos.

### 3.5.2. RESULTADO DA XESTIÓN

Da distribución gratuíta de froitas procedentes de retiradas do mercado beneficiáronse en Galicia 146 entidades, segundo se indica no cadro 3-18:

Cadro 3.18.

DISTRIBUCIÓN GRATUÍTA DE FROITAS. RESUMO PROVINCIAL DE ENTIDADES E CONTROIS. ANO 2006

| PROVINCIA | ENTIDADES BENEFICAS (NÚMERO) | CONTROIS REALIZADOS (NÚMERO) |
|---|---|---|
| A CORUÑA | 50 | 1.300 |
| LUGO | 15 | 72 |
| OURENSE | 21 | 279 |
| PONTEVEDRA | 60 | 92 |
| GALICIA | 146 | 1.743 |

A verificación da recepción e utilización das froitas realizouna o FOGGA mediante 1.743 controis nas entidades benéficas.

No cadro 3-20 indícanse os tipos de produtos distribuídos e as cantidades, que nun 33,36% corresponden a cítricos, e a distribución provincial, na que corresponde á provincia de Pontevedra o 55,77%. Na columna "outras froitas" inclúense melocotóns, nectarinas e sandías.

Cadro 3.19.

DISTRIBUCIÓN GRATUÍTA DE FROITAS. RESUMO PROVINCIAL DE PRODUTOS DISTRIBUÍDOS. ANO 2006

| PROVINCIA | TIPO DE PRODUTO (KG) | | | | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| | CÍTRICOS | MAZÁS | PERAS | OUTRAS FROITAS | |
| A CORUÑA | 311.902 | 102.034 | 110.542 | 41.020 | 565.498 |
| LUGO | 0 | 14.246 | 24.282 | 5.730 | 44.258 |
| OURENSE | 12.599 | 63.303 | 51.569 | 34.686 | 162.157 |
| PONTEVEDRA | 257.685 | 319.400 | 221.166 | 174.950 | 973.201 |
| GALICIA | 582.186 | 498.983 | 407.559 | 256.386 | 1.745.114 |

En relación coa xestión no ano 2005, é necesario salientar que o número de entidades benéficas beneficiarias incrementouse de 132 a 146 (10,61%), a cantidade de produtos distribuídos pasou de 1.406,618 a 1.745,114 toneladas, incrementándose nun 24,06%, e os controis realizados pasaron de 1.290 a 1.743, aumentando nun 35,12%.

O ascenso do produto distribuído correspóndelle fundamentalmente á provincia de Pontevedra, onde esta cantidade aumentou nun 106,55%.

# Actuacións en Producións
## Gandeiras

Memoria de actividades

2005

Actuacións en Producións Gandeiras

Como xa se indicou, a reforma da PAC aplicada a partir de 2006 no Estado español suprimiu determinadas axudas, como a prima especial a produtores de gando vacún, a prima por extensificación e a prima láctea, que se integran totalmente no Réxime de Pagamento Único (RPU). Non obstante, para a percepción de determinadas axudas na súa totalidade, como as relativas a cultivos herbáceos, ovino-cabrún, vacas nutrices ou prima por sacrificio de vacún, en Galicia é necesario manter a actividade produtiva correspondente.

Por outra banda, introducíronse axudas novas para a mellora da calidade das producións ou para a conservación e mellora do medio ambiente (art. 69 do Regulamento 1782/2003): o pagamento adicional do sector lácteo, o pagamento a produtores de vacún de calidade e o pagamento adicional a gandeiros con vacas nutrices.

## 4.1.Carne de Vacún

### 4.1.1.MARCO COMUNITARIO DE APOIO AO SECTOR

Anteriormente á reforma da PAC que se comezou a aplicar en 2006, polo tanto até a campaña 2005, estaban establecidas as seguintes axudas ligadas á produción:

-Prima á vaca nutriz, que inclúe ademais a prima nacional complementaria e a prima por extensificación a determinados produtores.
-Prima especial de bovino macho, que inclúe ademais a prima por extensificación a determinados produtores.
-Prima por sacrificio para bovinos “tipo adulto” de 8 ou máis meses e para bovinos “tipo tenreiro” de 1 a 8 meses.
-Pagos adicionais en forma de pagos por cabeza de gando e que non poden superar o importe de 100 €/cabeza.

Ademais estaba prevista a intervención mediante a adquisición e venda de produtos polos organismos de intervención.

Despois da reforma da PAC, e polo tanto desde a campaña de solicitudes do ano 2006, mantéñense ligadas á produción as seguintes axudas:

-Prima á vaca nutriz, que inclúe ademais a prima nacional complementaria.
-Prima por sacrificio para bovinos “tipo adulto” de 8 ou máis meses e para bovinos “tipo tenreiro” de 1 a 8 meses.

### 4.1.2.RESUMO DAS NORMAS APLICABLES EN 2005 E 2006

#### 4.1.2.1.AXUDAS LIGADAS Á PRODUCIÓN

a) Prima por vaca nutriz

Nesta prima durante a primeira metade do ano 2006 xestionouse o pago das solicitudes presentadas en 2005.

Para poder beneficiarse da prima, os produtores teñen que ser titulares de dereitos individuais á mesma. Concédeselles aos produtores que manteñan un rabaño de vacas nutrices para a cría de xatos e que non vendan leite ou que, no caso de vendelo, a súa cantidade de referencia individual (cota láctea) dispoñible a 31 de marzo sexa inferior ou igual a 120.000 kg.

Así mesmo, os citados produtores deben asumir unha serie de compromisos, entre os que se atopa a obriga de manter na súa explotación, durante un mínimo de seis meses consecutivos a partir do día seguinte ao da presentación da solicitude, un número de vacas nutrices polo menos igual ao 60% do número total de vacas e xovencas polo que se solicita a axuda, e un número de xovencas que sexa igual ou inferior ao 40% do total.

O pago do importe da prima está limitado por un factor de densidade, derivado da superficie forraxeira da explotación, fixado para o ano 2005 nun máximo de 1,8 UGM (Unidade de Gando Maior) por hectárea e ano civil. Os produtores que teñan menos de 15 UGM na súa explotación quedan exentos da aplicación deste factor.

Os beneficiarios da prima por vaca nutriz obteñen unha prima complementaria para idéntico número de cabezas. Este importe é financiado polo FEOGA-Garantía naquelas explotacións localizadas en rexións, como Galicia, que son Obxectivo 1.

Para as solicitudes presentadas a partir da campaña 2006 non é necesario respectar o factor de densidade gandeira.

### b) Prima especial aos produtores de bovinos machos

Nesta prima rematouse a xestión durante o primeiro semestre do 2006 das solicitudes presentadas polos interesados na campaña anterior 2005.

A prima especial concédese, na campaña 2005, até un máximo de 60 animais por explotación, ano civil e grupo de idade. Só poden ser obxecto de subvención os animais que na data inicial do período de retención:

- Teñan como mínimo sete meses no caso dos touros.
- Se se trata de bois que teñan como mínimo sete meses e como máximo dezanove no que respecta ao primeiro grupo de idade, ou teñan como mínimo vinte meses no que respecta ao segundo grupo de idade.

O número total de animais primado durante un exercicio non pode exceder do límite máximo anual asignado ao Estado español pola Unión Europea. Cando o número de animais subvencionables supere este límite, reducirase proporcionalmente o número de animais con dereito a prima de cada produtor.

Esta redución non lle será de aplicación aos pequenos produtores, entendéndose por pequeno produtor:

a) O que solicite durante o ano 2005 a prima especial por un máximo de 10 animais.
b) O que solicite durante o ano 2005 a prima especial por un máximo de 20 animais e, ademais, conte na súa explotación, en xaneiro de 2005, cun número de vacas nutrices igual, como mínimo, ao dobre do número de xatos polos que solicita a prima especial.

Os produtores deben asumir, entre outros compromisos, o de manter na súa explotación, para o engorde, durante dous meses como mínimo a contar desde o día seguinte ao da presentación da solicitude, os animais incluídos nela.

O límite máximo de animais que se poden beneficiar da prima ao xato na campaña 2005 era no Estado Español de 713.999 cabezas. O período de pago finalizou, para todas as primas do sector vacún, o 30/06/2006, salvo casos excepcionais debidamente xustificados.

De igual forma que para a prima á vaca nutriz, existe o límite do factor de densidade de 1,8 UGM por hectárea e ano civil, así como a exención dese factor de densidade para as explotacións menores de 15 UGM.

Na campaña 2006 e sucesivas suprímese esta prima especial a produtores de bovinos machos, por integrarse no pagamento único por explotación de acordo co artigo 2 a) do Real Decreto 1617/2005.

### c) Prima por sacrificio de vacún

Os produtores de gando vacún poden solicitar a prima por sacrificio cando os seus animais se sacrifiquen no interior da Unión Europea ou se exporten vivos a un terceiro país.

Son subvencionábeis os bovinos que na data de sacrificio:

- Teñan polo menos oito meses de idade (prima polo sacrificio de bovinos adultos).
- Teñan máis dun mes e menos de oito meses e un peso en canal inferior a 185 Kg (prima polo sacrificio de bovinos “tipo tenreiro”).

O produtor debe manter na súa explotación cada animal polo que solicita axuda durante un período de retención mínimo de dous meses, sempre que este finalizase no prazo máximo dun mes antes do sacrificio.

O límite máximo anual asignado ao Estado español pola Unión Europea é de 1.982.216 animais na prima por sacrificio de bovinos adultos e de 25.629 na prima por sacrificio de "tipo tenreiro".

A partir da campaña 2006, e de acordo co establecido no artigo 2 a) do Real Decreto 1617/2005, intégrase no pagamento único o 60% da prima por sacrificio de adultos.

### d) Pagos adicionais

Nestes pagos, ao igual que ocorre coa prima especial e a prima por extensificación, rematouse no primeiro semestre do 2006, aínda que as solicitudes foron presentadas na anterior campaña 2005.

Adoptan a modalidade de pagos por cabeza de gando e realízanse de acordo con criterios obxectivos baseados, en particular, nas estruturas e condicións de produción correspondentes. A súa contía non pode vincularse ás flutuacións dos prezos do mercado. Concédense baixo unha ou varias das seguintes formas:

- Aos bovinos machos con dereito á prima especial.
- Ás vacas e xovencas con dereito á prima á vaca nutriz.
-Aos bovinos de máis de oito meses como complemento da prima por sacrificio.

Os pagos adicionais, baixo calquera das súas modalidades, non poden ter un importe unitario superior a 100 euros por cabeza e ano e non poden superar en Galicia o importe de 5.287.659 euros. As modalidades de pagos adicionais indícanse no cadro seguinte:

**Cadro 4.1.**

**MODALIDADES DOS PAGOS ADICIONAIS DE GANDO VACÚN. CAMPAÑA 2005**

| CONDICIÓNS | IMPORTES (EUROS/CABEZA) | | |
|---|---|---|---|
| | NUTRICES | PRIMA ESPECIAL | SACRIFICIO |
| Titulares de explotacións gandeiras ecolóxicas [1] | 100€ | 100€ | |
| Titulares de explotación situados en zonas desfavorecidas. Art. 18 R(CE) 1257/1999 [1] | 50€ | 50€ | |
| Titulares de explotacións prioritarias. Lei 19/1995 [1] | 50€ | 50€ | |
| Titulares de explotacións catalogadas como de produción gandeira integrada [1] | 100€ | 100€ | |
| Titulares de explotacións que obtiveron nos 5 anos anteriores axudas para plans de mellora e modernización das estruturas de produción [1] | 50€ | 50€ | |
| Titulares de explotacións que reduzan a súa carga gandeira nun 15% [1] | 100€ | | |
| Titulares de explotacións que engorden bovinos que pertenzan ás razas autóctonas [2] | | 100€ | |
| Animais comercializados a través de etiquetado facultativo de carne de vacún. R(CE) 1760/2000 [2] | | | 100€ |
| Animais comercializados a través de Indicación Xeográficas Protexidas. R (CE) 2081/1992 [2] | | | 100€ |
| Animais engordados na súa explotación, até o sacrificio, nacidos das súas vacas nutrices [2] | | | 100€ |

[1] Condicións xerais da explotación.
[2] Condicións individualizadas por animal.

A partir da campaña 2006, e de acordo co establecido no artigo 2 a) do Real Decreto 1617/2005, intégrase no pagamento único o 93% do importe desta prima e suprímese este tipo de axuda.

### e) Prima por extensificación

Os beneficiarios da prima especial, da prima ás vacas nutrices ou de ambas na campaña 2005 puideron recibir, previa solicitude, un pago por extensificación cando a densidade gandeira da súa explotación sexa inferior ou igual a 1,4 UGM por hectárea. Os solicitantes podían acollerse, á súa elección, a dúas modalidades de acceso ao réxime de pago por extensificación:

- **Réxime simplificado**, para aqueles produtores que se comprometan a manter durante todos os días, ao longo do ano natural, unha densidade gandeira igual ou inferior a 1,4 UGM por hectárea.

- **Réxime promedio**, para aqueles produtores que mantiveron durante o ano unha densidade gandeira igual ou por debaixo de 1,4 UGM por hectárea, calculada en forma de media aritmética, sobre a base do censo da explotación nas datas de reconto que se estableceron.

A partir da Campaña 2006, e de acordo co establecido no artigo 2 a) do Real Decreto 1617/2005, intégrase no pagamento único por explotación o 93% do importe desta prima e suprímese este tipo de axuda.
Resúmense deseguido os importes unitarios destas primas nas dúas campañas.

**Cadro 4.2.**

**IMPORTES UNITARIOS DAS PRIMAS DE BOVINO. CAMPAÑA 2005 E 2006**

| PRIMA POR VACA NUTRIZ | 2005 | 2006 |
|---|---|---|
| CONCEPTO | €/CABEZA | MAX (€/CABEZA) |
| Prima base por vaca | 200 | 186 |
| Prima nacional complementaria | 24,15 | 22,46 |
| Prima por extensificación (máximo) | 100 | - |

| PRIMA ESPECIAL POR BOVINO MACHO | 2005 | 2006 |
|---|---|---|
| CONCEPTO | €/CABEZA | MAX (€/CABEZA) |
| Prima especial touro | 210 | - |
| Prima especial boi 1º grupo | 150 | - |
| Prima especial boi 2º grupo | 150 | - |
| Prima por extensificación | 100 | - |

| PRIMAS POR SACRIFICIO | 2005 | 2006 |
|---|---|---|
| CONCEPTO | €/CABEZA | MAX (€/CABEZA) |
| Touros, bois, vacas e xovencas de 8 ou máis meses | 80 | 29,76 |
| Bovinos de 1 a 8 meses | 50 | 46,50 |

### 4.1.2.2. NOVOS PAGAMENTOS ADICIONAIS NO SECTOR DO GANDO VACÚN DE CARNE (ART. 69 DO REGULAMENTO 1782/2003)

De acordo co establecido no artigo 3.2 do Real Decreto 1617/2005, polo que se regula a concesión de dereitos aos agricultores dentro do réxime de pagamento único, retívose un 7% dos pagamentos no sector de carne de vacún por aplicación do artigo 69 do Regulamento (CE) nº 1782/2003, para conceder dous novos tipos de axudas a partir da campaña 2006:

a) Pagamento adicional a explotacións que manteñan vacas nutrices.
b) Pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade recoñecida oficialmente.

Estas axudas regúlanse nos artigos 77 a 82 do Real Decreto 1618/2005 sobre aplicación do réxime de pagamento único e outros réximes de axuda directa á agricultura e gandaría.

#### a)Pago adicional a explotacións que manteñan vacas nutrices

O obxectivo desta axuda é conceder un pago adicional aos produtores que manteñan vacas nutrices, co fin de incentivar o mantemento de actividades gandeiras beneficiosas desde o punto de vista medioambiental, que realicen unha utilización racional dos recursos naturais pastados e conserven o patrimonio xenético da nosa cabana gandeira.

Para a percepción destas axudas non é necesario ter dereitos de prima de vaca nutriz asignados, aínda que o resto dos requisitos son similares aos esixidos para as axudas de vacas nutrices ligadas á produción. Ademais, nesta prima hai que cumprir co requisito de carga gandeira inferior a 1,5 UGM/ha cando a explotación teña máis de 15 UGM.

O importe total dos pagos adicionais no sector das vacas nutrices é de 47.966.030 euros en todo o Estado español en 2006, e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerá anualmente a contía base por vaca tendo en conta os gandeiros a título principal, as explotacións asociativas e os estratos do rabaño.

#### b) Pagamento adicional á produción de carne de vacún de calidade

O obxectivo é conceder aos produtores de carne de vacún un pagamento adicional para incentivar a mellora da calidade e a comercialización de carne de vacún sacrificado dentro dalgún dos seguintes sistemas de calidade de carne recoñecidos oficialmente:

a) Denominacións de orixe protexidas ou indicacións xeográficas protexidas.
b) Gandaría ecolóxica ou integrada.
c) Etiquetado facultativo da carne que implique uns requisitos superiores aos esixidos na normativa xeral.

O importe global máximo que se destinará a estes pagos en todo o Estado español na campaña 2006 é de 7 millóns de euros. Polo MAPA establecerase anualmente a contía do pago adicional por cabeza dividindo o importe global entre o número de cabezas, cun máximo de 200 cabezas por explotación.

### 4.1.3. RESULTADOS DA XESTIÓN DE AXUDAS AO SECTOR DE CARNE DE VACÚN

Axestión das axudas ao sector da carne de vacún realizouse tamén no marco do Regulamento 1782/2003, polo que se establece o sistema integrado de xestión e control, e da Orde do 24 de xaneiro de 2005 pola que se regula a solicitude única, no ano 2005, de axudas por superficies, animais e indemnización compensatoria.

#### 4.1.3.1. VACAS NUTRICES

Para a presentación de solicitudes de axuda por vacas nutrices e extensificación contouse coa colabo-

ración de entidades financeiras, de acordo co indicado no punto 2.3.2 e cadro 2.13 desta memoria, no prazo do 15 de febreiro ao 15 de maio de 2006.

A recepción e xestión de solicitudes de vacas nutrices realizouse de acordo co Manual de Procedemento establecido pola Dirección do FOGGA.

No ano 2006 recibíronse en Galicia 16.855 solicitudes de prima por vaca nutriz para un total 145.619 animais e 8,63 animais por produtor, das que 8.054 solicitudes (47,78%) e 87.819 vacas (60,30%) corresponden á provincia de Lugo.

No cadro seguinte, reflíctense estas solicitudes da campaña 2006 segundo a provincia:

Cadro 4.3.

SOLICITUDES DE PRIMAS POR VACA NUTRIZ SEGUNDO PROVINCIA. CAMPAÑA 2006

| PROVINCIA | SOLICITUDES | CABEZAS | CABEZAS/SOLICITUD |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 5.291 | 33.043 | 6,2 |
| LUGO | 8.054 | 87.819 | 10,9 |
| OURENSE | 2.041 | 16.039 | 7,9 |
| PONTEVEDRA | 1.469 | 8.718 | 5,9 |
| GALICIA | 16.855 | 145.619 | 8,6 |

## Xestión de dereitos

A percepción da axuda por vaca nutriz está condicionada á dispoñibilidade de dereitos polo produtor en número igual ou superior aos animais polos que solicita prima.

Coa finalidade de equilibrar animais solicitados e dereitos dispoñibles realizáronse un total de 2.300 transferencias ou cesións na campaña 2006, por 8.325,50 dereitos de prima por vaca nutriz, segundo se indica no cadro seguinte.

Cadro 4.4.

TRANSFERENCIAS E CESIÓNS DE DEREITOS DE PRIMA DE VACAS NUTRICES, SEGUNDO PROVINCIA. CAMPAÑA 2006

| PROVINCIA | TRANSFERENCIAS | | | | CESIÓNS | | TOTAL | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | CON EXPLOTACIÓN | | SEN EXPLOTACIÓN | | | | | |
| | SOLICITUDES | DEREITOS | SOLICITUDES | DEREITOS | SOLICITUDES | DEREITOS | SOLICITUDES | DEREITOS |
| A CORUÑA | 91 | 528,70 | 430 | 1.169,90 | 104 | 208,40 | 625 | 1.907,00 |
| LUGO | 186 | 1.756,70 | 638 | 2.349,80 | 128 | 405,40 | 952 | 4.511,90 |
| OURENSE | 62 | 485,30 | 403 | 888,10 | 34 | 56,40 | 499 | 1.429,80 |
| PONTEVEDRA | 29 | 119,00 | 166 | 301,20 | 29 | 56,60 | 224 | 476,80 |
| GALICIA | 368 | 2.889,70 | 1.637 | 4.709,00 | 295 | 726,80 | 2.300 | 8.325,50 |

Destes dereitos, 4.709 (62,6%) corresponden a transferencias sen explotación, e 2.889,70 (34,70%) son transferencias con explotación, a maior parte por cambios de titularidade ou similares. O resto, 726,80 dereitos (8,72%), son cesións temporais de dereitos de prima entre explotacións.

Despois da realización das transferencias de dereitos para a campaña 2006, os gandeiros con vacas nutrices en Galicia dispuñan de 120.412 dereitos distribuídos en 15.761 explotacións, cunha media de 7,6 dereitos por produtor coa distribución provincial que se indica no cadro seguinte:

Cadro 4.5.

**DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DE PRODUTORES E DEREITOS DE PRIMA POR VACA NUTRIZ. CAMPAÑA 2006**

| PROVINCIA | PRODUTORES | | DEREITOS | | DEREITOS POR PRODUTOR |
|---|---|---|---|---|---|
| | NÚMERO | % | NÚMERO | % | |
| A CORUÑA | 4.688 | 29,74 | 26.998,10 | 22,42 | 5,8 |
| LUGO | 7.600 | 48,22 | 73.392,90 | 60,95 | 9,7 |
| OURENSE | 2.163 | 13,72 | 13.518,30 | 11,23 | 6,2 |
| PONTEVEDRA | 1.310 | 8,31 | 6.502,90 | 5,40 | 5,0 |
| GALICIA | 15.761 | 100,00 | 120.412 | 100,00 | 7,6 |

explotacións con vacas nutrices, tanto no relativo a produtores (48,22%) como a dereitos (60,95%), concéntranse na provincia de Lugo, que tamén ten a maior cantidade de dereitos por explotación, 9,7.

Gráfico 4.1.

**DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DE PRODUTORES E DEREITOS DE PRIMA POR VACA NUTRIZ. CAMPAÑA 2006**



No cadro e nos dous gráficos seguintes indícase a distribución de produtores e dereitos de vacas nutrices segundo o tamaño da explotación expresado en número de dereitos do seu titular, para Galicia na campaña 2006. Nos datos expostos ponse de manifesto o reducido tamaño dunha alta porcentaxe das explotacións, o que condiciona a súa viabilidade. Unicamente un 7,26% dos produtores, cun 31,57% dos dereitos, teñen máis de 20 dereitos por explotación. Por outra banda, un 77,64% dos gandeiros, cun 40,34% dos dereitos, teñen menos de 10 dereitos por explotación.

Cadro 4.6.

**DISTRIBUCIÓN DE PRODUTORES DE VACAS NUTRICES SEGUNDO DEREITOS POR PRODUTOR. CAMPAÑA 2006**

| RANGO (Nº DE DEREITOS) | PRODUTORES | | DEREITOS | |
|---|---|---|---|---|
| | NÚMERO | % | NÚMERO | % |
| DE 0,1 A 5,0 | 8.491 | 53,86 | 20.948 | 17,39 |
| DE 5,1 A 10,0 | 3.748 | 23,78 | 27.637 | 22,95 |
| DE 10,1 A 20,0 | 2.381 | 15,10 | 33.828 | 28,09 |
| DE 20,1 A 50,0 | 1.040 | 6,60 | 29.884 | 24,82 |
| DE 50,1 A 100,0 | 89 | 0,56 | 5.813 | 4,83 |
| MÁIS DE 100 | 15 | 0,10 | 2.314 | 1,92 |
| TOTAL | 15.764 | 100,00 | 120.424 | 100,00 |

Gráfico 4.2.

**DISTRIBUCIÓN DE PRODUTORES E DEREITOS CON VACAS NUTRICES SEGUNDO DEREITOS POR PRODUTOR. CAMPAÑA 2006**



Unha estrutura produtiva tan fráxil dá lugar a unha diminución do número de explotacións con dereitos, que pasan de 16.878 no ano 2005 a 15.764 en 2006, cunha perda de 1.114 produtores (6,6%), e un descenso de dereitos de 123.610 en 2005 a 120.424 en 2006, cunha perda de 3.176 dereitos (2,48%), ben por transferencia a produtores doutras comunidades ou pola non utilización na solicitude de primas.

Nos últimos seis anos, a diminución de produtores e dereitos de prima por vaca nutriz en Galicia indícase no cadro e gráfico seguintes.

Cadro 4.7.

**EVOLUCIÓN DE PRODUTORES E DEREITOS DE PRIMA DE VACA NUTRIZ. GALICIA 2001 A 2006**

| | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 | 2005 | 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PRODUTORES | 23.421 | 21.628 | 19.321 | 18.172 | 16.878 | 15.764 |
| DEREITOS | 143.020,60 | 135.586,30 | 132.196,00 | 127.351,80 | 123.610,00 | 120.423,70 |

Gráfico 4.3.

**EVOLUCIÓN DE PRODUTORES E DEREITOS DE PRIMA DE VACA NUTRIZ GALICIA 2001 A 2006**




Resúmese na perda de 7.657 produtores e 22.597 dereitos, 32,69% e 15,79% respectivamente, dos existentes en 2001. Neste período de 5 anos produciuse unha diminución anual do 6,53% dos produtores e o 3,15% dos dereitos.

## Plan de controis de primas de vacún

De acordo co establecido no manual de procedemento sobre controis administrativos e no Plan Nacional de controis de axudas gandeiras para o ano 2006, redactado polo FEGA, o FOGGA aprobou o plan de controis

administrativos e sobre o terreo de primas gandeiras da Comunidade Autónoma de Galicia para a Campaña 2006.

Todos os controis administrativos relativos á verificación de documentación e a súa posterior gravación efectúanse no menor tempo posible para que as inspeccións sobre o terreo poidan realizarse no período de retención. Estes controis administrativos implican, para todas as solicitudes de cada prima presentada na campaña 2006, as comprobacións reflectidas no plan e segundo o manual de procedemento.

Os controis sobre o terreo fanse simultaneamente para a prima por vaca nutriz, pago adicional por vacas nutrices e prima por sacrificio se as ten solicitadas a explotación no momento de efectuar o control sobre o terreo, e teñen que ser como mínimo dun 5% dos solicitantes de primas por gando vacún e deben incluír como mínimo un 5% dos animais solicitados para cada réxime de axuda.

O número de explotacións e animais controlados sobre o terreo na campaña 2006 indícase no cadro seguinte:

Cadro 4.8.

**EXPLOTACIÓNS CON SOLICITUDES DE PRIMAS DE VACÚN E CONTROIS SOBRE O TERREO. CAMPAÑA 2006**

| EXPLOTACIÓNS E ANIMAIS CONTROLADOS | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| PROVINCIA | EXPLOTACIÓNS CON SOLICITUDES | EXPLOTACIÓNS CONTROLADAS | ANIMAIS | | |
| | | | NUTRICES | ADIC. NUTRICES | SACRIFICIO |
| A CORUÑA | 13.895 | 772 | 7.806 | 10.065 | 9.320 |
| LUGO | 14.516 | 868 | 14.659 | 14.799 | 12.639 |
| OURENSE | 2.887 | 170 | 3.859 | 3.859 | 5.284 |
| PONTEVEDRA | 6.113 | 290 | 3.767 | 3.767 | 10.749 |
| GALICIA | 37.411 | 2.100 | 30.091 | 32.490 | 37.992 |

Controláronse sobre o terreo o 5,62% das explotacións con solicitude de axuda e o 19,50% das vacas nutrices, o 15,03% das vacas nutrices polas que se solicitou o pago adicional e o 15,29% dos animais polos que se solicitou prima por sacrificio, superándose as porcentaxes mínimas establecidas no plan de controis.

O plan de controis da campaña 2005 indica que se realizará un control da calidade dos controis sobre o terreo e para iso faise unha supervisión aleatoria do 2% do total das actas da campaña 2005, collendo como mínimo 2 actas por controlador para comprobar a súa correcta redacción, e logo a repetición dos controis sobre o terreo nun mínimo do 50% das ditas actas.

Cadro 4.9.

**CALIDADE DOS CONTROIS SOBRE O TERREO NAS EXPLOTACIÓNS DA CAMPAÑA 2005**

| PROVINCIA | CONTROIS TOTAIS DE BOVINO NA CAMPAÑA 2005 | SUPERVISIÓN | REPETICIÓN DO 50% DAS ACTAS NO CAMPO |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 684 | 14 | 7 |
| LUGO | 768 | 16 | 8 |
| OURENSE | 212 | 5 | 3 |
| PONTEVEDRA | 355 | 8 | 4 |
| GALICIA | 2.019 | 43 | 22 |

## Pagos de axudas aos produtores de vacas nutrices

No ano 2006 efectuáronse os pagos de axudas a produtores de vacas nutrices que a solicitaron no ano 2005 aos que se lles fixeron os controis, fundamentalmente, ao longo de 2005. A obriga da realización dos controis e de aplicar as reducións e exclusións de animais en conxunto para todas as primas de gando vacún, incluída a prima por sacrificio, condiciona a realización dos pagos das primas de vacún en datas anteriores a xuño.

Aos pagos de vacún do ano 2005 aplicóuselles por primeira vez o desconto correspondente á modulación, que nese ano foi do 3%.

Os pagos de vacas nutrices materializados durante a campaña 2006 foron realizados no mes de xuño 2006 e correspóndense coas axudas solicitadas na campaña 2005. As primas a produtores por vacas nutrices do ano 2005, en cada provincia, indícanse no cadro seguinte:

Cadro 4.10.

**PRIMA POR VACAS NUTRICES. PRODUTORES, CABEZAS E PAGOS TOTAIS NO 2006 SEGUNDO PROVINCIAS. SOLICITUDES DA CAMPAÑA 2005**

| PROVINCIA | PRODUTORES | CABEZAS | PAGOS TOTAIS (€) |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 4.433 | 26.327,20 | 7.080.806,00 |
| LUGO | 7.420 | 73.890,30 | 22.787.236,20 |
| OURENSE | 2.076 | 13.829,70 | 4.345.449,87 |
| PONTEVEDRA | 1.205 | 6.372,90 | 1.852.113,13 |
| GALICIA | 15.134 | 120.420,10 | 36.065.605,20 |

Un total de 15.134 produtores percibiron 36.065.605 euros correspondentes a 120.420 vacas nutrices, o que supón unha media de 2.383 euros e 7,95 vacas primadas por explotación.

No mapa nº 4 reflíctese a distribución de importes pagados aos gandeiros de cada concello de Galicia en concepto de primas por vaca nutriz, podendo observar que os gandeiros de 19 concellos perciben máis de 500.000 euros por este tipo de axuda, mentres noutros 38 concellos no se perciben axudas deste tipo.

MAPA Nº 4



Esta prima total distribuíuse en catro conceptos para as solicitudes da campaña 2005: prima base, prima nacional complementaria, prima por extensificación e pagos adicionais, segundo se indica no cadro seguinte.

Cadro 4.11.

**PRIMA POR VACAS NUTRICES. DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL SEGUNDO O TIPO DO PAGO FEITO NO ANO 2006. SOLICITUDES DA CAMPAÑA 2005**

| PROVINCIA | IMPORTES PAGADOS (€) | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | PRIMA BASE | PRIMA COMPLEMENTARIA | EXTENSIFICACIÓN | PAGO ADICIONAL | TOTAL |
| A CORUÑA | 4.995.912,45 | 599.889,94 | 1.262.733,30 | 222.270,31 | 7.080.806,00 |
| LUGO | 14.051.978,40 | 1.690.381,17 | 5.711.866,74 | 1.333.009,98 | 22.787.236,20 |
| OURENSE | 2.628.493,85 | 315.252,53 | 1.132.841,46 | 268.862,03 | 4.345.449,87 |
| PONTEVEDRA | 1.190.221,63 | 144.574,42 | 436.285,98 | 81.031,10 | 1.852.113,13 |
| GALICIA | 22.866.606,33 | 2.750.098,06 | 8.543.727,48 | 1.905.173,42 | 36.065.605,20 |

No conxunto de Galicia a prima base supón un 63,40% do total, a de extensificación o 23,68%, a prima nacional complementaria o 7,62% e o pago adicional o 5,28% restante.

## Comparación coa campaña anterior

No ano 2006 efectuáronse os pagos a produtores que solicitaron a prima de nutrices na campaña 2005. Na súa comparación cos pagos da campaña 2004 constátase o seguinte:

- Unha diminución do 9,01% no importe total das primas.
- Unha diminución do 2,97% do número de vacas primadas.
- Unha diminución do 6,61% no número de produtores con prima.
- Un incremento do 2,55% no importe da prima por explotación.
- Unha diminución do 6,40% na prima base.
- Unha diminución do 16,09% na prima por extensificación.
- Unha diminución do 7,48% no pago adicional.

Cómpre ter en conta que na diminución global da axuda un 3% débese á modulación. Ademais, a diminución da prima por extensificación estivo condicionada pola redución da declaración de superficie forraxeira en 2005, que foi un 11,0% inferior á declarada en 2004.

## Evolución das axudas por vacas nutrices no período 1994-2005

No cadro 4-12 indícase a evolución do número de produtores e animais solicitados e primados no período 1994-2005 en Galicia. Ao longo dese período mantense a tendencia a diminuír o número de produtores, pero o número de animais solicitados e primados increméntase até os anos 1997-1998 para logo iniciar un descenso continuado, estando nestes momentos en niveis similares aos da campaña 1995.

Cadro 4.12.

## PRIMA POR VACA NUTRIZ. EVOLUCIÓN ANUAL DE SOLICITANTES E ANIMAIS SOLICITADOS E PRIMADOS. 1994-2005

| CAMPAÑA | SOLICITUDES | ANIMAIS SOLICITADOS | ANIMAIS PRIMADOS | PRIM/SOLIC % |
|---|---|---|---|---|
| 1994 | 29.912 | 146.861 | 119.099 | 81,1 |
| 1995 | 28.416 | 142.637 | 119.385 | 83,7 |
| 1996 | 29.186 | 155.367 | 126.979 | 81,7 |
| 1997 | 28.167 | 162.016 | 143.922 | 88,8 |
| 1998 | 26.906 | 171.860 | 143.604 | 83,6 |
| 1999 | 25.453 | 171.389 | 141.797 | 82,7 |
| 2000 | 23.493 | 173.016 | 141.971 | 82,1 |
| 2001 | 21.908 | 162.604 | 133.783 | 82,3 |
| 2002 | 19.798 | 150.853 | 128.021 | 84,9 |
| 2003 | 17.540 | 144.873 | 126.802 | 91,7 |
| 2004 | 16.968 | 138.286 | 124.117 | 89,7 |
| 2005 | 15.746 | 140.244 | 120.420 | 85,9 |

No cadro 4-13 e no gráfico 4-4 indícanse os importes totais da prima percibidos polos produtores de vacas nutrices. Estes incrementáronse, pasando de 18.325.058€ en 1994 a 40.192.336€ en 2003, para diminuír a 36.065.605 € no ano 2005, o que supón un incremento global do 96,81% no período 1994-2005.

Cadro 4.13.

## PRIMA POR VACA NUTRIZ. EVOLUCIÓN ANUAL DE SOLICITANTES E PRIMAS PAGADAS

| CAMPAÑA | SOLICITANTES | IMPORTE DAS PRIMAS (€) | ANIMAIS/ SOLICITANTE | EUROS/ SOLIC |
|---|---|---|---|---|
| 1994 | 29.912 | 18.325.058 | 4,9 | 612,6 |
| 1995 | 28.416 | 22.205.205 | 5,0 | 781,4 |
| 1996 | 29.186 | 24.608.228 | 5,3 | 843,2 |
| 1997 | 28.167 | 28.912.936 | 5,8 | 1.026,5 |
| 1998 | 26.906 | 29.367.487 | 6,4 | 1.091,5 |
| 1999 | 25.453 | 29.097.060 | 6,7 | 1.143,2 |
| 2000 | 23.493 | 36.738.794 | 7,4 | 1.563,8 |
| 2001 | 21.908 | 36.166.117 | 7,4 | 1.650,8 |
| 2002 | 19.798 | 39.597.436 | 7,6 | 2.000,1 |
| 2003 | 17.540 | 40.192.336 | 7,2 | 2.291,5 |
| 2004 | 16.968 | 39.637.118 | 7,4 | 2.350,7 |
| 2005 | 15.746 | 36.065.605 | 7,6 | 2.290,7 |

Gráfico 4.4.

PRIMA POR VACA NUTRIZ. EVOLUCIÓN ANUAL DE SOLICITANTES E PRIMAS PAGADAS 1994-2005




Por outra banda, o número de beneficiarios ten diminuído de 29.912 en 1994 a 15.746 no 2005, redución do 47,35% equivalente a un 4,30% anual.

É necesario salientar tamén que un produtor con vacas nutrices en 2005 percibiu unha media de 2.290,7 euros, 3,74 veces a axuda que percibía en 1994 (612,6 euros).

### 4.1.3.2.PRIMA ESPECIAL DE BOVINO MACHO

Aínda que esta axuda desapareceu a partir da campaña 2006 coa reforma da PAC, ao quedar integrada dentro do pago único, no ano 2006 xestionáronse os expedientes para realizar os pagos dos expedientes presentados na campaña precedente 2005. Estes pagos materializáronse en xuño de 2006, ao igual que o resto dos pagos de vacún.

#### Pagos de axudas aos produtores de bovinos machos

Os pagos da prima especial, xunto coa prima por extensificación e pago adicional, foron transferidos no mes de xuño aos produtores, despois de coñecer o coeficiente redutor aplicable ao número de animais determinados como subvencionables por produtor, que foi de 0,6332 para os gandeiros non considerados pequenos produtores, quedando estes últimos exentos da aplicación dese coeficiente redutor.

A distribución provincial de produtores, cabezas e importes da prima especial, indícase no cadro seguinte:

Cadro 4.14.

PRIMA ESPECIAL DE BOVINO MACHO. PRODUTORES, CABEZAS E PAGOS TOTAIS FEITOS NO ANO 2006 SEGUNDO PROVINCIAS. SOLICITUDES DA CAMPAÑA 2005

| PROVINCIA | PEQUENOS PRODUTORES | | | RESTO DE PRODUTORES | | | TOTAL | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | PROD. | CAB. | EUROS | PROD. | CAB. | EUROS | PROD. | CAB. | EUROS |
| A CORUÑA | 3.946 | 11.008 | 2.573.335,47 | 200 | 5.141 | 763.981,69 | 4.146 | 16.149 | 3.337.317,16 |
| LUGO | 4.717 | 21.251 | 6.206.960,29 | 435 | 13.505 | 2.287.229,14 | 5.152 | 34.756 | 8.494.189,43 |
| OURENSE | 1.018 | 3.681 | 1.076.982,77 | 218 | 9.480 | 1.390.000,05 | 1.236 | 13.161 | 2.466.982,82 |
| PONTEVEDRA | 1.454 | 2.585 | 596.749,87 | 72 | 2.975 | 437.529,54 | 1.526 | 5.560 | 1.034.279,41 |
| GALICIA | 11.135 | 38.525 | 10.454.028,40 | 925 | 31.101 | 4.878.740,42 | 12.060 | 69.626 | 15.332.768,82 |

Tamén nesta prima descontouse unha porcentaxe do 3% do total en concepto de modulación.

Un total de 12.060 produtores percibiron 15.332.768,82 € por 69.626 xatos, a razón dunha media de 1.271 euros e 5,77 xatos por explotación. O número máis alto de animais primados por explotación corresponde á provincia de Ourense con 10,64 xatos.

No mapa nº 5 reflíctese a distribución de importes pagados aos gandeiros de cada concello de Galicia en concepto de prima a produtores de bovino macho. Nel obsérvase que en 17 concellos as axudas superan os 200.000 euros e en 26 no chegan aos 1.000 euros.

MAPA Nº 5




Esta prima total corresponde a tres conceptos: prima base, prima por extensificación e pago adicional de vacún, segundo se indica no cadro seguinte.

Cadro 4.15.

**PRIMA ESPECIAL DE BOVINO MACHO. DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL SEGUNDO O TIPO DE PAGO FEITO NO 2006. SOLICITUDES DA CAMPAÑA 2005**

| PROVINCIA | IMPORTES PAGADOS (€) | | | |
|---|---|---|---|---|
| | PRIMA BASE | EXTENSIFICACIÓN | PAGO ADICIONAL | TOTAL |
| A CORUÑA | 2.849.464,97 | 330.085,31 | 157.766,88 | 3.337.317,16 |
| LUGO | 5.969.120,89 | 1.922.796,87 | 602.271,67 | 8.494.189,43 |
| OURENSE | 1.942.777,00 | 332.501,60 | 191.704,22 | 2.466.982,82 |
| PONTEVEDRA | 884.066,06 | 99.204,09 | 51.009,26 | 1.034.279,41 |
| GALICIA | 11.645.428,92 | 2.684.587,87 | 1.002.752,03 | 15.332.768,82 |

Para a totalidade da Comunidade Autónoma a prima base supón o 75,95% do total, a prima por extensificación o 17,50% e o pago adicional o 6,53% restante. A prima por extensificación supón unha porcentaxe máis alta en Lugo, 22,63%, e máis baixa en Ourense, polo feito de estar no primeiro caso o cebo de xatos asociado ás explotacións de vacas nais e no caso de Ourense máis concentrada en cebadeiros especializados. Por outra banda, o pago adicional supón en Ourense un 4,93% do pago total e o 4,72% na Coruña, por unha maior incidencia das zonas desfavorecidas.

### Comparación coa campaña anterior

No ano 2006 efectuáronse os pagos a produtores que solicitaron a prima especial en 2005. A comparación cos pagos de solicitudes correspondentes a campaña 2004 indica:

- Un incremento do 23,08% no importe das primas.
- Un decremento do 8,02% no número de animais primados.
- Un incremento do 1,13% no número de produtores con prima.
- Un incremento do 21,74% na prima recibida por explotación.

O incremento de importes pagados débese á introdución neste ano do concepto de pequeno produtor, polo que 11.135 gandeiros, o 92,3 % do total, non se viron afectados polo coeficiente redutor de axuste ao máximo número de animais primables no Estado Español. Por outra banda, a diminución de animais primables débese á redución de 90 a 60 do máximo de animais primables por explotación.

### Evolución da prima especial de bovino macho no período 1994-2005

No cadro 4-16 reflíctese a evolución do número de solicitudes, animais solicitados e primados no período 1994-2005 en Galicia. Ao longo de todo o período 1994-2004 mantense a tendencia a incrementar tanto o número de solicitudes como os animais solicitados e primados. No ano 2005, aínda que o número de solicitudes incrementouse, a cantidade de animais solicitados e primados diminuiu en relación a 2004 polo feito de baixar de 90 a 60 o número máximo de animais primables por explotación.

**Cadro 4.16.**

**PRIMA ESPECIAL DE BOVINO MACHO. EVOLUCIÓN ANUAL DE SOLICITUDES E ANIMAIS SOLICITADOS E PRIMADOS**

| CAMPAÑA | SOLICITUDES | ANIMAIS SOLICITADOS | ANIMAIS PRIMADOS | PRIM/SOLIC % |
|---|---|---|---|---|
| 1994 | 2.445 | 7.864 | 6.556 | 83,4 |
| 1995 | 3.439 | 9.155 | 7.861 | 85,9 |
| 1996 | 5.079 | 12.419 | 10.606 | 85,4 |
| 1997 | 6.970 | 15.017 | 13.585 | 90,5 |
| 1998 | 7.942 | 18.843 | 17.653 | 93,7 |
| 1999 | 9.769 | 22.522 | 21.317 | 94,6 |
| 2000 | 23.098 | 51.864 | 48.879 | 94,2 |
| 2001 | 21.572 | 46.692 | 44.450 | 95,2 |
| 2002 | 28.592 | 59.647 | 57.274 | 96,0 |
| 2003 | 36.687 | 72.477 | 68.686 | 94,8 |
| 2004 | 40.847 | 79.327 | 75.701 | 95,4 |
| 2005 | 41.718 | 73.392 | 69.626 | 94,9 |

O cadro 4-17 e o gráfico 4-5 conteñen a evolución do número de produtores solicitantes e o importe total das primas no período 1994-2005, amosando un incremento continuo de ambas cantidades. O número de beneficiarios pasou de 1.342 na campaña 1994 a 12.060 en 2005, multiplicándose por 8,98, e o importe das primas pasou de 667.082 a 15.332.769 euros, multiplicándose 22,98.

Esta evolución favorable débese á diminución da idade dos animais para poder solicitar a prima, ao incremento dos importes unitarios das primas, a un mellor coñecemento polos produtores do sistema de tramitación das axudas e ao establecemento en 2005 do tipo de pequeno produtor ao que non se lle aplica o coeficiente redutor ao número de animais.

Cadro 4.17.

**PRIMA ESPECIAL DE BOVINO MACHO. EVOLUCIÓN ANUAL PRIMAS PAGADAS 1994-2005**

| CAMPAÑA | SOLICITANTES | IMPORTE DAS PRIMAS (€) | ANIMAIS/ SOLICITANTE | EUROS/ SOLIC |
|---|---|---|---|---|
| 1994 | 1.342 | 667.082 | 5,9 | 497,10 |
| 1995 | 1.698 | 791.372 | 5,4 | 466,10 |
| 1996 | 2.390 | 987.137 | 5,2 | 413,00 |
| 1997 | 2.871 | 1.521.949 | 5,2 | 530,10 |
| 1998 | 2.992 | 1.898.854 | 6,3 | 634,60 |
| 1999 | 3.402 | 2.123.428 | 6,6 | 624,20 |
| 2000 | 7.302 | 6.886.720 | 7,1 | 943,10 |
| 2001 | 6.668 | 7.215.577 | 7,0 | 1.082,10 |
| 2002 | 8.453 | 9.144.194 | 7,1 | 1.081,80 |
| 2003 | 11.103 | 10.637.654 | 6,2 | 958,10 |
| 2004 | 11.925 | 12.456.682 | 6,4 | 1.044,60 |
| 2005 | 12.060 | 15.332.769 | 5,8 | 1.271,37 |

Gráfico 4.5.



### 4.1.3.3.PRIMA POR SACRIFICIO DE BOVINOS

As solicitudes presentáronse a través das Oficinas Agrarias Comarcais nos períodos do 15 de febreiro ao 15 de maio, do 1 ao 30 de xuño, do 1 ao 30 de setembro de 2006 e do 1 de decembro de 2006 ao 15 de xaneiro de 2007, nos formularios establecidos, de acordo co disposto no Manual de Procedemento aprobado pola Dirección do FOGGA e utilizando unha aplicación informática que accede á base de datos de identificación e rexistro de gando vacún para facilitar a súa tramitación.

Na Campaña 2006 recibíronse en Galicia 69.749 solicitudes de prima por sacrificio para un total de 248.456 animais, o que supón que a cada solicitude presentada correspóndenlle unha media de 3,56 cabezas sacrificadas.

#### Plan de controis

De acordo co establecido no manual de procedemento sobre controis administrativos e no plan nacional de controis de axudas gandeiras para o ano 2006, redactado polo FEGA, o FOGGA aprobou o plan de controis administrativos e sobre o terreo de primas gandeiras aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia na Campaña 2006. Os controis administrativos implican para todas as solicitudes de cada prima presentada na campaña 2006 as comprobacións reflectidas no plan, e segundo o manual de procedemento.

Os controis sobre o terreo fanse simultaneamente para a prima por vaca nutriz e prima por sacrificio se as ten solicitadas a explotación no momento de efectuar o control sobre o terreo, e teñen que ser, como mínimo, dun 5% dos solicitantes de primas por gando vacún e deben incluír, como mínimo, un 5% dos animais solicitados para cada réxime de axuda. O número de explotacións e animais polos que solicitase prima por sacrificio obxecto de control na campaña 2006 indícase no cadro correspondente do apartado da prima por vacas nutrices.

Controláronse sobre o terreo o 5,62% das explotacións solicitadas e o 15,29% dos animais polos que se solicitou prima por sacrificio, superándose as porcentaxes mínimas establecidas no plan de controis.

Por outra banda, no plan de controis, establécese que deberán controlarse o 30% dos establecementos de sacrificio ou matadoiros que presentasen unha declaración de participación da xestión da prima, e neles contrólanse un mínimo do 5% dos animais solicitados e sacrificados durante os 12 meses anteriores ao control sobre o terreo. Dos 55 matadoiros participantes, controláronse 17, coa comprobación de 49.534 animais por mostraxe, o que supón un 10% dos solicitados.

#### Control de calidade dos controis

Por outra banda, o plan de controis da campaña 2005 di que se realizará un control da calidade dos controis sobre o terreo, que se fixo conforme ás porcentaxes reflectidas no apartado da prima por vacas nutrices, resultando, para o caso dos controis sobre o terreo nas explotacións, os números do cadro reflectido anteriormente no apartado de vacas nutrices, e no caso dos controis sobre o terreo nos matadoiros os datos seguintes:

**Cadro 4.18.**

**CALIDADE DOS CONTROIS SOBRE O TERREO EN MATADOIROS DA CAMPAÑA 2005**

| PROVINCIA | CONTROIS TOTAIS DE MATADOIROS NA CAMPAÑA 2005 | SUPERVISIÓN | REPETICIÓN DO 50% DAS ACTAS NO CAMPO |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 7 | 2 | 1 |
| LUGO | 4 | 2 | 1 |
| OURENSE | 2 | 2 | 1 |
| PONTEVEDRA | 4 | 2 | 1 |
| GALICIA | 17 | 8 | 4 |

## Pagos de axudas a produtores que solicitaron prima por sacrificio.

Os pagos realizados no ano 2006 corresponden á campaña 2005.

Despois de coñecer os coeficientes redutores resultantes do número de animais solicitados en todo o Estado español e a súa relación con máximos establecidos pola UE para España para animais de menos de 8 meses (25.629 cabezas) e para mais de 8 meses (1.982.216 cabezas), que foron respectivamente no ano 2005 de 0,594875 e 0,764565, realizouse o pago da prima base e o pago adicional aos produtores que cumpriron as condicións establecidas, no mes de xuño de 2006. Aplicouse tamén a redución do 3 % relativa á modulación.

A distribución provincial de produtores, cabezas primadas e pagos totais indícase no cadro seguinte:

Cadro 4.19.

PRIMAS POR SACRIFICIO. PRODUTORES, CABEZAS E PAGOS TOTAIS FEITOS NO ANO 2006, SEGUNDO PROVINCIAS. SOLICITUDES DA CAMPAÑA 2005

| PROVINCIA | PRODUTORES | CABEZAS | PAGOS TOTAIS (€) |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 12.277 | 76.967 | 4.142.663,08 |
| LUGO | 12.721 | 121.710 | 7.355.736,82 |
| OURENSE | 2.519 | 41.124 | 2.618.388,43 |
| PONTEVEDRA | 6.548 | 27.969 | 1.521.372,58 |
| GALICIA | 34.065 | 267.770 | 15.638.160,91 |

O total de 34.065 produtores percibiron 15.638.160,91 € por un total de 267.770 cabezas sacrificadas. Un 47,03% da axuda corresponde a Lugo, 26,49% á Coruña, 16,74% a Ourense e a Pontevedra o 9,72 % restante. No relativo a animais primados por explotación, aínda que a media é de 7,86 en Galicia, en Ourense é de 16,32 e en Pontevedra de 4,27 cabezas por produtor.

O total indicado de prima por sacrificio inclúe a prima base de xatos de menos de oito meses, a prima base de bovinos de 8 ou máis meses (adultos) e o pago adicional de adultos segundo se indica no cadro seguinte:

Cadro 4.20.

PRIMAS POR SACRIFICIO. DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL SEGUNDO TIPO DE PAGO. CAMPAÑA 2005

| PROVINCIA | IMPORTES PAGADOS (€) | | | |
|---|---|---|---|---|
| | XATOS | ADULTOS | PAGO ADICIONAL ADULTOS | TOTAL |
| A CORUÑA | 88.260,99 | 3.724.864,06 | 329.538,03 | 4.142.663,08 |
| LUGO | 101.970,32 | 6.093.467,64 | 1.160.298,86 | 7.355.736,82 |
| OURENSE | 32.271,60 | 2.072.037,92 | 514.078,91 | 2.618.388,43 |
| PONTEVEDRA | 39.913,97 | 1.333.633,29 | 147.825,32 | 1.521.372,58 |
| GALICIA | 262.416,88 | 13.224.002,91 | 2.151.741,12 | 15.638.160,91 |

A prima por sacrificio de adultos supón o 84,56% do total pagado, o pago adicional o 13,75% e a prima por sacrificio de animais xoves, de menos de 8 meses, o 1,67%. O pago adicional ten maior peso en Ourense (19,63%), a prima de adultos na Coruña (89,91%) e a prima de animais xoves en Pontevedra (2,62%).

No mapa nº 6 reflíctese a distribución de importes pagados aos gandeiros de cada concello de Galicia en concepto de prima por sacrificio, existindo 25 concellos nos que o conxunto de produtores percibiron máis de 200.000 euros por esta prima e 27 nos que non chegan a 1.000 euros.

MAPA Nº 6




## Comparación coa campaña anterior

A comparación dos pagos feitos no 2006, correspondentes á campaña 2005, cos pagos relativos á campaña 2004 para a prima por sacrificio, indica:

- Un decremento do 9,74% no importe total de primas pagadas.
- Un incremento do 9,03% número de animais primados.
- Un decremento do 2,82% no  número de produtores que perciben prima.
- Un decremento do 7,08% no importe da prima percibida por explotación.

A modulación e a aplicación de coeficientes de axuste ao límite máximo de animais primables deron lugar á diminución de axudas a pesar do incremento de animais primados.

## Evolución da prima por sacrificio no período 2000-2005

No cadro seguinte indícase a evolución do número de solicitudes, animais solicitados e primados por sacrificio, xoves e adultos, desde 2000, ano no que estableceu esta prima a Unión Europea, até o ano 2005.

Cadro 4.21.

**PRIMAS POR SACRIFICIO. EVOLUCIÓN ANUAL DE SOLICITUDES E ANIMAIS SOLICITADOS E PAGADOS 2000-2005**

| CAMPAÑA | SOLICITUDES | ANIMAIS SOLICITADOS | ANIMAIS PRIMADOS | PRIM/SOLIC % |
|---|---|---|---|---|
| 2000 | 31.249 | 113.644 | 102.353 | 90,1 |
| 2001 | 37.916 | 145.264 | 128.368 | 88,4 |
| 2002 | 53.115 | 178.220 | 167.320 | 93,9 |
| 2003 | 70.015 | 225.789 | 218.349 | 96,7 |
| 2004 | 76.377 | 250.532 | 245.574 | 98,0 |
| 2005 | 79.678 | 274.032 | 267.770 | 97,7 |

Ao longo de todo ese período mantense a tendencia a incrementar tanto o número de solicitudes como os animais solicitados e primados. Esta tendencia débese a un incremento das primas por cabeza como consecuencia da Axenda 2000 e a unha mellor información dos produtores e ao perfeccionamento dos sistemas de tramitación e xestión.

No cadro 4-22 e no gráfico 4-6 resúmense os datos de solicitantes e importes totais de primas pagadas no período 2000-2005

Cadro 4.22.

**PRIMA POR SACRIFICIO.
EVOLUCIÓN ANUAL DE SOLICITANTES E PRIMAS PAGADAS 2000-2005**

| CAMPAÑA | SOLICITANTES | IMPORTE DAS PRIMAS (€) | ANIMAIS/ SOLICITANTE | EUROS/ SOLIC. |
|---|---|---|---|---|
| 2000 | 16.807 | 4.403.615 | 6,8 | 262,0 |
| 2001 | 20.820 | 9.318.660 | 7,0 | 447,6 |
| 2002 | 27.143 | 13.157.581 | 6,6 | 484,8 |
| 2003 | 32.994 | 15.852.938 | 6,6 | 480,4 |
| 2004 | 35.055 | 17.325.728 | 7,0 | 494,2 |
| 2005 | 34.065 | 15.638.161 | 7,9 | 459,1 |

Gráfico 4.6.

**PRIMA POR SACRIFICIO DE BOVINOS. EVOLUCIÓN ANUAL DE SOLICITANTES E PRIMAS PAGADAS 2000-2005**



Tanto as solicitudes como os animais primables increméntanse de ano en ano até 2005, aínda que baixaron lixeiramente en 2005 os solicitantes e o importe das axudas en relación con 2004. O número de solicitantes pasou de 16.807 en 2000 a 34.065 en 2005, multiplicándose por 2,02, e os animais primados por 2,5 no período de 5 anos. Os importes pagados pasaron de 4.403.615 a 15.638.161 euros no mesmo período, multiplicándose por 3,55. O importe percibido por beneficiario, aínda que diminuíu de 2002 a 2003 polo feito de incorporarse á axuda produtores máis pequenos, pasou de 262,0 a 459,1 euros desde o ano 2000 ao ano 2005, o que supón multiplicar a axuda por explotación por 1,75.

#### 4.1.3.4. PAGAMENTO ADICIONAL AOS PRODUTORES QUE MANTEÑAN VACAS NUTRICES (ART. 69 REGULAMENTO 1782/2003)

Para a presentación destas solicitudes contouse coa colaboración de entidades financeiras, de acordo co indicado no punto 2.3.2 e o cadro 2.13 desta memoria, do 15 de febreiro ao 15 de maio de 2006. A recepción destas solicitude e a xestión das mesmas faise de acordo co manual de procedemento establecido polo FOGGA.

No ano 2006 recibíronse en Galicia 22.273 solicitudes deste pagamento adicional para un total de 209.902 animais e 9,4 animais por gandeiro, segundo se indica no cadro 4-23.

Cadro 4.23.

SOLICITUDES DE PAGAMENTO ADICIONAIS AOS PRODUTORES QUE MANTEÑAN VACAS NUTRICES (ART. 69 R.1782/2003)
CAMPAÑA 2006

| PROVINCIA | SOLICITUDES | CABEZAS | CABEZAS/ SOLICITUDES |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 7.863 | 58.263 | 7,4 |
| LUGO | 9.772 | 114.741 | 11,7 |
| OURENSE | 2.282 | 21.742 | 9,5 |
| PONTEVEDRA | 2.356 | 15.156 | 6,4 |
| GALICIA | 22.273 | 209.902 | 9,4 |

A percepción desta axuda non está condicionada á dispoñibilidade de dereitos de prima polo gandeiro.

### Plan de controis

Esta axuda está incluída no plan de controis administrativos e sobre o terreo de primas gandeiras da comunidade autónoma de Galicia para a campaña 2006, téndose realizado os controis indicados no cadro 4-8 desta memoria.

### Pagamento de axuda

De acordo co establecido no artigo 28 do Regulamento (CE) 1782/2003, o pagamento desta axudas efectuarase no período comprendido entre o 1 de decembro de 2006 e o 30 de xuño de 2007.

Tendo en conta que non hai fixado un importe unitario da axuda, e o mesmo o fixará o FEGA en

función do importe total dispoñible para esta liña e os animais con dereito a axuda, e que este non se fixou antes do 31 de decembro do 2006, non se efectuaron pagos en 2006.

#### 4.1.3.5.PAGAMENTO ADICIONAL Á PRODUCIÓN DE CARNE DE VACÚN DE CALIDADE (ART. 69 REGULAMENTO 1782/2003)

As solicitudes presentáronse a través das oficinas agrarias comarcais nos períodos do 15 de febreiro ao 15 de maio, do 1 ao 30 xuño, do 1 ao 30 de setembro de 2006 e do 1 de decembro de 2006 ao 15 de xaneiro de 2007.

Para facilitarlles a solicitude aos gandeiros, remitíronselles solicitudes pregravadas a aqueles que comercializan os seus animais baixo a I.X.P. Ternera Gallega ou o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia, para a súa presentación posterior, unha vez completadas, nas oficinas agrarias comarcais da Consellería.

Na campaña 2006 recibíronse en Galicia 3.868 solicitudes desta axuda por un total de 76.129 animais, indicándose no cadro 4-24, a súa distribución por provincias.

**Cadro 4.24.**

**SOLICITUDES DE PAGAMENTO ADICIONAL Á PRODUCIÓN DE CARNE DE VACÚN DE CALIDADE (ART. 69 R.1782/2003) . CAMPAÑA 2006**

| PROVINCIA | SOLICITUDES | CABEZAS | CABEZAS/ SOLICITUDES |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 334 | 5.556 | 16,6 |
| LUGO | 3.186 | 43.564 | 13,7 |
| OURENSE | 286 | 20.139 | 70,4 |
| PONTEVEDRA | 68 | 6.870 | 101,0 |
| GALICIA | 3.868 | 76.129 | 19,7 |

### Pagamento das axudas

O prazo de pago desta axuda vai do 1 de decembro de 2006 ao 30 de xuño de 2007.

Tampouco nesta axuda está fixado un importe unitario e o mesmo o fixará o FEGA en función do importe total dispoñible para esta liña e os animais con dereito á axuda, non estando fixado a 31 de decembro de 2006, polo que non se fixeron pagos no ano 2006.

## 4.2.Ovino-Cabrún

### 4.2.1.MARCO COMUNITARIO DE APOIO AO SECTOR

Están establecidas as seguintes axudas:

- Prima base por ovella e cabra.
- Prima complementaria para gandeiros de zonas de montaña e desfavorecidas.

## 4.2.2. RESUMO DAS NORMAS APLICABLES NA CAMPAÑA 2006

Coa introdución do pagamento único en España no ano 2006, e tendo en conta que o Estado español optou por ligar á produción o 50% da prima base por ovella e cabra e o 50% da prima complementaria para gandeiros de zonas de montaña e zonas desfavorecidas, incorporando o outro 50% máis o pagamento adicional a produtores de ovino-cabrún ao pagamento único por explotación desligado da produción, os novos importes unitarios máximos de axuda por cabeza diminuíron un 50%, quedando a partir de 2006 nos valores indicados no cadro 4-25.

### a) Prima base por ovella e cabra

A prima de ovino e cabrún concédeselles aos produtores que manteñan un rabaño de ovellas e/ou cabras. A prima por cabra pode concedérselles a produtores das provincias de Ourense e Pontevedra e das zonas de montaña e desfavorecidas das provincias da Coruña e Lugo.

Para ter dereito ás axudas, os solicitantes deben ter asignado un límite individual de dereitos de prima e manter na súa explotación un número de animais que cumpran as condicións para a súa concesión igual a aquel polo que solicitaron a prima por un período de 100 días a partir do día seguinte á finalización do prazo de presentación de solicitudes.

Tanto o número de animais solicitados como o dereitos dispoñibles non poden ser inferiores a dez.

### b) Prima complementaria

Tamén obteñen unha prima complementaria os produtores de ovino e cabrún en cuxa explotación polo menos o 50% da superficie dedicada á agricultura se sitúe en zonas desfavorecidas.

**Cadro 4.25.**

**IMPORTES UNITARIOS DAS PRIMAS DE OVINO/ CABRÚN. CAMPAÑA 2006**

| TIPO DE PRODUTOR | EUROS/CABEZA | |
|---|---|---|
| | PRIMA BASE | PRIMA COMPLEMENTARIA |
| AÑOS PESADOS | 10,5 | 3,5 |
| AÑOS LIXEIROS | 8,4 | 3,5 |

## 4.2.3. RESULTADOS DA XESTIÓN DAS AXUDAS

A tramitación e xestión das axudas a produtores de ovino e cabrún fíxose de acordo co establecido no Regulamento 1782/2003, polo que se establecen as disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da Política Agraria Común, e coa Orde do 6 de febreiro de 2006 pola que se regulan as solicitudes, no ano 2006, de axudas a superficies, primas gandeiras, prima láctea e indemnización compensatoria e se establece o sistema de asignación de dereitos de pago único.

Na presentación de solicitudes colaboraron as entidades financeiras segundo o indicado no apartado 2.3.2 e no cadro 2-13 desta memoria.

A tramitación das solicitudes fíxose de acordo co manual de procedemento para a xestión da solicitude unificada de axudas PAC 2006 e outras primas gandeiras establecido pola Dirección do FOGGA.

No ano 2006 recibíronse en Galicia 2.949 solicitudes da prima a produtores de ovino-cabrún por un total de 159.376 cabezas e 54,04 animais por explotación.

Cadro 4.26.

SOLICITUDES DE PRIMAS DE OVINO/CABRÚN RECIBIDAS SEGUNDO PROVINCIA. CAMPAÑA 2006

| PROVINCIA | SOLICITUDES | CABEZAS |
|---|---|---|
| A CORUÑA | 299 | 13.212 |
| LUGO | 883 | 44.684 |
| OURENSE | 1.288 | 89.084 |
| PONTEVEDRA | 479 | 12.396 |
| GALICIA | 2.949 | 159.376 |

## Xestión de dereitos de prima

De acordo co establecido no Real decreto 1839/1997 polo que se establecen normas para a realización de transferencias e cesións de dereitos de prima para os produtores de ovino e cabrún, xestionáronse en Galicia 523 comunicacións de transferencias/ cesións por un total de 14.775 dereitos, segundo se indica no cadro seguinte:

Cadro 4.27.

TRANSFERENCIAS E CESIÓNS DE DEREITOS DE PRIMA DE OVINO/CABRÚN. CAMPAÑA 2006

| PROVINCIA | TRANSFERENCIAS | | | | CESIONS | | TOTAL | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | CON EXPLOTACIÓN | | SEN EXPLOTACIÓN | | | | | |
| | SOLICITUDES | DEREITOS | SOLICITUDES | DEREITOS | SOLICITUDES | DEREITOS | SOLICITUDES | DEREITOS |
| A CORUÑA | 10 | 711,00 | 30 | 547,00 | 17 | 309,00 | 57 | 1.567,00 |
| LUGO | 18 | 755,00 | 92 | 2.452,00 | 28 | 730,00 | 138 | 3.937,00 |
| OURENSE | 36 | 1.617,00 | 191 | 6.104,00 | 17 | 619,00 | 244 | 8.340,00 |
| PONTEVEDRA | 9 | 185,00 | 73 | 732,00 | 2 | 14,00 | 84 | 931,00 |
| GALICIA | 73 | 3.268,00 | 386 | 9.835,00 | 64 | 1.672,00 | 523 | 14.775,00 |

Destes dereitos, 9.835 (66,56%) corresponden a transferencias sen explotación, praticamente na súa totalidade entre explotacións situadas en Galicia. Outros 3.268 dereitos (22,11%) corresponden a transferencias con explotación por cambios de titularidade ou similares. Os 1.672 dereitos restantes (11,31%) son cesións temporais entre explotacións.

Despois de integradas as transferencias de dereitos de prima de ovino e cabrún para a campaña 2006, os produtores galegos dispuñan de 152.207 dereitos distribuídos entre 3.308 explotacións, a razón de 46,01 dereitos por explotación, indicándose no cadro seguinte a distribución provincial.

Cadro 4.28.

**DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DE PRODUTORES E DEREITOS DE PRIMA DE OVINO/CABRÚN.CAMPAÑA 2006**

| PROVINCIA | PRODUTORES | | DEREITOS | | DEREITOS POR PRODUTOR |
|---|---|---|---|---|---|
| | NÚMERO | % | NÚMERO | % | |
| A CORUÑA | 336 | 10,16 | 12.122,00 | 7,96 | 36,08 |
| LUGO | 978 | 29,56 | 42.790,00 | 28,11 | 43,75 |
| OURENSE | 1.433 | 43,32 | 85.438,00 | 56,13 | 59,62 |
| PONTEVEDRA | 561 | 16,96 | 11.857,00 | 7,79 | 21,14 |
| GALICIA | 3.308 | 100,00 | 152.207 | 100,00 | 46,01 |

As explotacións de ovino-cabrún, tanto no relativo a produtores 1.433 (43,3%) como a dereitos de prima 85.438 (56,13%) concéntranse na provincia de Ourense, que tamén ten a maior cantidade de dereitos por explotación, 59,62.

Gráfico 4.7.

**DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DE PRODUTORES E DEREITOS DE PRIMA POR OVINO/CABRÚN. CAMPAÑA 2006**



No cadro e nos dous gráficos seguintes resúmese a distribución de produtores e dereitos de ovino-cabrún segundo o tamaño da explotación, indicado en número de dereitos por produtor, para a campaña 2006 en Galicia. Ponse en evidencia o reducido tamaño dun alto número de explotacións o que condiciona a súa rendibilidade e viabilidade. Unicamente un 11% das explotacións, cun 53,40% dos dereitos, teñen máis de 100 dereitos por explotación. No outro extremo, 1.846 explotacións (55,8%) con 22.556 dereitos (14,82%) teñen menos de 20 dereitos por produtor.

Cadro 4.29.

**DISTRIBUCIÓN DE PRODUTORES DE OVINO/CABRÚN E DEREITOS SEGUNDO DEREITOS POR PRODUTOR. CAMPAÑA 2006**

| RANGO DEREITOS/PRODUTORES | PRODUTORES | | DEREITOS | |
|---|---|---|---|---|
| | NÚMERO | % | NÚMERO | % |
| DE 1 A 10 | 577 | 17,44 | 4.128 | 2,71 |
| DE 10 A 20 | 1.269 | 38,36 | 18.428 | 12,11 |
| DE 20 A 50 | 754 | 22,79 | 23.639 | 15,53 |
| DE 50 A 100 | 344 | 10,40 | 24.738 | 16,25 |
| MÁIS DE 100 | 364 | 11,00 | 81.274 | 53,40 |
| TOTAL | 3.308 | 100,00 | 152.207 | 100,00 |

Gráfico 4.8.

**DISTRIBUCIÓN DE PRODUTORES E DEREITOS DE OVINO/CABRÚN SEGUNDO DEREITOS POR PRODUTOR. CAMPAÑA 2006**



A estrutura produtiva do sector é fráxil pero relativamente estable no correspondente aos dereitos totais dos produtores, aínda que o número destes diminúe. Do ano 2005 ao 2006 abandonaron a actividade 207 produtores (5,88%) e produciuse un descenso en dereitos de 2.916 (1,87%), fundamentalmente pola non utilización na solicitude de primas

Nos últimos cinco anos a evolución do número de produtores e dereitos de prima de ovino-cabrún indícase no cadro e gráfico seguintes.

Cadro 4.30.

**EVOLUCIÓN DE PRODUTORES E DEREITOS DE PRIMA DE OVINO/CABRÚN GALICIA 2001 A 2006**

| | 2001 | 2002 | 2003 | 2004 | 2005 | 2006 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| PRODUTORES | 4.262 | 4.011 | 3.875 | 3.699 | 3.515 | 3.308 |
| DEREITOS | 164.091 | 162.516 | 155.962 | 157.380 | 155.123 | 152.207 |

Gráfico 4.9.

**EVOLUCIÓN DE PRODUTORES E DEREITOS DE PRIMA OVINO/CABRÚN. GALICIA 2001 A 2006**




O resumo é unha perda continuada de produtores, 954 (22,38% dos asistentes en 2001), e tamén de dereitos, 11.884 (7,24% dos dereitos en 2001), no total do período de 5 anos. Estas cifras equivalen a unha diminución anual media do 4,47% dos produtores e do 1,44% dos dereitos de prima.

## Plan de controis

No marco do disposto no manual de procedemento para a xestión da solicitude unificada de axudas PAC 2006 e no plan nacional de controis administrativos e sobre o terreo de axudas gandeiras para o ano 2006, redactado polo FEGA, o FOGGA aprobou o plan correspondente para aplicalo na Comunidade Autónoma de Galicia.

Nel recóllense as distintas comprobacións que hai que realizar, así como os controis sobre o terreo, que deben afectar, como mínimo, a un 10% dos solicitantes de primas de ovino/cabrún. O número de explotacións e animais controlados resúmese no cadro seguinte:

Cadro 4.31.

EXPLOTACIÓNS DE OVINO/CABRÚN E ANIMAIS INSPECCIONADOS. CAMPAÑA 2006

| PROVINCIA | EXPLOTACIÓNS | ANIMAIS |
|---|---|---|
| A CORUÑA | 31 | 3.766 |
| LUGO | 96 | 10.195 |
| OURENSE | 160 | 24.467 |
| PONTEVEDRA | 57 | 2.433 |
| GALICIA | 344 | 40.861 |

En relación coas solicitudes recibidas, 2.949, o número de controis realizados, 344, supón o 11,66% e os animais afectados polo control, 40.861, o 25,64% dos 159.376 solicitados, superándose os mínimos establecidos no plan de control.

## Plan de controis de calidade

O plan de controis da campaña di que se realizará un control da calidade dos controis sobre o terreo e para iso faise unha supervisión aleatoria do 2% do total das actas de control de primas de ovino/cabrún da campaña 2005, collendo como mínimo 2 actas por controlador para comprobar a súa correcta redacción, e logo a repetición dos controis sobre o terreo nun mínimo do 50% das ditas actas, segundo se recolle no seguinte cadro:

Cadro 4.32.

CALIDADE DOS CONTROIS SOBRE O TERREO NAS EXPLOTACIÓNS DA CAMPAÑA 2005

| PROVINCIA | CONTROIS TOTAIS DE OVINO/CABRÚN NA CAMPAÑA 2005 | SUPERVISIÓN | REPETICIÓN DO 50% DAS ACTAS NO CAMPO |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 32 | 2 | 1 |
| LUGO | 97 | 2 | 1 |
| OURENSE | 146 | 4 | 2 |
| PONTEVEDRA | 57 | 2 | 1 |
| GALICIA | 360 | 10 | 5 |

## Pagos de axudas aos produtores de ovino-cabrún

Para a campaña 2006 efectuáronse os pagos de primas a produtores de ovino-cabrún que solicitaron a prima

nos primeiros meses do mesmo ano. Das primas solicitadas denegouse un número significativo delas por diversas incidencias, entre as que destacan as solicitudes que teñen menos de 10 dereitos de prima.

No cadro seguinte indícanse as primas pagadas en cada provincia aos produtores de ovino e cabrún na campaña 2006.

Cadro 4.33.

**PRIMAS OVINO/CABRÚN. PRODUTORES, CABEZAS E PAGOS TOTAIS SEGUNDO PROVINCIAS. CAMPAÑA 2006**

| PROVINCIA | PRODUTORES | CABEZAS | | | PAGOS TOTAIS (€) |
|---|---|---|---|---|---|
| | | OVINOS | CAPRINOS | TOTAL | |
| A CORUÑA | 267 | 9.473 | 760 | 10.233 | 119.741,57 |
| LUGO | 850 | 32.975 | 5.748 | 38.723 | 496.657,52 |
| OURENSE | 1.231 | 66.509 | 10.211 | 76.720 | 1.002.728,69 |
| PONTEVEDRA | 453 | 8.946 | 1.287 | 10.233 | 123.217,24 |
| GALICIA | 2.801 | 117.903 | 18.006 | 135.909 | 1.742.345,02 |

Un total de 2.801 produtores percibiron 1.742.345 euros por 135.909 cabezas, das que 117.903 son ovellas e 18.006 cabras. A prima por explotación foi de 622,04 euros para un censo medio de 48,52 cabezas. As porcentaxes de prima de cada provincia son de 6,87% na Coruña, 28,50% en Lugo, 57,55% en Ourense e 7,07% en Pontevedra.

No mapa nº 7 reflíctese a distribución de importes pagados aos produtores de ovino/cabrún de cada concello en concepto de primas, no que se observa que só nun concello as axudas sobrepasan os 100.000 euros, existindo 62 concellos nos que non se perciben axudas por esta prima.

MAPA Nº 7



A prima total distribúese en dous conceptos, unha prima base, e unha prima específica de zonas desfavorecidas, segundo se indica no cadro seguinte, para cada provincia.

Cadro 4.34.

PRIMAS POR OVINO/CABRÚN. DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL SEGUNDO O TIPO DE PAGO. CAMPAÑA 2006

| PROVINCIA | IMPORTES PAGADOS (€) | | |
|---|---|---|---|
| | PRIMA BASE | PRIMA ESPECÍFICA | TOTAL |
| A CORUÑA | 101.320,53 | 18.421,04 | 119.741,57 |
| LUGO | 375.955,34 | 120.702,18 | 496.657,52 |
| OURENSE | 746.936,12 | 255.792,57 | 1.002.728,69 |
| PONTEVEDRA | 99.439,23 | 23.778,01 | 123.217,24 |
| GALICIA | 1.323.651,22 | 418.693,80 | 1.742.345,02 |

No conxunto de Galicia a porcentaxe da prima base é do 75,96%, e a prima específica do 24,03%.

Nos pagamentos executados na campaña 2006 fíxose unha redución da axuda do 4% do importe total en concepto de modulación (Regulamento 1782/2003) para dedicar a programas de desenvolvemento rural. Antes do 30 de setembro do 2007 farase un pagamento adicional por un importe até o 4% dos primeiros 5.000 euros recibidos polo solicitante no conxunto das axudas da PAC solicitadas no ano 2006, sen superar o límite máximo para este concepto asignado a España.

Aplicouse tamén un coeficiente de redución provisional, revisable a final de campaña, tanto aos importes correspondentes á prima por ovella e cabra como á prima adicional de ovella e cabra.

## Comparación coa campaña anterior

Os pagos da campaña 2006 en relación cos efectuados para a campaña 2005 supoñen o seguinte:

- Unha diminución do 7,6% das cabezas primadas.
- Unha diminución do 6,28% no número de produtores con prima.
- Unha diminución do 53,10% nos pagamentos executados. Neste capítulo é importante lembrar que as primas de ovino-cabrún quedaron integradas nun 50% no pago único, polo que os importes diminuíron en gran medida por este motivo, e que a modulación aplicada foi do 4%, sendo do 3% en 2005.

## Evolución das axudas por ovino-cabrún no período 1995-2006

No cadro seguinte indícase a evolución do número de produtores que solicitan a prima, dos animais solicitados e dos primados no período 1995-2006. Ao longo dese período mantense a tendencia decrecente do número de produtores e do número de animais primados.

Cadro 4.35.

## PRIMA POR OVINO/CABRÚN. EVOLUCIÓN ANUAL DE SOLICITUDES E ANIMAIS SOLICITADOS E PRIMADOS. GALICIA 1995-2006

| CAMPAÑA | SOLICITUDES | ANIMAIS SOLICITADOS | ANIMAIS PRIMADOS | PRIM/ SOLIC (%) |
|---|---|---|---|---|
| 1995 | 5.240 | 184.990 | 155.023 | 83,8 |
| 1996 | 5.117 | 194.128 | 161.267 | 83,1 |
| 1997 | 4.739 | 189.140 | 160.189 | 84,7 |
| 1998 | 4.448 | 182.776 | 157.487 | 86,2 |
| 1999 | 4.321 | 183.465 | 160.808 | 87,7 |
| 2000 | 4.107 | 180.894 | 158.087 | 87,4 |
| 2001 | 3.928 | 175.087 | 155.067 | 88,6 |
| 2002 | 3.647 | 168.212 | 150.825 | 89,7 |
| 2003 | 3.478 | 161.512 | 147.758 | 91,5 |
| 2004 | 3.264 | 162.885 | 149.565 | 91,8 |
| 2005 | 3.149 | 163.012 | 147.144 | 90,3 |
| 2006 | 2.951 | 163.415 | 135.909 | 83,2 |

No cadro e gráfico seguintes resúmense os importes das primas percibidas polos produtores no período 1995-2006 e o número destes, así como a media de animais e prima por solicitante.

**Cadro 4.36.**

## PRIMAS POR OVINO/CABRÚN. EVOLUCIÓN ANUAL DE SOLICITANTES E PRIMAS PAGADAS. GALICIA 1995-2006

| CAMPAÑA | SOLICITANTES | IMPORTE DAS PRIMAS (EUROS) | ANIMAIL/ SOLICITANTE | EUROS/ SOLIC |
|---|---|---|---|---|
| 1995 | 5.240 | 4.632.216,00 | 29,6 | 884,00 |
| 1996 | 5.117 | 3.550.696,00 | 31,5 | 693,90 |
| 1997 | 4.739 | 3.271.404,00 | 33,8 | 690,30 |
| 1998 | 4.448 | 4.385.821,00 | 35,4 | 986,00 |
| 1999 | 4.321 | 4.349.149,00 | 37,2 | 1.006,50 |
| 2000 | 4.107 | 3.643.014,00 | 38,5 | 887,00 |
| 2001 | 3.928 | 2.290.481,00 | 39,5 | 583,10 |
| 2002 | 3.647 | 4.186.336,00 | 41,3 | 1.147,90 |
| 2003 | 3.478 | 4.076.199,00 | 42,4 | 1.172,00 |
| 2004 | 3.264 | 4.148.450,00 | 45,8 | 1.271,00 |
| 2005 | 2.924 | 3.715.111,00 | 50,3 | 1.270,50 |
| 2006 | 2.801 | 1.742.345,02 | 48,2 | 622,00 |

Gráfico 4.10.




A oscilación dos importes dun a outro ano débese a que, no pasado, as primas se fixaban en función da evolución dos prezos de cada campaña. Prezos da campaña altos daban lugar a menor compensación coas primas. Na actualidade as primas son fixas e independentes dos prezos.

A evolución de animais primados por explotación foi positiva ao longo do período, pasando de 29,6 en 1995 a 48,5 en 2005, o que supón un incremento de 18,9 cabezas/explotación.

## 4.3. Leite e Produtos Lácteos

### 4.3.1. MARCO COMUNITARIO PARA O SECTOR

O elemento fundamental para a regulación do sector do leite e dos produtos lácteos é o réxime aplicado á produción e comercialización, baseado nas cotas. A Unión Europea fixa para cada Estado membro as cantidades máximas garantidas para a comercialización de leite para cada campaña. No caso de que un Estado membro supere as cantidades de referencia fixadas está establecida unha taxa sobre o volume de leite que se comercialice por encima desas cantidades de referencia.

Ademais existen as seguintes axudas:

- Prima adicional láctea para a mellora da calidade.
- Axuda á utilización de leite e derivados nos centros escolares.
- Manteiga para institucións non lucrativas.
- Almacenamento privado de produtos lácteos.

Por outra banda, establécense determinados mecanismos de sostenemento dos prezos de mercado mediante a adquisición e venda de leite en po e manteiga polos organismos de intervención.

### 4.3.2. RESUMO DAS NORMAS APLICABLES EN 2006

#### 4.3.2.1. TAXA SUPLEMENTARIA NO SECTOR LÁCTEO

O réxime da taxa láctea regúlase no Estado Español, para a campaña 2005-2006, a través do Real decreto

754/2005, de 24 de xuño, polo que se regula o réxime da taxa láctea, nos seus aspectos de xestión, recadación e control.

O FOGGA, no marco da encomenda de xestión de actuacións de intervención e regulación de mercados establecida entre o MAPA e a Comunidade Autónoma de Galicia o 25 de marzo de 1996, realiza os controis de explotacións, compradores de leite e industrias situadas en Galicia.

A aplicación do réxime de cotas fai necesaria a asignación de cantidades de referencia individuais (cotas) aos produtores, de maneira que a suma delas non exceda as cantidades máximas garantidas para o Estado membro.

Como elementos base no réxime de cotas para os produtores destácanse os seguintes:

- Asignación, reasignación e anulación de cotas a produtores.
- Xestión da reserva nacional de cotas.
- Transvase de cotas de venda directa a cotas de entrega a compradores.
- Transferencias de cotas.
- Cesións temporais de cota.

A xestión destes aspectos correspóndelle en Galicia á Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias.

Desde a perspectiva da xestión da taxa láctea considéranse elementos fundamentais:

- Autorización de compradores de leite.
- Declaración de compras e vendas feitas polos compradores.
- Declaracións de vendas dos gandeiros con cota para venda directa.

### 4.3.2.2.PRIMA LÁCTEA E PAGOS ADICIONAIS

Estas primas concedéronse aos produtores de leite por ano natural, por explotación e por tonelada de cota láctea con dereito a prima e dispoñible na explotación nos anos 2004 e 2005, no marco do establecido nos artigos 94 e 95 do Regulamento (CE) nº 1782/2003. A partir do ano 2006, e de acordo co artigo 2 a) do Real Decreto 1617/2005, estas axudas integráronse no pagamento único por explotación nun 90%.

Polo tanto, na campaña 2006 as actuacións relacionadas con esta prima foron unicamente:

- Resolución de recursos presentados contra as resolucións da campaña 2005.
- Control de calidade dos controis de campo da prima láctea 2005.

### 4.3.2.3.PAGOS ADICIONAIS DO SECTOR LÁCTEO (ART. 69 REGULAMENTO 1782/2003)

De acordo co establecido no artigo 3.2 do Real Decreto 1617/2005, polo que se regula a concesión de dereitos aos agricultores dentro do réxime de pagamento único, retívose un 10% da prima láctea e pagamentos adicionais no sector lácteo por aplicación do artigo 69 do Regulamento (CE) nº 1782/2003 para conceder unha axuda aos produtores de gando vacún leiteiro destinada a favorecer a calidade do leite cru producido nas explotacións, co compromiso do gandeiro de acollerse a un sistema de aseguramento da calidade.

A axuda regúlase nos artigos 83 e 84 do Real Decreto 1618/2005 sobre aplicación do réxime de pagamento único e outros réximes de axuda directa á agricultura e gandaría.

Existe un límite de pagos para todo o Estado español fixado en 19.700.000 euros. Polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerase anualmente o importe do pago adicional por cada quilo

de cota dispoñible a 31 de marzo de cada ano, cun máximo de 500.0000 quilos por explotación agás no caso de explotacións asociativas.

#### 4.3.2.4.AXUDA Á UTILIZACIÓN DE LEITE E DERIVADOS NOS CENTROS ESCOLARES

Poden beneficiarse desta axuda os alumnos que asistan regularmente aos centros escolares, recoñecidos oficialmente, de educación infantil, primaria, secundaria e especial.

A axuda poden solicitala os centros, as asociacións de pais ou os provedores de produtos. A axuda concédese para leite, leite chocolateado, iogur ou queixo por unha cantidade global máxima de 0,25 litros de equivalente de leite por alumno e día e deben consumirse nas dependencias do centro escolar.

O importe unitario da axuda por 100 Kg de produto para o período do 01.07.2005 ao 30.06.2006 varía de 20,16 € para o leite de máis do 3,5% de graxa até 11,78 € para leite de menos do 0,5% de graxa. No caso do queixo varía de 63,48 €/100 Kg para queixos frescos e fundidos non aromatizados de máis do 40% de graxa até 161,87 €/100 Kg para queixos nin frescos nin fundidos con máis do 45% de graxa.

### 4.3.3.RESULTADO DA XESTIÓN

#### 4.3.3.1.TAXA SUPLEMENTARIA NO SECTOR LÁCTEO

A) Produtores de leite en Galicia. Final período 2005-2006

Os períodos, a efectos de réxime da taxa láctea, teñen o seu inicio o 1 de abril e rematan o 31 de marzo do ano seguinte. Polo tanto, no ano 2006 o 31 de marzo rematou o período 2005-2006 e o 1 de abril iniciouse o período 2006-2007.

A distribución de produtores e cota en Galicia correspondente ao final da campaña 2005-2006, segundo datos facilitados polo FEGA, indícase no cadro e gráfico seguinte para os produtores con cota de venda a compradores.

**Cadro 4.37.**

**DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DE PRODUTORES CON VENDA A COMPRADORES E COTA LÁCTEA. GALICIA, FINAL PERÍODO 2005-2006**

| | PRODUTORES | COTA (TN) | TN/PRODUTOR |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 7.094 | 883.383,813 | 124,525 |
| LUGO | 6.389 | 972.425,961 | 152,203 |
| OURENSE | 240 | 21.471,350 | 89,464 |
| PONTEVEDRA | 2.636 | 243.644,263 | 92,430 |
| GALICIA | 16.359 | 2.120.925,387 | 129,649 |

Gráfico 4.11.

**PRODUTORES E COTA LÁCTEA. DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL.
FINAL PERÍODO 2005-2006**




Na campaña 2005-2006 existían en Galicia 16.359 explotacións con cota de entrega a compradores cun total de cota asignada de 2.120.925,387 toneladas, o que supón unha media de 129,649 toneladas por gandeiro. Esta media varía de 89,464 toneladas na provincia de Ourense a 152,203 en Lugo, provincia esta última que tamén ten a maior cantidade de cota asignada: 972.425,961 toneladas (45,85% do total de Galicia). O maior número de produtores de leite está na provincia da Coruña, con 7.094, o que supón o 43,37% do total de Galicia.

En relación cos produtores con venda directa, segundo se indica no cadro 4.38, un 85,71% deles e un 90,41% da cota correspondeulle á provincia da Coruña:

Cadro 4.38.

**DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DE PRODUTORES CON VENDA DIRECTA E COTA LÁCTEA. GALICIA, PERÍODO 2005-2006**

| | PRODUTORES | COTA (QUILOS) | VENDAS (QUILOS) |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 120 | 3.969.227 | 4.057.857 |
| LUGO | 15 | 377.048 | 387.217 |
| OURENSE | 0 | 0 | 0 |
| PONTEVEDRA | 5 | 43.907 | 45.196 |
| GALICIA | 140 | 4.390.182 | 4.490.270 |

No relativo ao tamaño das explotacións de leite de Galicia, indícase no cadro seguinte a situación a finais da campaña 2005-2006.

Cadro 4.39.

**DISTRIBUCIÓN DE PRODUTORES DE LEITE CON VENDA A COMPRADORES E COTA, SEGUNDO COTA POR PRODUTOR. GALICIA, FINAL PERÍODO 2005-2006**

| TN/ PRODUTOR | PRODUTORES | | DEREITOS | |
|---|---|---|---|---|
| | NÚMERO | % | TONELADAS | % |
| 1 A 25 | 2.982 | 18,23 | 39.536,628 | 1,86 |
| 25 A 50 | 2.452 | 14,99 | 90.342,378 | 4,26 |
| 50 A 75 | 2.014 | 12,31 | 124.461,399 | 5,87 |
| 75 A 200 | 5.812 | 35,53 | 737.544,082 | 34,77 |
| 200 A 300 | 1.621 | 9,91 | 388.590,592 | 18,32 |
| MÁIS DE 300 | 1.478 | 9,03 | 740.450,308 | 34,91 |
| TOTAL | 16.359 | 100,00 | 2.120.925,387 | 100,00 |

Gráfico 4.12.

**COTA LÁCTEA. DISTRIBUCIÓN DE PRODUTORES E COTA SEGUNDO COTA POR PRODUTOR**



Os produtores con cota inferior a 75 toneladas (7.448) supoñen o 45,53% dos produtores galegos e teñen asignada o 12,00% da cota de Galicia. No extremo contrario, os gandeiros con cota maior de 200 toneladas, 3.099 (18,94% do total), teñen asignada o 53,23% da cota de Galicia.

## B) Compradores de leite en Galicia. Final período 2005-2006

No período 2005/2006 a compra de leite en Galicia realizárona un total de 90 compradores, que recolleron 2.146.146,715 toneladas de leite, sen axustar pola porcentaxe de graxa, a 18.466 explotacións, aínda que unha explotación puido ter vendido leite a máis dun comprador ao longo do período.

No cadro seguinte resúmese a información dos compradores que actuaron en Galicia, segundo o seu domicilio social.

Cadro 4.40.

COMPRAS DE LEITE EN GALICIA SEGUNDO DOMICILIO DO COMPRADOR. PERÍODO 2005-2006

| DOMICILIO COMPRADOR | COMPRADORES | | GANDEIROS | | ENTREGAS | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | NÚMERO | % | NÚMERO | % | TONELADAS | % |
| GALICIA | 79 | 87,78 | 14.220 | 77,00 | 1.467.855,755 | 68,39 |
| RESTO DE ESPAÑA | 11 | 12,22 | 4.246 | 23,00 | 678.290,960 | 31,61 |
| TOTAL | 90 | 100,00 | 18.466 | 100,00 | 2.146.146,715 | 100,00 |

Aínda que en Galicia adquiren leite a gandeiros galegos 90 compradores, 11 deles teñen domicilio social fóra de Galicia, o que significa o 12,22% do total e recolle no 31,61% do leite da Comunidade Autónoma.

No cadro seguinte resúmese, por cantidade comprada en Galicia, a distribución de compradores e cantidades adquiridas no período 2005-2006.

Cadro 4.41.

COMPRAS DE LEITE EN GALICIA SEGUNDO A CANTIDADE ADQUIRIDA POLO COMPRADOR NA COMUNIDADE AUTÓNOMA. PERÍODO 2005-2006

| TONELADAS TN/PERÍODO | DOMICILIO SOCIAL EN GALICIA | | | DOMICILIO SOCIAL FÓRA DE GALICIA | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | COMPRADORES | GANDEIROS | ENTREGAS (KG) | COMPRADORES | GANDEIROS | ENTREGAS (KG) |
| < 100 | 2 | 5 | 5 | 0 | 0 | 0 |
| 100 A 500 | 8 | 125 | 125 | 2 | 13 | 698.676 |
| 500 A 1.000 | 6 | 158 | 158 | 0 | 0 | 0 |
| 1.000 A 10.000 | 34 | 2.754 | 2.754 | 1 | 18 | 5.312.277 |
| 10.000 A 50.000 | 24 | 5.210 | 5.210 | 4 | 983 | 99.301.472 |
| 50.000 A 100.000 | 2 | 1.302 | 1.302 | 1 | 523 | 83.272.423 |
| > 100.000 | 3 | 4.666 | 4.666 | 3 | 2.709 | 489.706.112 |
| TOTAL | 79 | 14.220 | 14.220 | 11 | 4.246 | 678.290.960 |

## C) Controis relativos á taxa láctea

Os controis realizados polo FOGGA no ano 2006 no marco da encomenda de xestión, no relativo á taxa láctea, enmárcanse no plan de control establecido polo FEGA para as declaracións de compras efectuadas polos compradores e de vendas feitas polos gandeiros no período 2004-2005, que rematou o 31 de marzo deste último ano.

Nese período os compradores que actuaron en Galicia indícanse no cadro seguinte:

Cadro 4.42.

**COMPRAS DE LEITE EN GALICIA SEGUNDO DOMICILIO DO COMPRADOR. PERÍODO 2004-2005**

| DOMICILIO COMPRADOR | COMPRADORES | | GANDEIROS | | ENTREGAS | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | NÚMERO | % | NÚMERO | % | TONELADAS | % |
| GALICIA | 100 | 86,96 | 15.839 | 74,40 | 1.344.850,80 | 63,98 |
| RESTO DE ESPAÑA | 15 | 13,04 | 5.450 | 25,60 | 757.259,50 | 36,02 |
| TOTAL | 115 | 100,00 | 21.289 | 100,00 | 2.102.110,30 | 100,00 |

Comparando o período 2004-2005 co 2005-2006, obsérvase que neste último período hai 25 compradores menos (-21,74%) e as explotacións diminuíron nun 13,26%, mentres que as compras incrementáronse nun 2,05%. O aumento de compras por parte dos compradores domiciliados en Galicia foi do 9,15%, en tanto que diminuíron as compras dos do resto de España nun 10,43%.

A distribución de compradores no período 2004-2005 segundo as compras efectuadas en Galicia indícase no cadro seguinte:

Cadro 4.43.

**COMPRAS DE LEITE EN GALICIA SEGUNDO A CANTIDADE ADQUIRIDA POLO COMPRADOR NA COMUNIDADE AUTÓNOMA. PERÍODO 2004-2005**

| COMPRAS EN GALICIA (TN/PERÍODO) | DOMICILIO SOCIAL EN GALICIA | | | DOMICILIO SOCIAL FÓRA DE GALICIA | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | NÚMERO | GANDEIROS | ENTREGAS (TN) | NÚMERO | GANDEIROS | ENTREGAS (TN) |
| < 100 | 5 | 53 | 139,197 | 0 | 0 | 0 |
| 100 A 500 | 13 | 142 | 3.588,131 | 1 | 16 | 493,747 |
| 500 A 1.000 | 10 | 315 | 7.476,615 | 0 | 0 | 0 |
| 1.000 A 10.000 | 43 | 3.277 | 165.761,679 | 6 | 587 | 22.358,466 |
| 10.000 A 50.000 | 23 | 5.166 | 449.029,784 | 4 | 1.175 | 118.343,391 |
| 50.000 A 100.000 | 3 | 1.845 | 216.958,101 | 1 | 587 | 92.298,754 |
| > 100.000 | 3 | 5.041 | 501.897,330 | 3 | 3.067 | 523.765,144 |
| TOTAL | 100 | 15.839 | 1.344.850,837 | 15 | 5.432 | 757.259,502 |

A distribución provincial de compradores con domicilio social en Galicia figura no cadro seguinte:

Cadro 4.44.

**DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DE COMPRADORES CON DOMICILIO SOCIAL EN GALICIA. PERÍODO 2004-2005**

| PROVINCIA | NÚMERO | COMPRAS (TN) |
|---|---|---|
| A CORUÑA | 38 | 571.360,520 |
| LUGO | 39 | 669.067,333 |
| OURENSE | 9 | 5.040,083 |
| PONTEVEDRA | 14 | 99.382,864 |
| GALICIA | 100 | 1.344.850,800 |

A normativa comunitaria aplicable establece que o número de controis a realizar non poderá ser inferior ao 40% da cantidade de leite declarado no período. A selección de empresas compradoras a controlar realizouna o FEGA mediante unha análise de risco no que interveñen máis de 10 criterios. No caso de gandeiros con vendas directas, a normativa establece que o número de controis non poderá ser inferior ao 5% dos produtores con cota para venda directa. A selección, feita tamén polo FEGA, tivo en conta criterios de risco.

No cadro seguinte resúmense os controis de taxa realizados en Galicia para a campaña 2004-2005.

Cadro 4.45.

**DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DOS CONTROIS DA TAXA NO SECTOR LÁCTEO. COMPRADORES E GANDEIROS: CAMPAÑA 2004-2005. TRANSPORTE: CAMPAÑA 2005-2006**

| PROVINCIA | COMPRADORES | | GANDEIROS | | TRANSPORTE |
|---|---|---|---|---|---|
| | NÚMERO | COMPRAS (TN) | VENDA DIRECTA | ENTREGA | |
| A CORUÑA | 21 | 361.794 | 5 | 25 | 17 |
| LUGO | 20 | 376.122 | 0 | 26 | 19 |
| OURENSE | 5 | 390 | 0 | 4 | 1 |
| PONTEVEDRA | 9 | 64.019 | 0 | 8 | 10 |
| GALICIA | 55 | 802.325 | 5 | 63 | 47 |

Realizáronse 55 controis a compradores con domicilio en Galicia (o 55% do total), cunha entrega de leite de 802.325 toneladas, o que supón o 59% das entregas a compradores con domicilio en Galicia e o 38% das entregas totais de gandeiros galegos.

Tamén se controlaron 63 gandeiros con explotación en Galicia e entregas a compradores e 5 produtores con cota para venda directa no período 2004-2005.

Ademais fixéronse 47 controis ao transporte en toda a comunidade autónoma para o período 2005/2006.

Aparte destes controis, e tamén en relación coa taxa láctea, o FOGGA efectúa controis de asesoramento a compradores en relación coas altas, baixas e declaracións de compras e doutro tipo que deben realizar ao FEGA.

### Liquidación da taxa láctea. Campaña 2005-2006

No mes de agosto de 2006 o FEGA comunicoulles aos primeiros compradores a liquidación da taxa correspondente á campaña 2005-2006, da que se xunta un resumo no cadro 4-46 para o conxunto do Estado e tamén a

correspondente aos produtores con explotación na Comunidade Autónoma de Galicia.

Cadro 4.46.

BALANCE DA LIQUIDACIÓN DA TAXA LÁCTEA.
ENTREGAS A COMPRADORES.
CAMPAÑA 2005-2006

| | ESPAÑA | GALICIA | G/E % |
|---|---|---|---|
| ENTREGAS A COMPRADORES | | | |
| · Produtores con entregas | 30.564 | 16.359 | 53,5 |
| · Cota láctea (EC) (Tn) | 6.025.482 | 2.120.925 | 35,2 |
| · Entregas axustadas (Tn) | 6.064.324 | 2.146.146 | 35,4 |
| SOBRANTES DE COTA | | | |
| · Produtores | 13.568 | 6.507 | 48,0 |
| · Cota sobrante (Tn) | 165.521 | 54.741 | 33,1 |
| REBASAMENTO DA COTA | | | |
| · Produtores | 16.996 | 9.682 | 57,0 |
| · Rebasamento (Tn) | 204.363 | 79.963 | 39,1 |
| · BALANCE (Sobrante-rebasamento) (Tn) | -38.842 | -25.231 | 65,0 |
| LIQUIDACIÓN DESPOIS DA COMPENSACIÓN | | | |
| · Cantidade (Tn) | 13.265 | 3.466 | 26,1 |
| · Importe (€) | 4.100.212 | 1.071.255 | 26,1 |
| RETENCIÓNS A CONTA | | | |
| · Produtores | 16.367 | 9.562 | 58,4 |
| · Importe (€) | 6.302.098 | 2.494.756 | 39,6 |
| PRODUTORES CON TAXA PARA PAGAR | | | |
| · Número | 623 | 198 | 31,8 |
| · Importe (€) | 3.132.368 | 775.768 | 24,8 |

Aínda que o número de produtores con rebasamento de cota en Galicia foi de 9.682, tendo en conta as compensacións coa cota sobrante, as retencións xa practicadas e a decisión do FEGA de non cobrar a cota a gandeiros con menos de 300 € para pagar na liquidación, o número de produtores con taxa para pagar foi de 198, por un importe de 775.768,32 €.

Os produtores con taxa para pagar en Galicia supoñen o 31,8% do total do Estado e o importe a pagar un 24,8% do total, porcentaxes ambas inferiores á que representan os produtores e a cota de Galicia sobre estes mesmos totais no Estado, 53,5 e 35,2% respectivamente.

### Comparación coa campaña 2004-2005

En relación coa campaña 2004-2005, na campaña 2005-2006 cabe salientar os seguintes parámetros que reflicten a evolución da estrutura do sector:

• Unha diminución do número de produtores con entrega a compradores de 18.695 a 16.359, o que implica un descenso de 2.336 (-12,50%).

• Un incremento da cota de venda a compradores, que pasou de 1.994.435,800 a 2.120.925,387 toneladas, cun aumento de 126.489,587 toneladas equivalente a un 5,96% da cota da campaña anterior.

• Un aumento da cota por explotación de 106,680 toneladas a 129,649, o que supón un incremento do 21,53%.

• As entregas de leite a compradores incrementáronse de 2.102.110,300 toneladas a 2.146.146,715,

o que supón un aumento do 2,09%.

• O leite comercializado por compradores con domicilio social en Galicia pasou do 63,98% na campaña 2004-2005 ao 47,91% na campaña 2005-2006.

• Na campaña 2005/2006 198 produtores de Galicia tiveron que facer fronte ao pago de taxa láctea, despois da liquidación praticada polo FEGA e tendo en conta as retencións a conta feitas ao longo da campaña. Na campaña 2004/2005 foran 3.641 os produtores galegos que tiveran que facer fronte ao pago da taxa, o que supón un descenso do 95,6%.

### 4.3.3.2. PRIMA LÁCTEA E PAGOS ADICIONAIS

A prima láctea de 2005 xestionouse no marco da Orde do 24 de xaneiro de 2005 pola que se regula as solicitudes, no ano 2005, de primas gandeiras, prima láctea e indemnización compensatoria, coa colaboración de entidades financeiras.

#### Plan de controis: control de calidade dos controis do 2005

De acordo co establecido no manual de procedemento sobre controis administrativos e no plan nacional de controis de axudas gandeiras para o ano 2005, redactado polo FEGA, o FOGGA aprobou o plan de controis administrativos e sobre o terreo de prima láctea aplicable na Comunidade Autónoma de Galicia na Campaña 2005.

Ditos plans de control establecen que se realizará un control da calidade dos controis sobre o terreo, e para iso faise unha supervisión aleatoria do 2% do total das actas de control da prima láctea da campaña 2005, collendo como mínimo 2 actas por controlador para comprobar a súa correcta redacción, e logo a repetición dos controis sobre o terreo nun mínimo do 50% de ditas actas, segundo se recolle no seguinte cadro:

**Cadro 4.47.**

CALIDADE DOS CONTROIS SOBRE O TERREO NAS EXPLOTACIÓNS DA CAMPAÑA 2005

| PROVINCIA | CONTROIS TOTAIS DE PRIMA LÁCTEA NA CAMPAÑA 2005 | SUPERVISIÓN | REPETICIÓN DO 50% DAS ACTAS NO CAMPO |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 154 | 4 | 2 |
| LUGO | 138 | 4 | 2 |
| OURENSE | 12 | 2 | 1 |
| PONTEVEDRA | 59 | 2 | 1 |
| GALICIA | 363 | 12 | 6 |

### 4.3.3.3. PAGOS ADICIONAIS DO SECTOR LÁCTEO (ART. 69 REGULAMENTO 1782/ 2003)

No ano 2006 xestionáronse as axudas do pago adicional do sector lácteo no marco da Orde da Consellería do Medio Rural de 6 de febreiro de 2006, pola que se regula a concesión de dereitos a agricultores dentro do réxime de pagamento único e a aplicación, no 2006, deste e doutros réximes de axuda directa á agricultura e gandaría, estando incluída esta axuda na solicitude unificada PAC 2006 tramitada coa colaboración de entidades financeiras.

As solicitudes recibidas indícanse no cadro seguinte:

Cadro 4.48.

**PAGAMENTOS ADICIONAIS NO SECTOR LÁCTEO. SOLICITUDES DE PRIMA RECIBIDAS POR PROVINCIA. CAMPAÑA 2006**

| PROVINCIA | PRODUTORES | | COTA SOLICITADA | |
|---|---|---|---|---|
| | NÚMERO | % | TONELADAS | % |
| A CORUÑA | 6.741 | 43,72 | 889.064.912 | 41,79 |
| LUGO | 6.051 | 39,25 | 973.748.576 | 45,77 |
| OURENSE | 206 | 1,34 | 21.049.292 | 0,99 |
| PONTEVEDRA | 2.419 | 15,69 | 243.736.659 | 11,46 |
| GALICIA | 15.417 | 100,00 | 2.127.599.439 | 100,00 |

Presentáronse un total de 15.417 solicitudes cunha cota de 2.127.599.439 quilos, da que un 45,77% foi solicitada por explotacións da provincia de Lugo.

## Plan de controis

Os controis sobre o terreo fixéronse no marco do plan establecido polo FEGA e de acordo co plan redactado polo FOGGA para esta finalidade, sendo o número mínimo de controis a realizar do 2% dos produtores que solicitaron prima láctea no ano 2006.

No cadro seguinte indícanse os controis realizados en Galicia, por provincias, coa colaboración da Subdirección Xeral de Explotacións Agrarias da Consellería do Medio Rural.

Cadro 4.49.

**PAGAMENTOS ADICIONAIS NO SECTOR LÁCTEO. PRODUTORES DE LEITE INSPECCIONADOS. CAMPAÑA 2006**

| PROVINCIA | PRODUTORES | | COTA LÁCTEA | |
|---|---|---|---|---|
| | NÚMERO | % | TONELADAS | % |
| A CORUÑA | 178 | 51,59 | 25.344,35 | 52,22 |
| LUGO | 109 | 31,59 | 16.401,75 | 33,80 |
| OURENSE | 6 | 1,74 | 1.808,15 | 3,73 |
| PONTEVEDRA | 52 | 15,07 | 4.976,21 | 10,25 |
| GALICIA | 345 | 100,00 | 48.530,46 | 100,00 |

O número de controis realizados supón o 2,25% dos produtores que solicitaron pagamentos e o 2,28% da cota solicitada.

## Pagos de axudas aos produtores de leite.

O período de abono para a pago adicional lácteo é do 1 de decembro de 2006 ao 30 de xuño de 2007. No cadro seguinte resúmense os pagos para cada provincia até o 31 de decembro de 2006.

Cadro 4.50.

**PAGAMENTOS ADICIONAIS NO SECTOR LÁCTEO. PRODUTORES, COTA LÁCTEA E PAGOS TOTAIS, POR PROVINCIA. CAMPAÑA 2006**

| PROVINCIA | PRODUTORES | | COTA PRIMADA | | PAGOS TOTAIS | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | NÚMERO | % | TONELADAS | % | EUROS | % |
| A CORUÑA | 6.451 | 44,13 | 813.196.889 | 41,31 | 2.519.735,73 | 41,30 |
| LUGO | 5.726 | 39,17 | 911.974.197 | 46,33 | 2.827.338,74 | 46,34 |
| OURENSE | 194 | 1,33 | 16.064.866 | 0,82 | 49.812,40 | 0,82 |
| PONTEVEDRA | 2.247 | 15,37 | 227.235.415 | 11,54 | 704.606,59 | 11,55 |
| GALICIA | 14.618 | 100,00 | 1.968.471.367 | 100,00 | 6.101.493,46 | 100,00 |

Pagóuselles un total de 6.101.493,46 euros a 14.618 produtores de Galicia, cunha media de 417,39 euros por explotación.

Este importe corresponde a unha axuda unitaria de 3,23 euros por tonelada de cota dispoñible establecida provisionalmente polo FEGA. Poderá existir un pagamento complementario cando se estableza o importe definitivo de acordo co indicado no punto 4.3.2.3. Previamente, en concepto de modulación descontóuselles a todos os produtores un 4% do importe total do pago adicional lácteo, tal e como se reflicte máis adiante. Posteriormente, e antes do 30 de setembro de 2007, os produtores percibirán un pago adicional de modulación de até o 4% dos primeiros 5.000 € dos pagos directos totais, incluída o pago adicional lácteo.

No mapa nº 8 reflíctese a distribución dos pagamentos adicionais no sector lácteo por concellos, podendo observar que en 19 concellos os pagos superan os 100.000 euros mentres en 119 concellos non se reciben pagos por este concepto.

.

MAPA Nº 8



### 4.3.3.4. AXUDAS Á UTILIZACIÓN DE LEITE NOS CENTROS ESCOLARES

Xestionouse esta axuda no marco da Resolución do 27 de decembro de 2005 pola que se regula o procedemento para a concesión das axudas para a subministración aos alumnos de centros escolares de leite e determinados produtos lácteos e se convocan para o ano 2006.

Os produtos subministrados foron, principalmente, leite, iogures naturais e queixos.

Cadro 4.51.

**DISTRIBUCIÓN PROVINCIAL DAS AXUDAS Á UTILIZACIÓN DE LEITE E PRODUTOS LÁCTEOS EN CENTROS ESCOLARES. ANO 2006**

| PROVINCIA | NÚMERO EXPEDIENTES | TONELADAS | EUROS |
|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 62 | 386,458 | 92.020,71 |
| LUGO | 57 | 143,000 | 28.011,40 |
| OURENSE | 55 | 242,373 | 48.735,36 |
| PONTEVEDRA | 43 | 325,811 | 66.858,21 |
| GALICIA | 217 | 1.097,642 | 235.625,68 |

No cadro anterior indícase a distribución de axudas por provincias. No ano 2006 subministráronse 1.097,642 toneladas de produtos e a axuda pagada foi de 235.625,68 euros.

En relación co ano anterior a axuda pagada, diminuíu nun 12,75% e o consumo de produtos diminuíu nun 13,23%.

### 4.3.3.5. INTERVENCIÓN DE PRODUTOS LÁCTEOS

A evolución dos prezos do mercado no sector lácteo no ano 2006 fixo necesaria a continuación das compras de intervención, xa feitas na campaña anterior, para o caso da manteiga pero non para o leite en po.

No cadro seguinte resúmese a variación de existencias ao longo do ano 2006.

Cadro 4.52.

**INTERVENCIÓN DE PRODUTOS LÁCTEOS. VARIACIÓN DE EXISTENCIAS SEGUNDO PRODUTOS. ANO 2006**

| CONCEPTO | MANTEIGA (TN) | LEITE EN PO (TN) |
|---|---|---|
| EXISTENCIAS INICIAIS | 26.398,403 | 0 |
| COMPRAS | 6.305,000 | 0 |
| SAÍDAS (CRUZ VERMELLA) | 9.222,000 | 0 |
| VENDAS | 3.870,400 | 0 |
| EXISTENCIAS FINAIS | 19.611,003 | 0 |

Constátase a diminución do 25,71% da cantidade de manteiga almacenada en Galicia como resultado dunhas compras de 6.305,000 toneladas e dunhas vendas de 3.870,400 toneladas e saída a través da Cruz Vermella de 9.222,000 toneladas.

A distribución das existencias de manteiga entre as catro provincias, indicada no cadro seguinte, supón un 41,39% para almacéns situados na provincia de Lugo, 41,16% para a provincia de Pontevedra e 17,45% para a provincia da Coruña, non existindo almacéns de manteiga en Ourense.

Cadro 4.53.

INTERVENCIÓN DE MANTEIGA. VARIACIÓN DE EXISTENCIAS. ANO 2006

| PROVINCIA | EXISTENCIAS INICIAIS (TN) | VENDAS (TN) | SAÍDAS (CRUZ VERMELLA) | COMPRAS (TN) | EXISTENCIAS FINAIS (TN) |
|---|---|---|---|---|---|
| A CORUÑA | 3.179,553 | 0,000 | 897,000 | 1.138,000 | 3.420,553 |
| LUGO | 12.239,850 | 2.167,000 | 4.216,400 | 2.261,000 | 8.117,450 |
| OURENSE | 0,000 | 0,000 | 0,000 | 0,000 | 0,000 |
| PONTEVEDRA | 10.979,000 | 1.703,400 | 4.108,600 | 2.906,000 | 8.073,000 |
| GALICIA | 26.398,403 | 3.870,400 | 9.222,000 | 6.305,000 | 19.611,003 |

Para o leite en po non houbo compras.

En relación coa xestión de fondos para gastos comerciais, compra e venda destes produtos, o cadro seguinte resume a correspondente ao ano 2006.

Cadro 4.54.

INTERVENCIÓN DE PRODUTOS LÁCTEOS. FONDOS SOLICITADOS E REMITIDOS AO FEGA. ANO 2006

| PRODUTO | FONDOS SOLICITADOS (€) | | FONDOS REMITIDOS (€) |
|---|---|---|---|
| | COMPRA | GASTOS COMERCIAIS | VENDA |
| MANTEIGA | 17.504.613,64 | 4.420.453,69 | 7.603.264,15 |

A partida máis importante corresponde á compra de manteiga, seguida da venda deste produto.

En aplicación do Regulamento (CE) 2148/96 da Comisión, polo que se establecen as normas de avaliación e control das cantidades de produtos agrícolas que forman parte das existencias da intervención pública, antes da finalización do exercicio FEOGA 2006 (16 outubro 2005-15 de outubro 2006) realizáronse os controis nos almacéns frigoríficos, para garantir a conformidade dos datos contables do almacenista cos que constan na Administración, así como para comprobar a presenza física en almacén das existencias dos produtos de intervención que figuran na contabilidade. Estes controis

foron realizados por persoal do FOGGA, acompañado por un representante da Intervención Xeral do Estado, visitándose e inspeccionándose os 14 frigoríficos nos que estaba almacenada manteiga.

Na actuación no 2006 en relación coa actuación no 2005 na intervención de produtos lácteos debe resaltarse o seguinte:

- O aumento de compras de manteiga foi dun 0,99% en peso.
- A ausencia, como na campaña anterior, de compras e almacenamento de leite en po.
- A diminución da cantidade almacenada de manteiga nun 25,71%.
- Os gastos comerciais de manipulación e almacenamento diminuíron nun 37,08% no 2006 en relación con 2005 para este produto.

# Xestión do Sistema de Información

## Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC)

Memoria de actividades

2005

# Xestión do Sistema de Información

Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC)

## 5.1.Obxecto do SIXPAC

O sistema integrado de xestión e control de axudas directas a explotacións da política agraria común estivo composto, desde o seu establecemento en 1993, entre outros elementos, polas solicitudes de axuda e por un sistema alfanumérico de identificación de parcelas, o que permitía a realización de controis administrativos e sobre o terreo.

No caso do Estado Español, o sistema de identificación de parcelas correspondía até o ano 2004 ás referencias catastrais en todo o territorio, pero no ano 2005, por obriga regulamentaria na UE, introduciuse un novo sistema gráfico dixital de identificación de parcelas agrícolas, que utiliza técnicas de información xeográfica.

No Estado Español este novo sistema utiliza ortofotoimaxes aéreas e denomínase Sistema de Información Xeográfica de Parcelas Agrícolas (SIXPAC). No caso particular de Galicia, no ano 2006 o SIXPAC xa estivo operativo en todo o territorio.

## 5.2.Xestión no ano 2006

Durante o ano 2006, tanto o Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), coa colaboración dunha empresa especializada, como o FOGGA continuaron os traballos relativos ao desenvolvemento do SIXPAC para :

- A actualización do contido do SIXPAC a partir das reclamacións presentadas contra a información publicada e da incorporación de nova información alfanumérica.
- A renovación do SIXPAC en 24 concellos.
- A programación dos traballos para a renovación do SIXPAC en concellos adicionais.

No caso do FOGGA os traballos desenvolvidos durante 2006 centráronse nos seguintes aspectos:

- A recollida de reclamacións ao SIXPAC publicado (alegacións e/ou solicitudes de modificación) e a posterior tramitación deses expedientes.
- A integración no sistema das reclamacións aceptadas, por edición directa na base de datos cando implican modificación da información gráfica ou, nos outros casos, mediante o envío ao FEGA de ficheiros de intercambio de información masiva e alfanumérica.
- O envío ao FEGA de diversa documentación e información relativa á renovación do SIXPAC, en particular sobre a incorporación de novas ortofotos e de novas mallas catastrais correspondentes a catastros renovados respecto aos utilizados nos concellos con SIXPAC xa publicado.
- A tramitación das solicitudes de cesión de ortofotos SIXPAC presentadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Nos cadros seguintes reflíctense datos relativos a algúns dos traballos mencionados:

**Cadro 5.1.**

RECLAMACIÓN AO SIXPAC NA CAMPAÑA 2006

| PROVINCIA | TOTAL | | TIPO DE RECLAMACIÓN (*) | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | EXPEDIENTES | RECINTOS | TIPO 1 | TIPO 2 | TIPO 3 | TIPO 4 | TIPO 5 |
| A CORUÑA | 551 | 1.148 | 957 | 2 | 138 | 0 | 2 |
| LUGO | 1.198 | 3.746 | 3.132 | 10 | 552 | 1 | 0 |
| OURENSE | 178 | 448 | 406 | 0 | 41 | 0 | 0 |
| PONTEVEDRA | 499 | 1.461 | 1.040 | 2 | 129 | 1 | 0 |
| GALICIA | 2.426 | 6.803 | 5.535 | 14 | 860 | 2 | 2 |

### (*) Descrición dos tipos de reclamación:

Tipo 1: cambio de uso nun recinto completo.
Tipo 2: cambio de sistema de explotación (secaño/regadío) nun recinto completo.
Tipo 3: partición dun recinto para cambiar o uso en parte del.
Tipo 4: partición dun recinto para cambiar o sistema de explotación (secaño/regadío) en parte del.
Tipo 5: existencia de parcela situada en zona urbana que ten un uso agrícola.
Tipo 6: cambios na morfoloxía da parcela

Cadro 5.2.

## CAMBIOS DE USO EN RECINTOS SIXPAC TRAMITADOS. CAMPAÑA 2006

| | USO PROPOSTO | | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| USO ANTERIOR | AG | CA | FO | FY | IM | IV | PA | PR | PS | TA | TH | VF | VI | TOTAL |
| AUGA (AG) | | | | | | | | 1 | | | | | | 1 |
| VIAIS (CA) | | | | | | | | 1 | 2 | 10 | | | | 13 |
| EDIFICACIÓNS (ED) | | | | | | | | | | 1 | | | | 1 |
| FORESTAL (FO) | | | | 331 | | 2 | 1.060 | 196 | 731 | 421 | 1 | | 1 | 2.743 |
| FRUTAL (FY) | | | 3 | | | | 182 | 11 | 21 | 15 | | | | 232 |
| IMPRODUTIVO (IM) | 1 | | 1 | 35 | | | | 6 | 17 | 39 | | | | 99 |
| PASTO CON ARBOREDO (PA) | | | 15 | 1 | | | | 46 | 59 | 34 | | | | 155 |
| PASTO ARBUSTIVO (PR) | | 1 | 119 | 62 | 1 | 1 | 109 | | 1.037 | 1.125 | 1 | | 3 | 2.459 |
| PASTEIRO (PS) | | | 33 | 55 | | | 67 | 67 | 9 | 30 | 5 | | | 266 |
| TERRA ARABLE (TA) | | | 52 | 49 | | | 37 | 122 | 31 | 7 | 8 | 1 | 9 | 316 |
| HORTA (TH) | | | | 1 | | | | | 2 | | | | | 3 |
| VIÑEDO (VI) | | | | 2 | | | 1 | 3 | 9 | 102 | | | | 117 |
| ZONA URBANA (ZU) | | | 3 | | | | 2 | 4 | 118 | 264 | | | 1 | 392 |
| TOTAL | 1 | 1 | 226 | 536 | 1 | 3 | 1.458 | 457 | 2.036 | 2.048 | 15 | 15 | 14 | 6.797 |

Cadro 5.3.

## AUTORIZACIÓN DE CESIÓN DE ORTOFOTOS SIXPAC A ORGANISMOS DA ADMINISTRACIÓN. ANO 2006

| ORGANISMOS | NÚMERO |
|---|---|
| ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA | 14 |
| ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO | 2 |
| ADMINISTRACIÓN LOCAL | 14 |
| UNIVERSIDADE | 14 |
| OUTROS | 4 |
| TOTAL | 48 |

A xestión das reclamacións ao SIXPAC determinou a actualización do procedemento para ese fin e a mellora das aplicacións informáticas de xestión para: a recepción dos expedientes nas oficinas agrarias comarcais, o seu estudo polos servizos provinciais do FOGGA, o envío por parte destes de información para a edición de recintos no Servizo de Axudas Agrícolas da PAC, a obtención de informes, a resolución dos expedientes e a súa comunicación aos solicitantes e a consideración destas resolucións validación das axudas na propia campaña. Tamén se realizaron cursos nas catro provincias co fin de explicarlles o procedemento de tramitación aos xestores implicados.

As demandas recibidas no FOGGA das ortofotos e outros datos SIXPAC, así como o uso que se está facendo do visor en Internet por parte de todo tipo de usuarios, evidencian que a transcendencia do SIXPAC supera o ámbito da xestión das axudas da PAC.

# Xestión Económica

Memoria de actividades

2005

# Xestión Económica

## 6.1.Xestión do Orzamento

### 6.1.1.ORZAMENTO DE GASTOS. LIQUIDACIÓN

O estado de execución do orzamento de gastos do Fogga (Servizo 11.90. Fondo Galego de Garantía Agraria) a 31/12/2006 é o establecido no cadro 6-1, precisándose, no cadro 6-2 seguinte, o estado de execución dos seus capítulos VI e VII.

Cadro 6.1.

EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DE GASTOS

| CAPÍTULOS | CRÉDITOS INICIAIS | MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS | CRÉDITOS VIXENTES | OBRIGAS | REMANENTE DISPOÑIBLE |
|---|---|---|---|---|---|
| CAPÍTULO I | | | | | |
| GASTOS DE PERSOAL | 3.354.982,00 | 556.265,71 | 3.911.247,71 | 3.635.411,30 | 275.836,41 |
| CAPÍTULO II | | | | | |
| GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS | 845.754,00 | | 845.754,00 | 809.389,11 | 36.364,89 |
| CAPÍTULO IV | | | | | |
| TRANSFERENCIAS CORRENTES | 190.298,00 | 323.041,64 | 513.339,64 | 513.339,64 | 0,00 |
| A XENÉTICA FONTAO | 190.298,00 | | 190.298,00 | 190.298,00 | 0,00 |
| A C.A. DE GALICIA | | 323.041,64 | 323.041,64 | 323.041,64 | 0,00 |
| CAPÍTULO VI | | | | | |
| INVESTIMENTOS REAIS | 2.498.491,00 | -326.442,24 | 2.172.048,76 | 2.158.428,72 | 13.620,04 |
| CAPÍTULO VII | | | | | |
| TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 55.774.187,00 | 135.411.605,53 | 191185.792,53 | 175.614.582,24 | 15.571.210,29 |
| A EMPRESAS. AXUDAS DA PAC | 55.413.782,00 | 135.411.605,53 | 190.825.387,53 | 175.254.177,24 | 15.571.210,29 |
| A XENÉTICA FONTAO | 360.405,00 | | 360.405,00 | 360.405,00 | 0,00 |
| TOTAL | 62.663.712,00 | 135.964.470,64 | 198.628.182,64 | 182.731.151,01 | 15.897.031,63 |

A porcentaxe de execución do orzamento de gastos foi do 91,99%.

Cadro 6.2.

## EXECUCIÓN DO ORZAMENTO. CAPÍTULOS VI E VII

| | PROXECTO | CLASIF. ECON. | CRÉDITOS INICIAIS | MODIFICAC. | CREDITOS DEFIN. | OBRIGAS | REMAN. | MOD. FINAN. |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| INVESTIMENTOS REAIS | | | | | | | | |
| ADQUIS. VEHICULOS | 2002 09801 | 624.1 | 15.000,00 | | 15.000,00 | 15.000,00 | 0,00 | FDOS. PROPIOS |
| ADQUISICIÓNS MOBILIARIO | 2002 09802 | 625.1 | 20.000,00 | -4.000,00 | 16.000,00 | 15.999,97 | 0,03 | FDOS. PROPIOS |
| EQUIPOS PROC. INFORMAC. | 2002 09800 | 626.1 | 36.000,00 | 4.000,00 | 40.000,00 | 39.292,65 | 707,35 | FDOS. PROPIOS |
| REFORMAS EDIFICIOS | 2001 09004 | 632.1 | 20.000,00 | | 20.000,00 | 19.874,13 | 125,87 | FDOS. PROPIOS |
| INMOVIL MATERIAL | 2001 09006 | 640.1 | 2.407.491,00 | -534.531,15 | 1.872.959,85 | 1.872.819,72 | 140,13 | FDOS. PROPIOS |
| IDENTIFICACIÓN PARC. | 2005 00001 | 640.1 | | 208.088,91 | 208.088,91 | 195.442,25 | 12.646,66 | FDOS. FINALISTAS |
| TOTAL CAPÍTULO VI | | | 2.498.491,00 | -326.442,24 | 2.172.048,76 | 2.158.428,72 | 13.620,04 | |
| TRANSFERENC. CAPITAL | | | | | | | | |
| A XENÉTICA FONTAO S.A. | 2002 09701 | 740.0 | 360.405,00 | 0 | 360.405,00 | 360.405,00 | 0,00 | FDOS. PROPIOS |
| AXUDAS PAC | 2002 09702 | 779.0 | 11.277.650,00 | 3.470.147,38 | 14.747.797,38 | 11.529.880,29 | 3.217.917,09 | FEOGA-GA |
| SUPERFICIES | | | | | | | 1.765.278,24 | |
| RESTITUC. ACEITE DE OLIVA | | | | | | | 1.139.521,70 | |
| FORRAXES DESECADAS | | | | | | | 2.333,14 | |
| RESTITUC. SECTOR CEREAIS | | | | | | | 1.229,51 | |
| DEST. VOLUNTARIA E OBRIG. | | | | | | | 145.389,97 | |
| LEITE PARA ESCOLARES | | | | | | | 164.164,53 | |
| PRIMAS GANDEIRAS | 2002 09707 | 779.1 | 44.136.132,00 | 131.941.458,15 | 176.077.590,15 | 163.724.296,95 | 12.353.293,20 | FEOGA-GA |
| TOTAL CAPÍTULO VII | | | 55.774.187,00 | 135.411.605,53 | 191.185.792,53 | 175.614.582,24 | 15.571.210,29 | |
| TOTAL CAPÍTULO VI E VII | | | 58.272.678,00 | 135.085.163,29 | 193.357.841,29 | 177.773.010,96 | 15.584.830,33 | |

## 6.1.2. MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS

Con respecto aos créditos iniciais, as modificacións orzamentarias aprobadas no exercicio ascenderon a un total de 135.964.470,64 euros, conforme ao detalle dos cadros 6-3 e 6-4, e que se especifican individualmente a continuación dos cadros.

Cadro 6.3.

## MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS

| CAPÍTULOS | AMPLIACIÓNS INCORPOR. | BAIXAS | TRANSFER. POSITIVAS | TRANSFER. NEGATIVAS | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| 1.GASTOS DE PERSOAL | 611.265,71 | 55.000,00 | 3.532,00 | 3.532,00 | 556.265,71 |
| Persoal laboral acumulación de tarefas | 534.531,15 | | | | |
| Cuotas seguridade social | 55.000,00 | 55.000,00 | | | |
| Plus funcións persoal laboral | 844,02 | | | | |
| Dotar plus perigosidade acción social | | | 3.532,00 | 3.532,00 | |
| Equiparacións complem. Servizos periféricos | 20.890,54 | | | | |
| 2.GASTOS BENS CORRENTES | 0,00 | 0,00 | 19.000,00 | 19.000,00 | 0,00 |
| Aluguer fotocopiadoras | | | 7.000,00 | 7.000,00 | |
| Adquisicións material oficina | | | 12.000,00 | 12.000,00 | |
| 4.TRANSFERENCIAS CORRENTES | 323.041,64 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 323.041,64 |
| Devolución remanente Tesourería 2005 | 323.041,64 | | | | 323.041,64 |
| 6.INVESTIMENTOS REAIS | 208.088,91 | 534.531,15 | 4.000,00 | 4.000,00 | -326.442,24 |
| Para financiar incremento no capítulo I | | 534.531,15 | | | |
| Adquisicións material informático | | | 4.000,00 | 4.000,00 | |
| Sistema ident. xeográfico parcelas agrícolas | 208.088,91 | | | | |
| 7.TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 135.411.605,53 | 0,00 | 0,00 | 0,00 | 135.411.605,53 |
| Axudas a produtores PAC | 135.411.605,53 | | | | |
| TOTAL | 136.554.001,79 | 589.531,15 | 26.532,00 | 26.532,00 | 135.964.470,64 |

Cadro 6.4.

## DETALLE DAS MODIFICACIÓNS ORZAMENTARIAS

| NÚMERO DE EXPEDIENTE | DATA DE APROBACIÓN | CLASE DE MODIFICACIÓN | IMPORTE | CLASIF. ECONÓMICA | IMPORTE |
|---|---|---|---|---|---|
| TR-11-90-001-06 | 23/01/2006 | TRANFER. NEGATIVA | -3.532,00 | 120,00 | -3.532,00 |
| | | TRANFER. POSITIVA | 3.532,00 | 130.02 | 935,00 |
| | | | | 162.04 | 2.597,00 |
| IC-11-90-001-06 | 31/03/2006 | IMPORT. CRÉDITO | 10.653.923,42 | 779.0 | 10.260.147,38 |
| | | | | 640.1 | 208.088,91 |
| | | | | 779.1 | 185.687,13 |
| AM-11-90-001-06 | 09/03/2006 | AMPLIACIÓN DE CRÉDITO | 534.531,15 | 131.00 | 404.029,59 |
| | | | | 160.00 | 130.501,56 |
| BC-11-90-001-06 | 11/04/2006 | BAIXA DE CRÉDITO | -534.531,15 | 640.1 | -534.531,15 |
| TR-11-90-002-06 | 17/04/2006 | TRANFER. NEGATIVA | -7.000,00 | 213 | -7.000,00 |
| | | TRANFER. POSITIVA | 7.000,00 | 203 | 7.000,00 |
| AM-11-90-002-06 | 05/06/2006 | AMPLIACIÓN DE CRÉDITO | 47.055.717,94 | 779.1 | 47.055.717,94 |
| AM-00-00-002-06 | 06/05/2006 | AMPLIACIÓN DE CRÉDITO | 844,02 | 13 | 649,25 |
| | | | | 160 | 194,77 |
| AM-00-00-001-06 | 18/04/2006 | AMPLIACIÓN DE CRÉDITO | 20.890,54 | 12 | 16.069,65 |
| | | | | 160 | 4.820,89 |
| TR-11-90-003-06 | 07/11/2006 | TRANFER. NEGATIVA | 4.000,00 | 626.1 | -4.000,00 |
| | | TRANFER. POSITIVA | -4.000,00 | 625.1 | 4.000,00 |
| AM-11-90-003-06 | 30/11/2006 | AMPLIACIÓN DE CRÉDITO | 77.910.053,08 | 7.791 | 77.910.053,08 |
| AM-11-90-004-06 | 18/12/2006 | AMPLIACIÓN DE CRÉDITO | 55.000,00 | 160.0 | 55.000,00 |
| BC-11-90-002-06 | 18/12/2006 | BAIXA DE CRÉDITO | -55.000,00 | 100.0 | -55.000,00 |
| AM-11-90-005-06 | 01/12/2006 | BAIXA DE CRÉDITO | 323.041,64 | 450.0 | 323.041,64 |
| TR-11-90-004-06 | 30/12/2006 | TRANFER. NEGATIVA | 12.000,00 | 220.00 | -12.000,00 |
| | | TRANFER. POSITIVA | -12.000,00 | 212 | 12.000,00 |
| | | TOTAL | 136.964.470,64 | | 136.964.470,64 |

Dentro das ditas modificacións, podemos establecer a clasificación entre aquelas que supoñen un incremento dos créditos iniciais, aquelas que supoñen unha disminución e as que non supoñen incremento nin disminución:

### A) Modificacións que supoñen un incremento dos créditos inicialmente aprobados:

1) INCORPORACIÓN DE CRÉDITO por un importe de 10.653.923,42 euros, aprobada o 31/03/2006 dos cales 10.445.834,51 euros son créditos FEOGA-Garantía 100% e 208.088,91 euros son transferencias finalistas do Estado relativos ao proxecto identificación de parcelas agrícolas.

2) AMPLIACIÓN DE CRÉDITO por un importe de 47.055.717,94 euros, aprobada o 05/06/06, (créditos FEOGA-Garantía 100%), coa finalidade de facer fronte, principalmente, aos pagamentos das primas gandeiras e prima láctea.

**3)** AMPLIACIÓN DE CRÉDITO por un importe de 55.000 euros, aprobada con data do 04/12/2006, co obxecto de atender as obrigas de preceptivo cumprimento polo concepto de cotas sociais seguridade social. Para financiar esta ampliación contabilizouse unha baixa de crédito, na aplicación orzamentaria 11.90.614A.100.0 Altos cargos. Retribucións Básicas, polo mesmo importe.

**4)** AMPLIACIÓN DE CRÉDITO por importe de 323.041,64 euros, na aplicación orzamentaria 11.90.614A.450.0 Transferencias correntes á Comunidade Autónoma de Galicia, financiada co remanente de tesourería do exercicio 2005, xustificada pola obrigatoriedade de proceder á súa devolución, ao amparo do previsto no artigo 10 da Lei 7/2005 do 29 de decembro, de Orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2006.

**5)** AMPLIACIÓN DE CRÉDITO por un importe de 534.531,15 euros no capítulo 1 do organismo para a contratación de persoal laboral por acumulación de tarefas.

**6)** AMPLIACIÓN no capítulo I do orzamento de gastos por importe de 844,02 euros incluíndo as cotas sociais , tramitada de oficio pola Dirección Xeral de Orzamentos para dar cumprimento ao acordo do Consello da Xunta de Galicia de data do 15 de decembro de 2005 no que se acordou modificar o punto 2B do Acordo do Consello da Xunta de Galicia de data 25 de maio de 2005, incrementando o plus de funcións para todo o persoal laboral afectado polo IV Convenio Único, con efectos retroativos ao día 1 de agosto de 2005

**7)** AMPLIACIÓN no capítulo I do orzamento de gastos no artigo 12 (soldos do grupo A) e 13 (laborais) por importe de 20.890,54 euros, tramitado de oficio pola Dirección Xeral de Orzamentos con data 22/05/06 para cumprir o acordo do Consello da Xunta de Galicia de data do 26 de maio de 2005, relativo a equiparación dos complementos de destino e específicos do persoal destinado nos servizos centrais e periféricos da Xunta de Galicia.

**8)** AMPLIACIÓN DE CRÉDITO por importe de 77.910.053,08 euros, de créditos Feoga-Garantía 100%, coa finalidade de afrontar os pagamentos de primas gandeiras, prima láctea e pagamento único 2006.

## B) Modificacións que supoñen unha diminución nos créditos incialmente aprobados:

**1)** BAIXA DE CRÉDITO no capitulo VI do orzamento de gastos por un importe de 534.531,15 euros como consecuencia dunha transferencia negativa na aplicación de transferencias de capital ao FOGGA, con destino ao programa "Imprevistos e funcións non clasificadas" para a súa posterior reasignación. Financiou a ampliación de crédito no Capítulo I polo mesmo importe para a contratación de persoal laboral temporal por acumulación de tarefas.

**2)** BAIXA DE CRÉDITO no Capítulo I na aplicación 11.90.614A.100.0 por un importe de 55.000 €, co obxecto de financiar a ampliación de crédito no capítulo I para cotas da seguridade social.

## C) Modificacións que non supoñen incremento nin diminución dos créditos iniciais (transferencias de crédito) polos seguintes importes:

- 3.532,00 euros. Autorizada o 23/01/06, coa finalidade de adecuar os créditos orzamentarios ás obrigas recoñecidas en materia de persoal, polo que se incrementou en 2.597,00 euros o concepto 162.04 para o pagamento de axudas por fillos diminuídos, e o concepto 130.02 en 935,00 euros para atender o pagamento dos pluses de perigosidade e penosidade ao persoal laboral dependente do organismo. Financiouse con remanentes do Capítulo I.

- 7.000,00 euros no concepto presupuestario 203 para proceder ao aluguer e mantemento dunha copiadora e unha impresora por un periodo de 4 anos.

•4.000,00 euros. Aprobada o 07/11/2006 entre conceptos do capítulo VI co obxecto de realizar investimentos necesarios para garantir o correcto funcionamento dos servizos.

•12.000,00 euros. Entre conceptos do Capítulo II co obxecto de realizar gastos necesarios para o bó funcionamento dos servizos.

### 6.1.3.TESOURARÍA

A Secretaría do FOGGA realizou as operacións de contabilidade e tesourería do organismo. Os pagamentos realizados por operacións orzamentarias e extraorzamentarias, con cargo ás contas do organismo (Operativa, FEOGA, MAPA-Xunta e Intervención de mercados), ascenderon a 228.004.427,92 euros, e o número de pagamentos foi de 1.029, co seguinte detalle:

Cadro 6.5.

PAGAMENTOS ORZAMENTARIOS E EXTRAORZAMENTARIOS

| PAGAMENTOS | NÚMERO DE PAGOS | IMPORTE (€) |
|---|---|---|
| ORZAMENTARIOS (EXERCICIO CORRENTE E ANTERIORES) | 314 | 184.607.144,32 |
| EXTRAORZAMENTARIOS<br>(INCLÚE O PAGAMENTO DAS AXUDAS FEOGA-GARANTÍA E MAPA-XUNTA XESTIONADAS POLA CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL, ASÍ COMO AS DE INTERVENCIÓN DE MERCADOS) | 715 | 75.593.088,63 |
| TOTAL | 1.029 | 228.004.427,92 |

## 6.2.Xestión de Axudas Feoga-Garantía

No exercicio das funcións que lle son propias como organismo pagador, no ano 2006 o Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA) tramitou a concesión das axudas con cargo ao FEOGA Garantía -autorización do pagamento- agás as seguintes:

1º) A medida de acompañamento de forestación, tramitada pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais da Consellería do Medio Rural, de acordo coa nova estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia establecida polo Decreto 232/2005, do 11 de agosto e segundo o Decreto 562/2005, do 1 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural e do FOGGA.

2º) O resto das medidas de acompañamento (cesamento anticipado na actividade agraria, indemnizacións compensatorias e medidas agroambientais) tramitadas –fase de autorización do pagamento- pola Dirección Xeral de Estruturas e Infraestruturas Agrarias segundo o Decreto 562/2005, do 1 de decembro.

3º) As axudas á reestruturación e reconversión do viñedo e á apicultura tramitadas –fase de autorización do pagamento- pola Dirección Xeral de Produción, Industrias e Calidade Agroalimentaria conforme ao previsto no Decreto 562/2005, do 1 de decembro.

## 6.3. Execución e Contabilización de Pagamentos

No Decreto 359/1996, modificado polo Decreto 93/1998, atribúenselle ao FOGGA, como Organismo Pagador, as funcións de execución dos pagos e rexistro das operacións con cargo ao FEOGA-Garantía, é dicir, a contabilización, segundo a nomenclatura FEOGA, tanto dos pagamentos como dos dereitos ao seu favor, ademais das garantías e das irregularidades e fraudes.

O Decreto 155/2006, do 7 de setembro, establece que o FOGGA constituirase como organismo pagador en Galicia dos gastos financiados polo FEAGA e polo FEADER, de conformidade co previsto no Regulamento (CE) 1290/2005 do Consello e as súas disposicións de aplicación.Pola Orde do 13 de outubro de 2006 autorízase provisionalmente ao FOGGA como organismo pagador dos fondos europeos agrarios de Galicia.

Por iso, no tocante á execución e contabilización do pagamento, a Secretaría do FOGGA realizou os de todas as axudas FEOGA-Garantía, que ascenden a **175.366.612,42 euros** no exercicio orzamentario FEOGA 2006 (que abrangue do 16 de outubro de 2005 ao 15 de outubro de 2006) e a **210.157.789,93 euros** se temos en conta o período orzamentario correspondente ao ano natural, isto é, dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2006, coa desagregación reflectida nos cadros e gráficos seguintes:

Cadro 6.6.

**PAGAMENTOS DO EXERCICIO FEOGA 2006**

| EXERCICIO FEOGA 2006 (16/10/2005-15/10/2006) | | |
|---|---|---|
| INTERVENCIÓNS EN MERCADOS AGRÍCOLAS | Restitucións por produción no sector cereais | 8.470,49 |
| | Restitucións á produción de aceite de oliva para conservas | 9.973.920,44 |
| | Destilación de viño | 134.120,84 |
| | Reestruturación e reconversión de viñedos | 5.900.780,00 |
| | Forraxes desecadas | 32.666,86 |
| | Distribución de leite a centros escolares | 56.087,84 |
| | Axuda específica á apicultura | 163.088,00 |
| | **INTERVENCIÓNS EN MERCADOS AGRÍCOLAS** | **16.269.134,47** |
| AXUDAS DIRECTAS | Pagamentos por superficie cultivada | 18.420.081,95 |
| | Primas vacún | 67.408.805,86 |
| | Primas ovino-cabrún | 3.912.436,26 |
| | Prima láctea e pagos suplementarios aos produtores de leite | 41.120.851,51 |
| | Prima ás proteaxinosas e leguminosas de gran | 5.060,61 |
| | Importes adicionais de axuda (modulación) | 2.837.268,55 |
| | Condicionalidade | -13.630,83 |
| | **AXUDAS DIRECTAS** | **133.690.873,91** |
| DESENVOLV. RURAL | Xubilación anticipada | 7.295.817,45 |
| | Zonas desfavorecidas | 7.412.567,07 |
| | Medidas agroambientais | 3.374.626,55 |
| | Silvicultura | 7.342.229,40 |
| | **DESENVOLVEMENTO RURAL** | **25.425.240,47** |
| | Importes pagados e recuperados, xuros | -18.636,43 |
| **TOTAL EXERCICIO FEOGA 2006** | | **175.366.612,42** |

Gráfico 6.1.

## PAGAMENTOS EXERCICIO FEOGA 2006. PORCENTAXES




Cadro 6.7.

## PAGAMENTOS DO ANO NATURAL 2006

| ANO NATURAL 2006 (01/01/2006-31/12/2006) | | |
|---|---|---|
| INTERVENCIÓNS EN MERCADOS AGRÍCOLAS | Restitucións por produción no sector cereais | 8.470,49 |
| | Restitucións á produción de aceite de oliva para conservas | 5.779.043,60 |
| | Destilación de viño | 144.003,51 |
| | Reestruturación e reconversión de viñedos | 4.247.958,19 |
| | Forraxes desecadas | 32.666,86 |
| | Distribución de leite a centros escolares | 235.748,60 |
| | Axuda específica á apicultura | 163.088,00 |
| | INTERVENCIÓNS EN MERCADOS AGRÍCOLAS | 10.610.979,25 |
| AXUDAS DIRECTAS | Réxime do pagamento único | 85.605.043,96 |
| | Pagamentos por superficie cultivada | 7.619.240,91 |
| | Primas vacún | 67.128.205,71 |
| | Primas ovino-cabrún | 2.577.370,79 |
| | Prima láctea e pagos suplementarios aos produtores de leite | 795.440,61 |
| | Prima adicional ao sector lácteo | 6.101.493,46 |
| | Prima ás proteaxinosas | 4.669,10 |
| | Importes adicionais de axuda (modulación) | 2.834.185,54 |
| | Condicionalidade | -13.919,36 |
| | AXUDAS DIRECTAS | 172.651.730,72 |
| DESENVOLV. RURAL | Xubilación anticipada | 8.557.781,57 |
| | Zonas desfavorecidas | 7.413.051,89 |
| | Medidas agroambientais | 3.428.315,47 |
| | Silvicultura | 7.515.719,78 |
| | DESENVOLVEMENTO RURAL | 26.914.868,71 |
| | Importes pagados e recuperados, xuros | -19.788,75 |
| | TOTAL ANO 2006 | 210.157.789,93 |

Gráfico 6.2.

## PAGAMENTOS ANO NATURAL 2006. PORCENTAXES



# 7

# Coordinación Financeira e de Procedementos

Memoria de actividades 2005

# Coordinación Financeira

No Decreto 359/1996, modificado polo Decreto 93/1998, ademais de atribuírselle ao FOGGA, como organismo pagador, as funcións de execución dos pagos e rexistro das operacións con cargo ao FEOGA-Garantía tamén se lle atribúen as relacións interadministrativas con outros organismos pagadores e co organismo de coordinación a nivel estatal, o Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA).

O Decreto 155/2006, do 7 de setembro, establece que o FOGGA constituirase como organismo pagador en Galicia dos gastos financiados polo FEAGA e polo FEADER de conformidade con previsto no Regulamento (CE) 1290/2005 do Consello e as súas disposicións de aplicación.

Pola Orde do 13 de outubro de 2006 autorízase provisionalmente ao FOGGA como organismo pagador dos fondos europeos agrarios de Galicia.

## 7.1. Relacións co Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA), na súa calidade de órgano de coordinación

> Peticións de fondos para os pagos efectuados no exercicio FEOGA, 175.366.612,42 euros, que foron 210.157.789,93 euros se tomamos como referencia o ano natural de 2006, en formato ficheiro CFFMIC.

> Comunicacións semanais dos pagos efectuados na semana anterior, en formato ficheiro CFFMIC.

> Resumo mensual por capítulos da nomenclatura FEOGA dos pagos efectuados, en formato ficheiro CFFMIC.

> Estados mensuais de tesouraría da conta fondos FEOGA-Garantía titularidade do FOGGA nº c/c 0182-5920-55-001.600.000.7 e da conta fondos FEOGA-Garantía titularidade da Xunta de Galicia nº c/c 0182-5920-59-001.100.000.2

> Cadro resumo mensual de pagos efectuados e de previsións futuras de pagamentos (cadro 104), en formato ficheiro CFFMIC.

> Previsión bimensual, por quincenas, de necesidades de tesouraría, en formato ficheiro CFFMIC.

> Cadros mensuais de desviacións entre as previsións efectuadas e o importe das axudas realmente pagadas, en formato ficheiro CFFMIC.

> Xustificación dos pagamentos fóra de prazo, en formato ficheiro CFFMIC.

> Comunicación de irregularidades e fraudes: catro veces ao ano en formato ficheiro CFFMIC.

> Cadro 105: Comunicación do libro maior de contabilidade de dereitos (pagamentos negativos): en xuño de 2006.

> Cadro 106: importes retidos por incumprimento de requisitos ambientais mínimos, en base ao artigo 3 do Regulamento (CE) do Consello 1259/1999 (eco-condicionabilidade): dúas veces ao ano.

> Cadro 107: cantidades retidas pola modulación do importe das axudas, con base no artigo 4 do devandito Regulamento: dúas veces ao ano se hai datos que comunicar.

> Cadro 108: utilización dos anteriores importes retidos por este organismo pagador: dúas veces ao ano se hai datos que comunicar.

> Remisión dos ficheiros BDCMIC coa información pagamentos-titulares.

> Remisión da conta anual que inclúe os novos cadros:

Cadro 1: Resumo dos procedementos de recuperación relativos ás irregularidades do FEAGA no último exercicio financeiro: procedementos administrativos.
Cadro 2: Resumo dos procedementos de recuperación relativos ás irregularidades do FEAGA no último exercicio financeiro: procedementos xudiciais.
Cadro 3: Importes de casos individuais vinculados a irregularidades do FEAGA.

## 7.2. Relacións coa Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro

Comunicáronselle, semanalmente, os importes dos fondos solicitados ao FEGA e o importe e número dos documentos contables con fase K, ben financiados con cargo ao FEOGA-Garantía (100%, 75%,

65% ou 33,92%, segundo os casos), ou propios e do MAPA (12,5% e 12,5%, 17,5% e 17,5% ou 49,12% e 16,96%).

Ao mesmo tempo, unha vez recibidos tales fondos, solicitouse que os ingresasen nunha conta do FOGGA, dende a que se transferiron aos beneficiarios das axudas.

## 7.3. Relacións coa Intervención Delegada da Consellería do Medio Rural

Semanalmente, expedíuselle unha certificación das obrigas contraídas no orzamento de gastos do FOGGA, para que puidesen contabilizar os documentos contables ADOK con cargo á aplicación orzamentaria: 11.04.614A.710.0 do presuposto de gastos da Consellería do Medio Rural.

## 7.4. Relacións coas Subdireccións Xerais Xestoras

A Secretaría do FOGGA recibiu as comunicacións semanais das distintas subdireccións xestoras, en canto a necesidades de financiamento, para facer fronte ao pagamento do importe das axudas, xa fiscalizados e contabilizados os oportunos documentos (“ADOK”, “OK” con cargo ao orzamento da Consellería do Medio Rural, “DOK” para as que xestiona o FOGGA), baseándose nas cales elaborou as comunicacións remitidas á Dirección Xeral de Política Financeira e do Tesouro e ao FEGA para a petición dos fondos necesarios.

Por outra banda, a Secretaría, despois de asistir ás reunións de coordinación de organismos pagadores no FEGA, efectúa coas subdireccións xerais xestoras reunións de coordinación internas con carácter periódico.

## 7.5. Relacións coas Entidades Financeiras Colaboradoras

Estas, diariamente, enviáronlle ao FOGGA a información relativa ao movemento das contas correntes nas que se cargaron as ordes de transferencia para o pago das axudas e das entradas dos produtos en réxime de intervención de mercados, con base nas que se contabilizaron tanto os pagamentos como as devolucións habidas.

Así mesmo, mensualmente achegáronlle unha certificación do saldo que consta nas citadas contas correntes e un extracto cos seus movementos.

## 7.6. Coordinación coa Auditoría das Contas FEOGA-Garantía

A conta FEOGA-Garantía é obxecto dunha auditoría externa anualmente, co fin de que a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, como organismo de certificación da conta, emita unha opinión sobre as contas con base na auditoría realizada.

A auditoría efectúase de acordo coas normas de auditoría admitidas internacionalmente e conforme ao artigo 3 do Regulamento (CE) 1663/1995, da Comisión, e é executada co fin de obter garantías suficientes de que a conta FEOGA-G transmitida á Comisión está exenta de erros, e que os pagos son conformes coa normativa europea no que se refire á capacidade do organismo pagador para garantir que a dita conformidade foi comprobada antes de efectuar os pagamentos.

As relacións entre a firma auditora e as distintas unidades xestoras e as que participan dalgunha das funcións do organismo pagador foron coordinadas dende a Secretaría do FOGGA.

## 7.7. Investigación e Visitas de Control

Os organismos pagadores son obxecto de periódicas investigacións e visitas de control por parte da Comisión Europea e doutras institucións co fin de verificar os procedementos específicos de pagamento de axudas FEOGA-G.

Durante o ano 2006 o FOGGA non recibiu ningunha misión específica de control da Comisión Europea ou do Tribunal de Contas Europeo, sen prexuízo da documentación que ao longo do ano lle solicita o FEGA e lle remite o FOGGA en relación con diversas investigacións no contexto da liquidación de conformidade pola Comisión Europea ou outros órganos.

# 8

# Actividades de Apoio

Memoria de actividades

2006

# Actividades de Apoio

## 8.1. Contratación Administrativa

### 8.1.1. CONTRATOS DE SUBMINISTRACIÓN

| | |
|---|---|
| OBXECTO DO CONTRATO | Adquisición dun vehículo |
| SISTEMA DE EXECUCIÓN | Procedemento negociado sen publicidade |
| ORZAMENTO | 21.326.00 € |
| IMPORTE ADXUDICACIÓN | 21.326.00 € |
| ADXUDICATARIO | Noyamovil. S.L. |

| | |
|---|---|
| OBXECTO DO CONTRATO | Sotfware xestor de base de datos relacional e servidor de aplicación web |
| SISTEMA DE EXECUCIÓN | Concurso, procedemento aberto, con trámite de urxencia |
| ORZAMENTO | 110.000,00 € |
| IMPORTE ADXUDICACION | 99.482,00 € |
| ADXUDICATARIO | Softgal Serv Software de Galicia S.A. |

| | |
|---|---|
| OBXECTO DO CONTRATO | Adquisición de dous servidores para a PAC |
| SISTEMA DE EXECUCIÓN | Procedemento negociado sen publicidade |
| ORZAMENTO | 24.000,00 € |
| IMPORTE ADXUDICACIÓN | 22.283,00 € |
| ADXUDICATARIO | Softgal Serv Software de Galicia S.A. |

| | |
|---|---|
| OBXECTO DO CONTRATO | Aluguer e mantemento dunha fotocopiadora e unha impresora de alta capacidade |
| SISTEMA DE EXECUCIÓN | Concurso, procedemento aberto |
| ORZAMENTO | 58.000,00 € |
| IMPORTE ADXUDICACIÓN | 34.480,00 € |
| ADXUDICATARIO | Nea F3 ibérica S.L. |

### 8.1.2. CONTRATOS DE SERVIZOS E ASISTENCIAS

| | |
|---|---|
| OBXECTO DO CONTRATO | Servizo consistente na análise, desenvolvemento e implantación dun novo sistema de información para a presentación de solicitudes de axudas da PAC 2007 vía web |
| SISTEMA DE EXECUCIÓN | Procedemento negociado sen publicidade |
| ORZAMENTO | 30.000,00 € |
| IMPORTE ADXUDICACIÓN | 30.000,00 € |
| ADXUDICATARIO | SERESCO S.A. |

| | |
|---|---|
| OBXECTO DO CONTRATO | Xestión das axudas do programa de actuacións para a aplicación en Galicia da PAC. |
| SISTEMA DE EXECUCIÓN | Por Administración |
| IMPORTE ADXUDICACIÓN | 1.417.350,13 € |
| ADXUDICATARIO | TRAGSA |

| | |
|---|---|
| OBXECTO DO CONTRATO | Realización de traballos de control sobre o terreo das solicitudes de axudas directas de PAC baseadas en superficies e indemnización compensatoria, no relativo á admisibilidade e condicionalidade, correspondentes á campaña 2006-2007 |
| SISTEMA DE EXECUCIÓN | Concurso aberto, con trámite de urxencia |
| ORZAMENTO LICITACIÓN | 243.505,90 € |
| IMPORTE ADXUDICACION | 233.082,00 € |
| ADXUDICATARIO | Esproagro enxeñería S.L. (Lotes nº1 e nº 3) |
| IMPORTE ADXUDICACIÓN | 85.750,00 € |
| ADXUDICATARIO | Proyestegal S.L. (Lote nº 2) |
| IMPORTE ADXUDICACIÓN | 66.000,00 € |
| ADXUDICATARIO | Nortagro S.L. (Lote nº4 ) |
| IMPORTE ADXUDICACIÓN | 81.332,00 € |
| IMPORTE DOS TRABALLOS EXECUTADOS E FACTURADOS | 208.565,90 € |
| ESPORAGRO ENXEÑERÍA | 76.135,90 € |
| PROYESTEGAL | 65.416,12 € |
| NORTAGRO | 24.993,09 € |

## 8.2. Asesoramento e Apoio Administrativo

No campo do asesoramento e apoio administrativo, as tarefas desenvolvidas poderían resumirse así:

**1.** O **apoio directo e inmediato** aos distintos servizos e unidades do organismo, centrais e provinciais, en cuestións técnico-xurídicas, destacando a elaboración e preparación de resolucións do director do Fogga, de escritos, resolucións e disposicións, a actualización da

**2.** normativa vixente que afecta a materias do organismo, a elaboración de notas e informes técnicos, así como as respostas ás consultas verbais permanentes do persoal das ditas unidades.

**3.** O **estudo, elaboración e preparación das distintas normas** que afectaron ao organismo (resolucións de convocatoria de axudas e outras disposicións xerais), así como o seu envío á Secretaría Xeral da Consellería e o seu seguimento ata a súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

**4.** A **tramitación dos recursos administrativos** de alzada presentados ante o presidente do FOGGA, contra as resolucións do seu director, principalmente en materia de axudas, cunha actuación particularizada nos relativos a primas e retirada dos ditos dereitos de prima, cun total de 533 (dos que 73 foron de prima nutrices, 100 de retirada de dereitos, 46 de ovino-cabrún, 80 de sacrificio, 23 de prima especial vacún, 155 de axudas por superficie e 54 afectaron a varias liñas de axuda).

**5.** A **preparación da documentación** de expedientes e as respostas elaboradas, aos requirimentos dos diferentes xulgados e tribunais, e doutros organismos e institucións en cuestións relacionadas co organismo.

**6.** Unha **actuación específica** no seguimento das reclamacións pendentes en materia de taxa suplementaria no sector do leite e dos produtos lácteos aplicadas aos primeiros compradores de leite de Galicia.

## 8.3. Actividades de Formación

En canto ás actividades de formación, no 2006 asinouse un convenio coa EGAP para a celebración de cursos sobre cuestións relativas ao organismo pagador. Ao amparo do dito convenio realizouse o curso denominado "A auditoría interna de fondos comunitarios" (Resolución 7/11/06 – DOG nº 218, do 13 de novembro de 2006).

Ademais, tamén na EGAP, con cargo ao plan FORCEM (Resolución do 21 de marzo de 2006, DOG nº 66, do 4/04/2006), realizouse o curso denominado "A condicionalidade e a nova reforma do PAC DO 2003".

E o FOGGA tamén realizou catro cursos, nas localidades de Vigo, Ourense, Santiago e A Coruña, para os tramitadores da solicitude única e axudas da PAC a través das entidades financeiras.

## 8.4. Coordinación Informática

Durante o ano 2006, as actividades de coordinación informática pódense agrupar nos seguintes apartados que figuran a continuación.

### a) Planificación Estratéxica:

A planificación dos obxectivos da coordinación informática materializáronse nos seguintes apartados principais:

- Implantación da norma ISO/IEC 17799 de xestión da seguridade da información no eido do Organismo Pagador.
- Colaboración no desenvolvemento das páxinas web do Organismo.
- Desenvolvemento de novos sistemas de información para a xestión de novas axudas integradas no Organismo Pagador.
- Control de activos informáticos do FOGGA
- Estudo e análise de iniciativas de seguridade da información no eido das administracións públicas.

### b) Normalización da xestión da seguridade:

No marco de desenvolvemento do proxecto de adaptación da normativa interna de seguridade do Organismo Pagador, o FOGGA propuxo ó servizo de informática da Consellería do Medio Rural diversas medidas para acadar os obxectivos propostos. As propostas principais foran as seguintes:

- Programa de traballo para adaptación á norma ISO/IEC 17799.
- Normativa de Seguridade acorde á ISO/IEC 17799.
- Manual de documentación e control de procedementos.
- Procedemento de xestión de usuarios.
- Procedemento de xestión de solicitudes de desenvolvemento de aplicacións.
- Colaborar co equipo das Consellerías, na elaboración dun análise de riscos e no desenvolvemento dunha documentación homoxénea.

### c) Participación en foros de seguridade:

O FOGGA, a través da Coordinación Informática, participa activamente en foros de seguridade da información:

- Comité de Seguridade da Consellería do Medio Rural
- Grupo de Coordinación de Informática dos Organismos Pagadores.

### d) Colaboración na xestión da Seguridade da Consellería do Medio Rural:

O FOGGA a través da unidade de coordinación informática, colabora activamente na implantación dun sistema de xestión da seguridade baseado na norma internacional BS ISO/IEC 17799.
Dita colaboración concretouse en:

- Proposta da política de seguridade da Consellería
- Proposta de accións formativas aos usuarios da Consellería
- Propostas de procedementos relacionados coa seguridade
- Proposta da metodoloxía de análise de riscos dos sistemas de información.

### e) Control de Activos informáticos do FOGGA:

Co fin de mellorar o control dos accesos ós sistemas de información corporativos de xestión de axudas a Coordinación Informática do FOGGA implicouse no procedemento de xestión de usuarios.

Neste sentido, as principais accións realizadas foron:

- Inventario de equipos do FOGGA
- Mellora no procedemento de xestión de usuarios de activos de información do FOGGA e da Consellería.
- Definición de perfís de acceso ao Sistema Integrado de Xestión e Control por área usuaria.
- Revisión dos perfís demandados polos usuarios nas novas solicitudes.
- Revisión dos usuarios con acceso a determinadas funcións consideradas críticas.

### f) Aplicación da metodoloxía de desenvolvemento Métrica 3.

Trala implantación dunha adaptación da metodoloxía de desenvolvemento de aplicacións mediante a definición de fases e documentación esixible ás empresas externas implicadas no desenvolvemento de sistemas de información, aplicouse dita metodoloxía en proxectos piloto de sistemas.

Desenvolvemento de páxinas web de divulgación da normativa aplicable á xestión de axudas.

